

Os pais de Baamonde levan a protesta polo peche do colexio ata o Parlamento galego

As familias de Baamonde, apoiadas por algunhas de Guitiriz e da contorna, chegaron ata as portas do Parlamento en Santiago para protestar pola decisión de pechar o colexio de Baamonde, reunificándoo co de Begonte, para poñer no seu lugar un conservatorio cando poderían coexistir ambas propostas no mesmo centro. Os socialistas presentaron no Parlamento unha iniciativa para parar o proxecto. Mentres no colexio de Begonte comezaron obras por importe de 600.000 euros para a mellora das instalacións vinculadas á eficiencia enerxética. **Pax 8**

Presión polo futuro pontés

Traballadores das auxiliares e transportistas de Endesa endureceron as súas protestas con encerros e bloqueos indefinidos para incentivar a negociación



A situación nas Pontes derivada do peche da central anunciada por Endesa e que parecía que quedara diluída no tempo volveu poñerse no disparadoiro. Empregados de empresas auxiliares manteñen un encerro continuado nas instalacións mentres os transportistas bloquean as entradas e saídas de persoal e material para forzar unha negociación. Mentres tanto, están á espera da reunión da Mesa, que terá lugar este venres e onde se porá sobre a mesa a viabilidade económica ou non do proxecto de uso de lodos e biocombustibles para darlle unha nova vida á factoría. **Pax 8**

vilalba. O Concello destina 630.000 euros do Plan Único ao rural. **Pax. 2**

friol. Licitan a primeira fase da obra da estrada a Palas. **Pax. 10**

castro. O museo do Castro de Viladonga cumpre 50 anos. **Pax. 17**

muras. O Concello distribúe o Fondo de Compensación en 8 proxectos. **Pax. 21**

abadín. Reparten os primeiros grelos vendidos on line. **Pax. 23**

meira. A Deputación licita a dotación da residencia de maiores. **Pax. 23**

deportes. As ligas de fútbol e fútbol base volven a final de mes. **Pax. 26**

Pablo Bouza gaña o Díaz Castro



O poeta traballa en Culleredo e é natural de Fene. **Pax. 14**

Felpeto presenta 'O Pau de Ferro'



É a primeira novela deste veciño de Cabreiros. **Pax. 23**

Charla co guionista Pepe Coira



O autor da serie Hierro conta os plans de futuro. **Pax. 12**

A Deputación presenta un novo Plan Económico

A Deputación presentou un Plan de Impulso da Economía da Provincia dotado con 7M€, o que supón o 8% dos orzamentos da institución provincial. "Seguiremos contribuíndo a paliar o impacto da pande-

mia con 10 medidas de apoio, promoción e incentivo do consumo nos sectores económicos máis afectados polas restricións sanitarias, sobre todo a hostalería, o turismo e o comercio local", di Tomé. **Pax. 24**



VILALBA
C/ Plácido Peña, 9
Tel. 982 510 100
604 03 20 92

AS PONTES
Av/ Galicia, 91
Tel. 981 451 504
604 02 21 80

NOVALUX
óptica & centro auditivo

Siempre un especialista de confianza a su disposición

oticon

Durante marzo y abril, el segundo audífono con el 50% de descuento

novaluxoptica.com

* Promoción válida hasta 30/04/2021

Suspenden a Feira do Queixo por segundo ano

Ante a situación epidemiolóxica que estamos a vivir desde o pasado mes de marzo por mor da pandemia da covid-19, o Concello de Vilalba e a Asociación de Queixeiros de San Simón da Costa informan da suspensión da tradicional Feira do Queixo de Vilalba no seu formato presencial habitual. Como consecuencia das fluctuacións e impacto desta pandemia na saúde da poboación, con distintos gromos ao longo deste ano, especialmente desde o mes de novembro en Vilalba, ambas entidades veñen de tomar “esta difícil decisión”. “Durante os últimos meses seguíuse con moita incerteza a evolución da pandemia, acordando entre a Concellería de Feiras e Mercados e

a Asociación de Queixeiros agardar para tomar unha decisión en firme. Ante a evolución dos últimos acontecementos, os expertos poñen no punto de mira a Semana Santa, data na que se realizaría a feira, de xeito que a celebración da mesma pode supoñer un fomento da mobilidade pouco aconsellable”, explican. Por outra banda, ao tratarse dunha feira gastronómica, garantir o estricto cumprimento das medidas de seguridade nas habituais catas dos produtos convértese nun punto practicamente imposible de controlar. “Neste senso, calquera outro formato desvirtuaría a feira por completo baixo o criterio dos queixeiros e do Concello”, engaden.

Vilalba reinicia este sábado a programación cultural

O Concello recuperou a programación cultural para os meses de marzo e abril. A programación proposta pretende ser unha oferta para todos os públicos, con espectáculos de diversos tipos e dirixidos a distintas idades. A cultura retomouse o 27 de febreiro cunha homenaxe a Rosalía pero a que resta combinará todo tipo de espectáculos.

A finais de marzo, chegará o turno do teatro, con 22M de Butaza Zero ou coa adaptación de A Lingua das Bolboretas. Monólogos, actuacións circenses ou orquestas completarán

o programa, que conta cunha oferta de 14 funcións. As entradas para os espectáculos poden mercarse de forma online na web: <https://entradasvilalba.es/>. A venta presencial tamén está dispoñible na Casa da Cultura, durante esta semana de 10:30 a 13:30, e a partir do 1 de marzo no seu horario habitual. Ademais, as persoas menores de 3 anos teñen un desconto do 50% no prezo da súa entrada.

A capacidade dos espectáculos cumpre coa normativa da Xunta de Galicia para eventos culturais.

Vilalba destina 630.000 euros do Plan Único a obras no rural

O Concello de Vilalba xa ten decididas as obras e proxectos incluídos nas partidas do Plan Único 2021 da Deputación da Lugo, con 630.000 euros en actuacións para mellorar as infraestruturas do municipio e un importante investimento nas parroquias e as zonas rurais, gasto social e un programa de fomento do emprego.

En concreto, as partidas do Plan Único suporán un investimento conxunto de 271.230,33 euros para obras de reforma e renovación do pavimento en viais de Oleiros (48.387,36 euros), Belesar (68.971,12 euros), Uceira (48.369,53 euros) e Corvelle/Samarugo (57.102,34 euros). Outra actuación, de 48.399,98 euros, servirá para poñer en marcha unha nova zona biosaudable de lecer e xogos na praza da Constitución.

No eido social, haberá 180.000 euros para mellorar e reforzar o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), mentres que 176.809,26 euros irán destinados a un programa de fomento do emprego que permitirá a contratación de dous peóns de obras, un xardineiro, un electricista, un administrativo, un técnico de medio ambiente e outro de turismo.

“Este ano, o Plan Único irá destinado basicamente a renovar as infraestruturas de comunicación do rural, un dos obxectivos do noso grupo de goberno para mellorar a vida dos veciños e veciñas das parroquias, así como para reforzar o gasto social e o fomento do emprego, algo moi necesario nestes tempos de pandemia”, explica Elba Veleiro, alcaldesa..



O proxecto de reforma da praza da Constitución

Un dos proxectos permitirá a rexeneración integral do vial municipal que comunica a zona sur da parroquia de Samarugo coa estrada provincial LU-P-6505, na parroquia de Corvelle. Ten un percorrido lonxitudinal de 3.155 metros e un ancho medio de 3,80 metros.

Tamén haberá traballos no vial municipal que atravesa en dirección norte as parroquias de Sancobade e Goiriz, incluído o barrio de A Uceira, dende a estrada LU-120. Esta vía é o percorrido natural da veciñanza destes núcleos de poboación, en dirección ás principais vías de comunicación cara o centro urbán de Vilalba. En Belesar, as obras realizaranse na vía de titularidade municipal que comeza na estrada provincial LU-P-6511, no núcleo de Aldea, e que discorre en dirección sureste pola parroquia ata o núcleo de Outeiro, onde continúa ata a igrexa de Belesar, na que finaliza a actuación prevista polo Concello.

En Oleiros, a actuación inclúe a limpeza de noiros, rexeneración e sinalización da vía de titularidade municipal 065-010, entre a estrada provincial LU-P-6510 e o límite municipal. Por último, Concello fará obras para a creación dun novo espazo de xogos infantís e biosaudables, co obxectivo de humanizar os parterres existentes na parte oeste da praza da Constitución.

Esta actuación completará o parque infantil existente na praza, recentemente reformado polo goberno local. A intención do concello é a creación dun gran espazo de lecer na principal praza do municipio, con xogos infantís adaptados a todas as idades e aparatos adaptados ao coitado da saúde e da mobilidade das persoas adultas.

“Os proxectos do Plan Único son tamén fundamentais para reactivar a economía local despois destes meses tan duros pola pandemia do coronavirus”, engade a alcaldesa.



Aislamiento acústico
garantía de descanso

ALLPLAS
SISTEMAS DE VENTANAS

info@allplassistemas.es / Tel.: 982 209 505



KÖMMERLING®
Sistemas de ventanas

¿Qué te ofrecen las ventanas con sistemas KÖMMERLING?

• Aislamiento acústico
• Aislamiento térmico

• Ahorro energético
• Materiales reciclables

• Estanqueidad al agua
• Mínimo mantenimiento

• Garantía de 10 años
• Amplia gama de colores

“Debemos estar ao carón deses sectores afectados polos peches”

Presidenta da xestora do Partido Popular de Vilalba, Sandra Vázquez

No pasado mes de decembro de 2020 o Partido Popular de Vilalba presentou a nova xunta xestora do órgano para recuperar a alcaldía nas vindeiras eleccións municipais. Ao fronte deste novo equipo atópase Sandra Vázquez, unha vilalbesa procedente da parroquia de Santa María da Torre, adicada á xestión no sector bancario. Con 34 anos, leva desenrolado a súa traxectoria política nos cargos de concelleira, senadora e deputada autonómica. Agora, afincada na parroquia de Ladra, afronta unha nova etapa na que di contar cun equipo xoven, comprometido e traballador.

Con que obxectivos chega ao cargo de presidenta da xestora do PP?

O obxectivo principal é situar a Vilalba no lugar que se merece, iso so é posible con un goberno do Partido Popular. Para elo é necesario rodearse dun gran equipo no que se vexa representado a maioría dos nosos veciños, en definitiva, un equipo que comprenda a realidade de Vilalba. Un equipo que traballe, que converse e que se preocupe polos problemas das persoas.

Cales son os obxectivos inmediatos?

As circunstancias da pandemia están a dificultar o noso traballo, porque é imprescindible o contacto persoal coas persoas. Sen embargo, temos grupos de traballo orientados nas diferentes áreas, co fin de transmitir a todas ás entidades, autónomos, pequenas empresas as axudas que está a por en marcha a Xunta de Galicia para todos os sectores afectados pola pandemia da covid-19 pero tamén outras entidades que forman

parte do noso municipio. Por poñer un exemplo, o I Plan de Rescate da Xunta de Galicia adicou máis de 267.000€ a través de 154 axudas a o tecido empresarial de Vilalba, e dicir, autónomos afectados pola crise da covid-19.

Cal vai ser a súa liña de traballo a longo prazo?

Levamos case un ano de pandemia, e fai que se ralentice o noso traballo, porque o bo traballo faise escoitando e informando os nosos veciños. Os grupos de traballo dos que falaba anteriormente están orientados a visitar as diferentes entidades, asociacións, empresas que compoñen o noso municipio para escoitar as súas inquedanzas, as súas preocupacións pero tamén as súas necesidades e poder reclamarlas nos diferentes organismos, a nivel local, provincial ou autonómico.

Que cambios quere traer na xestión feita ata o de agora?

Para unha boa xestión é necesaria unha boa organización, e niso traballamos cada día, nun equipo organizado, nun equipo de traballo, nun equipo de ilusión e de compromiso coas persoas de Vilalba.

Foi complicado o cambio de dirección?

Nada é complicado se se quere traballar pero todos os retos son difíciles; recoñezo que contamos con un gran partido que leva demostrado anos de xestión e de goberno.

En que sectores é necesario traballar máis?

Todos os sectores son importantes traballar, pero temos que recoñecer

que estamos inmersos nunha gran crise sanitaria, económica e social a causa da covid19. Por elo, debemos estar ao carón deses sectores que están afectados polos peches dos seus negocios. Dende a Xunta de Galicia, trabállase intensamente, dende o primeiro momento axudando con axudas directas os negocios que están a pasar momentos de liquidez complicados como son os autónomos, pequenas empresas, sector da hostalería, sector cultural e do comercio. O goberno autonómico en menos de 2 meses foi capaz de mobilizar máis de 160M€ e esta semana aprobou 20M€ máis para paliar a baixada nas vendas no comercio.

Cales son os principais problemas que ten Vilalba?

Vivimos nun municipio con un gran potencial, un polígono industrial con un tecido empresarial inmenso composto por múltiples sectores, dende o forestal, industrial, alimentario, eólico, comercial, servizos e pequenos autónomos que o sitúan nun dos máis recoñecidos de Galicia. Un municipio con un sector agrogandeiro do máis importante da nosa comarca que medra en cantidade e calidade. Sectores moi importantes que están a ser recoñecidos a nivel mundial e que están a pasar unha situación moi delicada e, desgraciadamente, non está a ser unha prioridade para o goberno local. Moitas, foron as ocasións nas que instamos o goberno socialista a que axudase os sectores máis afectados a causa da covid19 pero nunca se converteron en realidade. Os problemas non só, son a pouca sensibilidade cos autónomos e pequenas empresas senón a parálise



na que está inmerso o noso Concello. Un goberno sen presuposto municipal, un goberno sen proxecto, un goberno que non resolve os problemas da xente.

Como se expón a relación con outras institucións?

A relación que ás institucións están a ter co Concello de Vilalba creo que é boa, pero simplemente facendo un pequeno percorrido polas inversións que realiza a Xunta de Galicia, pódese observar como hai máis implicación dende a Xunta de Galicia que dende o propio Concello. Facendo un percorrido do ano 2020, por ser un exercicio pechado, a Xunta de Galicia, investiu en Vilalba máis de 7M€. Renovación e abastecemento da Rúa Calvario e Rúa dos Pepes con preto de 200.000€, a compra e inversión en vivendas nas Rúas Ferrería e Concepción Arenal con case 400.000€, a ampliación e renovación do parque infantil da Plaza da Constitución, con 34.000€. En materia de emprego, o orga-

nismo autonómico investiu máis de 360.000€ en obradoiros duais e subvencionando dúas brigadas con motobomba. Sen esquecer, os nosos maiores e os máis pequenos cos servizos de axuda no fogar e a escola infantil da Galiña Azul con máis de un millón de euros. Podería ir desgranando máis en detalle pero creo que o importante é que a Xunta de Galicia inviste en Vilalba pensando sempre nas persoas.

Como se expón o futuro do partido na comarca?

Na miña humilde opinión, neste intre, no que está a pensar o partido é axudar xestionar a crise sanitaria e económica que vivimos a causa da covid-19. Debemos por todo o noso empeño en solucionar os problemas da xente, e sobre todo, daqueles que o están a pasar tan mal, polo peche dos seus negocios.

Como definiría ao equipo que a acompaña?

Compromiso, traballo e ilusión.

ÚLTIMAS 5 VIVIENDAS DE 97 A 112 m²

Edificio céntrico y bien situado

- Ascensor hasta la planta bajo cubierta, zona trasteros.
- Trasteros con ventana exterior y toma para lavadora.
- Fachada ventilada de cantería.
- Instalación fotovoltaica para ahorro de electricidad en la comunidad de vecinos.
- Instalación solar térmica para producción de agua caliente.
- Amplias plazas de garaje.

PIDA PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

982 512 444 - 659 080 853
www.folgueirasinversiones.com



FOLGUEIRAS INVERSIONES SL

Convocada unha nova edición do Certame Literario

O Concello, co afán de estimular a creación poética, convoca o XLVII Premio de Poesía do Concello de Vilalba, enmarcado no Certame Literario anual. Dende a Concellería de Cultura do Concello de Vilalba, fixéronse públicas as bases para participar no certame. O tema do traballo será libre sendo unicamente permitidos poemas orixinais e inéditos en lingua galega, e a súa extensión mínima será de 500 versos, e o premio deste certame poético é de 7000 euros, unha flor e un diploma. A participación é aberta.

Para participar, pódense enviar os traballos nun dos dous formatos: correo tradicional ou online, mediante un documento que se adxunta na web do concello, a data límite é o 4 de xuño. Ademais, os traballos deberán presentarse con pseudónimo.

O Pleno aproba adherirse ao Pacto de Alcaldías para o Clima

O Concello de Vilalba aprobou hoxe en pleno por unanimidade a súa adhesión ao Pacto Europeo das Alcaldías para o Clima e a Enerxía, unha iniciativa internacional que ten como obxectivo reducir as emisións de CO₂, aumentar o uso de enerxías renovables e baixar o consumo enerxético.

A través desta proposta do grupo de goberno, o Concello comprométese a realizar un plan de acción para a enerxía sostenible e o clima. Para a súa elaboración, o concello elaborará previamente un inventario de emisións municipal co obxectivo de obter un diagnóstico de referencia das emisións de GEI (Gases de Efecto Invernadoiro) resultantes do consumo de enerxía, ademais de avaliar os riscos e vulnerabilidades municipais

ante o cambio climático.

Segundo o compromiso, o Concello elaborará un Plan de Acción para o Clima e a Enerxía (PACES) nun prazo máximo de dous anos e reducirá nun 40% as emisións de efecto invernadoiro no 2030.

“Facemos propios os obxectivos da UE e con esta adhesión á iniciativa europea colocamos a Vilalba no mapa europeo de loita contra o cambio climático, e con elo abrimos as portas a mellores oportunidades financeiras para os proxectos locais en materia de clima e enerxía”, explica Rodrigo Pavón, tenente de alcalde do concello.

O Pacto Europeo das Alcaldías para o Clima e a Enerxía é unha iniciativa europea que nace no 2008, á cal se suman voluntariamente gobernos locais e rexionais.

Vilalba Aberta presenta un plan de axudas a autónomos

Vilalba Aberta volve tomar a iniciativa. Un mes despois de que o Pleno acordara por unanimidade a constitución dunha mesa de partidos encamiñada a negociar as bases do tan ansiado Plan Municipal de axudas directas autónomos e empresas; a formación asemblearia vén de presentarlle ao goberno do PSOE unha nova proposta en firme que, tal e como explicou o seu voceiro Modesto Renda “parte da inequívoca vontade de chegar ao necesario consenso e desbloquear a situación de parálise”, toda vez que se “cumpra coa outra parte do acordo e se lle dea voz aos afectados.”

Unha urxente inxección de crédito, que baixo o nome de Programa Municipal de axudas directas a Autónomos e Pemes, Renda propuxo xa en Maio de 2020 e sen éxito, como responsable da área de comercio

no seno do goberno de coalición, e logo de que o PSOE decidira poñer fin ao pacto; Vilalba Aberta defendeu e conseguiu, por dúas veces sacar adiante en Pleno, aínda que sen efectos na práctica en base ao “inexplicable bloqueo do Goberno Local.” “Algo está a fallar cando o titular da última sesión ordinaria é a constitución dunha mesa negociadora, cuxo obxectivo non é outro que o de redactar as bases reguladoras dunhas axudas, non unha, senón dúas veces, aprobadas polo pleno, a iniciativa do noso Grupo Municipal”, lembrou a este respecto un Renda, que “por responsabilidade” preferiu non entrar a valorar o borrador que o propio goberno avanzou esta semana en prensa, lembrándolle ao PSOE “o fundamental de non poñer o carro antes que os bois”.

Novalux lembra a necesidade de revisar vista e oído unha vez ao ano

Novalux é un centro óptico e auditivo con emprazamentos nas céntricas rúas de Plácido Peña en Vilalba e na avenida de Galicia das Pontes. Conta con dilatada experiencia no asesoramento acerca das mellores solucións para problemas audiovisuais e adican un importante esforzo á prevención. Para eles unha revisión a tempo pode evitar problemas futuros ou diagnosticar afeccións prematuramente que eviten deterioros na nosa calidade de vida nun futuro.

A chegada da covid-19 xunto coas limitacións de mobilidade establecida fixeron que moitos cidadáns mudaran as súas rutinas vitais. Desde Novalux lembran a importancia de acoder aos seus centros a facer

unha revisión do seu estado de saúde óptica e auditiva. As xerentes Ana e Estefanía comentan que é fundamental facer “unha revisión da vista que inclúa canto menos unha revisión optométrica e da presión ocular unha vez ao ano”. Inciden no problema da presión ocular xa que se se orixina unha suba de tensión non causa síntomas e os seus danos poden ser irreversibles.

No tocante aos problemas auditivos coa utilización de mascarillas moitas persoas déronse conta de que tiñan unha eiva na calidade de audición ao non poder ver as expresións faciais do interlocutor.

“Observamos un aumento da demanda de solucións auditivas este

última anualidade, moitos dos casos teñen solución; hoxe en día contamos con moitas axudas que permiten unha boa calidade auditiva na meirande parte dos casos, debemos recalcar que somos audioprotesistas e durante todo o horario de apertura do local (de luns a venres de 10:00 a 13:30 e de 16:30 a 20:00 e os sábados entre as 10 e as 13:30 horas) temos un audioprotesista nas tendas. Para realizar as probas pertinentes deben pedir cita, pero se teñen un problema ou urxencia estamos dispoñibles para axudalos”. Recalcan que o chequeo auditivo é sin compromiso e sin coste para o cliente.

Esta tempada en Galicia comezan a aumentar sobremaneira as horas de



luz solar e igualmente os índices de radiación, Novalux recorda que “as gafas de sol non son solo moda, é un elemento fundamental de protección para evitar que unha catarata evolucione tan rápido, para controlar a dexeneración da retina. Son recomendables durante todo o ano. Nesta tempada está a chegar a nova

colección tanto de vista coma de sol, polo tanto é un momento óptimo para achegarse onde nós”. Finalmente indican que o rango de prezos das monturas abarca un segmento moi amplo, para Novalux é importante solucionar os problemas a tódolos clientes, incluso dispoñen de financiación ao 0% ata 12 mensualidades.

EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.

MOTOSIERRAS Y
DESBRIZADORAS DUCATI

DUCATI



CORTACÉSPED CUB CADET

Cub Cadet



HERRAMIENTAS
DEWALT

DEWALT



**RYS
SESACAR**

RECAMBIOS Y SUMINISTROS

RECAMBIOS EN GENERAL - HIDRÁULICA - NEUMÁTICA - JARDINERÍA - VENTA DE MAQUINARIA - SERVICIO DE REPARACIONES

Rúa do Freixo, P-53 - Pol. Ind. Sete Pontes, 27800 Vilalba - Lugo. Tel.: 982 831 105 - 609 392 656 - recambios@sesacar.com

Anuncian obras en Pedreiras, San Román e na praza da Constitución

O Concello de Vilalba anuncia as obras para a creación dun novo espazo de xogos infantís e biosaudables para humanizar os parterres existentes na parte oeste da praza da Constitución.

Esta actuación completará o parque infantil existente na praza, recentemente reformado polo goberno local. A intención do concello é a creación dun gran espazo de lecer na principal praza do municipio, con xogos infantís adaptados a todas as idades e aparatos adaptados ao cuidado da saúde e da mobilidade das persoas adultas.

Para a posta en marcha deste novo espazo de lecer, propónse o acondicionamento da explanada actual, colocando un pavimento amortiguador de seguridade e un novo céspede artificial.

Doutra banda, conservaranse as árbores de maior importancia, resembrarase o céspede natural nas zonas de vexetación e plantarase un peche perimetral vexetal.

Por último, o Concello ten previsto instalar xogos infantís orientados a distintas idades que estarán colocados de forma que se respecten as áreas de seguridade e espazo libre cada un deles. Concretamente, ins-

taláranse unha zona de escalada, unha pista multideporte e un samborí. Ademais, colocaranse aparatos biosaudables, cuxos modelos escolliados permiten mellorar a condición física.

O Concello de Vilalba ten previsto un orzamento de 48.380 euros para este proxecto, que terá un prazo de execución de dous meses.

PEDREIRAS. O Concello acometerá nos próximos meses a renovación da rede dos servizos básicos da rúa das Pedreiras, unha actuación integral que servirá ademais para mellorar a vida dos veciños e veciñas, xa que aumentará de forma considerable a superficie peonil.

En concreto, as obras serán no tramo oeste da rúa, onde o concello fará unha nova rede de abastecemento, un sistema de saneamento separativo (pluviais e fecais) e seccións soterradas para as redes de telecomunicacións e electricidade/gas existentes na rúa.

Como novidade, destacar que dos case 3.000 metros cuadrados da intervención, un 10% serán pavimentos permeables, que permitirán a infiltración directa das augas de pluviais, reducindo a necesidade de

depuración de augas.

Estes espazos formalizaranse como bandas de estacionamento sobre céspede reforzado (pavicésped), o que aumentará a zona verde da rúa, xunto a unha dúcia de árbores autóctonas.

Apóstase desta maneira por un Sistema Urbano de Drenaxe Sustentable (SUDs), que ten como obxectivo recoller parte da auga de chuva para infiltrala no terreo de forma controlada, facendo labores de riego e evitando unha sobrecarga na rede de saneamento e na depuradora.

“É un proxecto integral feito baixo criterios de sustentabilidade, calidade urbana, accesibilidade, seguranza e mellora ambiental, adoitando os últimos estándares europeos para os novos espazos urbanos”, asegura Luis Fernández, concelleiro de Infraestruturas de Vilalba.

Por último, a rúa das Pedreiras incorporará tecnoloxía LED de baixo consumo e novo mobiliario, habilitando un espazo de lecer e descanso para os veciños e veciñas de Vilalba.

ESCOLA ROMÁN. O Concello anuncia os traballos de acondicionamento da vía de titularidade municipal que comunica a escola de Román



Estado do vial de acceso á escola de San Román

coa estrada provincial LU-P-6504, nas parroquias de Román e Árbol.

O vial ten unha lonxitude completa de máis de 11 quilómetros e supón o principal enlace entre diversos núcleos de poboación das parroquias polas que discorre, Sancovade, Goiriz, Román e Árbol. Ademais, a vía é tamén a principal forma de comunicación en dirección ao casco urbano. Dende o punto de comezo do vial, no núcleo urbán de Vilalba ata a zona de acceso ó CEIP Terra Chá, na parroquia de Román, a pavimentación é recente, cun firme en bo estado. Porén, desde ese punto e ata o entronque coa LU-P-6504, o pavimento mostra sinais evidentes de desgaste. Este deterioro débese ao paso do tempo, sumado ás condicións meteorolóxicas da zona e á

densidade de tráfico lixeiro e pesado que soporta.

Dada a situación deste tramo do vial, dende o Concello de Vilalba propónse para a súa mellora a limpeza de noiros, a regularización da superficie e a execución dunha nova capa de firme aglomerado. Por último, tamén se procederá á súa sinalización horizontal e vertical.

Os traballos de acondicionamento deste vial contan cun orzamento de 122.926.07 euros e o seu prazo de execución é dun mes.

O Concello pretende con esta obra rematar a mellora dunha das principais vías municipais. A mellora do pavimento permitirá á veciñanza destas parroquias a comunicación entre o núcleo urbán de Vilalba e a estrada provincial LU-P-6504.

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

MÁS DE 80 AÑOS COMPRANDO MADERA

**COMPRAMOS
MADERA**

PINO Y EUCALIPTO

**VENDA SU MADERA SIN SALIR DE CASA
LLÁMENOS NOSOTROS NOS ENCARGAMOS DE TODO**

HR
*Hijos de
Ramón Rubal*

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL

Abre o prazo para os campamentos urbanos

O Concello das Pontes abriu o prazo de inscrición para participar nos campamentos urbanos de conciliación familiar de Semana Santa, unha proposta da Concellería de Igualdade que ten como obxectivo prioritario permitir ás familias do municipio conciliar a vida laboral, persoal e familiar durante as vacacións escolares de Semana Santa.

Os campamentos, dirixidos a nenas e nenos nados entre 2009 e 2018, desenvolveranse os días 29,30 e 31 de marzo e o 5 de abril, e inclúen diferentes propostas de actividades lúdico-educativas orientadas a promover valores como o respecto mutuo, a tolerancia, a igualdade e a colaboración, encamiñados a facilitar a convivencia entre os/as menores.

As actividades levaranse a cabo en horario de mañá, de 09:00 a 14:00 horas. Hai 30 prazas dispoñibles, sendo necesarias un mínimo de 10 inscricións para poder levar a cabo a actividade e podendo o Concello adaptar a actividade á situación sanitaria por mor do COVID-19, optando por cancelar a mesma ou diminuír o número de prazas para cumprir coas restricións existentes no momento do comezo da actividade. A cota de inscrición é de 10 euros.

As persoas interesadas en inscribir aos seus fillos e fillas nestes campamentos de conciliación familiar deben estar empadroados no Concello das Pontes. As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Municipal do Concello, previa cita nos números de teléfono 667 12 93 89/667 12 93 80, desde o 4 ao 16 de marzo en horario de 08:30 a 13:30 horas, no rexistro municipal. Tamén poderá enviarse por sede electrónica.

Renovan a rúa Pardo Bazán

O Concello das Pontes investirá 356.124 euros, provenientes da Deputación da Coruña, na fase inicial das obras de mellora de servizos e pavimentos na rúa Pardo Bazán.

A execución deste proxecto, aprobado polo pleno municipal, permitirá mellorar a accesibilidade da zona, cumprindo con a normativa vixente, ampliando o ancho das beirarrúas e eliminando os bordos, os desniveis e as ramplas para deixar a rúa á cota do viario, optando pola mesma solución estrutural e estética desenvolvida noutras zonas do casco urbano.

Desde o goberno municipal apun-



A rúa Pardo Bazán das Pontes

tan que “é un proxecto moi ambicioso co que o Concello das Pontes quere devolverlle o protagonismo que, durante moitos anos, tivo

na vila, e revitalizala, encamiñando a mellorar a accesibilidade e ampliar a dotación de servizos da zona” para Galicia.

Benestar social desenvolve un programa de educación familiar

A concellería de Benestar Social desenvolve, desde o segundo semestre do 2020, un programa de educación familiar que ten como finalidade mellorar a situación sociofamiliar das familias que se atopan en situación de vulnerabilidade ou que precisan dun apoio emocional para mellorar as súas capacidades parentais e reducir ou eliminar as carencias ou conflitos. “O obxectivo prioritario das intervencións que se levan a cabo ao abeiro deste programa é proporcionarlles ás familias pontesas os medios necesarios para o desenvolvemento integral das súas funcións e das súas habilidades, fortalecendo os vínculos do sistema familiar, prestándolles axuda persoal, emocional e de

acompañamento na toma de decisións, na resolución de conflitos e na mobilización de recursos propios e da contorna” apunta Tania Pardo, concelleira responsable da área.

O programa, que forma parte da estratexia de inclusión social de Galicia, cofinanciada pola Unión Europea a través do programa FSE Galicia 2014-2020 para promover a igualdade, a saúde e a inclusión social, atende a máis de 30 persoas e preto de 20 familias ademais de a moitos rapaces que solicitan asesoramento, información e orientación sobre recursos, formación ou emprego.

Entre as diferentes actividades que se levan a cabo no programa de educación familiar destacan a atención

individualizada para a detección de necesidades e un plan de visitas domiciliarias orientadas a mellorar as capacidades e habilidades parentais, acompañado do seguimento periódico e personalizado das familias.

Desde o programa tamén se poñen en marcha accións para axudar á creación e mellora das rutinas da vida e á organización das familias na procura de pautas máis saudables, ao fomento do ocio creativo, tanto dentro como fora da unidade de convivencia, ao reforzo e apoio socioeducativo para potenciar o seu desenvolvemento escolar ou ao fomento do voluntariado para potenciar a colaboración e a solidariedade entre os rapaces e as rapazas.

Reparten os premios do Entroido pontés

Coa intención de manter viva a tradición do Entroido na vila este ano o concurso de disfraces do Concello das Pontes adaptouse ao novo escenario presentado pola covid-19, mudando de formato e convertíndose nun Entroido 5.0. D

En fotografía, na categoría Nabizas individual os premios foron para Cupcake de nata e chocolate, O diario de Greg. Descubrindo As Pontes e Unha vikinga namorada da Fraga. Tamén houbo accésit para Robot alieníxena, Skin Hugosovi e Peregrino.

En parellas gañaron Dous irmáns ponteses en conquista da Lúa, A vida no rural e Todo vai saír ben.

Na de grelos individual o reparto foi para O costureiro da avoa, Reunión por videoconferencia dos/as expertos/as na covid-19 e Contaminazione. Houbo accésit para Asalto ao Capitolio e Rodrigo Cuevas En parellas gañou Submarinistas, seguido de The Crown e Os antivirus. En Mada houbo catro premios para O Recunchiño, Venimos del Perú, Polo río abaixo vai e Os monigotes van de ruta por As Pontes. Tamén repartiron accésit para Aladín e Disney.

En vídeo, seguindo o reparto de categorías, en nabizas individual os premios foron para Pelegrín e Brawl Stars. O ataque do León Tiburón. En parellas correponderon a A sirenita e Tritón do Lago das Pontes, Pipi Medias Longas e o Sr. Nilson e Alieníxenas en loita.

En Grelos individual gañou Sombreira tola, seguido de Mafalda e o Mundo e Guerrero. Tamén houbo un accésit para Carrapuchiña Vermella. En Mada o reparto foi para Circo Retro, O Camiño de Santiago pasa por As Pontes, Todo sairá ben e Os ComeCocos. Un accésit foi para Simplemente un plan motivador.

NUEVO SERVICIO

Alquiler de herramientas y maquinaria de construcción y jardinería a particulares y profesionales





MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMIENTO
PABLO RABADE PAREDES

TEL: 982 511 200 | FAX: 982 511 200
WWW.CONSTRUFER.COM

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200

O Concello inicia unha campaña no Día da Muller

O Concello das Pontes iniciou o 8 de marzo a campaña Unha EXPERIENCIA DE COIDADO, CORRESPÓNDECHE escoller a túa, co obxectivo de enxalzar a importancia do traballo de coidados, imprescindibles para o sostemento da vida.

Esta conta cun total de 7 accións, que comezaron co lanzamento dun spot publicitario titulado *Aveciñase unha experiencia de coidado* a través da páxina web e das redes sociais do Concello. Para a continuación lanzar un concurso a través das redes sociais, en colaboración co co-

mercio local, no que se premiará a implicación da veciñanza na campaña

Tamén se puxo en marcha o xogo interactivo, *E ti, es corresponsable?* no que cada persoa participante, tras a realización dun sinxelo test no que que poderá poñer a proba o seu nivel de corresponsabilidade no fogar, descubra unha experiencia de coidado a súa medida.

A campaña tamén contará con actividades na modalidade online dirixidas ao alumnado de todas as etapas formativas, incluídos tres faladoiros en Secundaria.

O Concello abre o prazo para pedir as axudas ao sector hostaleiro

O Concello das Pontes ten aberto o prazo para solicitar as axudas da terceira convocatoria do plan municipal de reactivación económica e laboral (Aprel III 2021) destinado a paliar o impacto económico, social e laboral derivado da crise sanitaria provocada pola covid-19 no sector hostaleiro da localidade.

Ana Pena, concelleira responsable de Industria e Emprego, sinala que “a hostalaría é un dos sectores máis castigado pola pandemia, situación agravada no noso concello polos peches perimetrais do último trimestre que provocaron que os establecementos hostaleiros se viron privados de ingresos para facer fronte aos custos de mantemento da súa actividade e do persoal. Estas axudas directas están deseñadas

para contribuír a paliar, na medida do posible, as afeccións económicas que con motivo da pandemia da covid-19 soporta o sector da hostalaría no municipio.

“Estamos ante unha situación de extraordinaria complexidade que require de todo o noso esforzo e dunha rápida resposta por parte das administracións. O sector precisa da nosa implicación, máis que nunca, para facer fronte á incerteza que ameaza o mantemento do emprego. Desde o ámbito público debemos poñer en marcha medidas, de forma áxil, que poidan axudar a paliar as dificultades que está atravesando o tecido hostaleiro, e as inevitables consecuencias que isto supón para as familias pontesas vencelladas ao sector” apunta pola súa banda, Ele-

na López, concelleira responsable da área de Hostalaría.

O Plan Municipal Aprel, nesta terceira convocatoria, contempla unha cota de ata 600 euros para persoas físicas ou xurídicas, con ou sen traballadores ao seu cargo, con actividade no sector da hostalaría.

Entre os gastos subvencionables atópanse a cota da seguridade social, arrendamentos e canons, reparacións e conservacións, servizos profesionais independentes, gastos de subministración o mantemento das comunicacións así como as cotas de préstamos ou amortizacións.

As solicitudes poden presentarse por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello, nun prazo de 20 días hábiles a partir do día 24 de febreiro.

A piscina municipal terá novo regulamento



O concelleiro Chicho Tembrás, responsable de área

O Concello das Pontes aprobou, por unanimidade, durante a sesión ordinaria do pleno municipal, o novo regulamento interno da piscina municipal.

“Este documento ten como obxectivo regular o uso e funcionamento da piscina municipal promovendo o acceso da cidadanía ao deporte, atendendo aos principios de igualdade e non discriminación” apuntou o concelleiro responsable da área Chicho Tembrás. Así mesmo, está orientado a propiciar o ensino da natación a través de cursos de diferentes niveis e a ampliar a oferta de servizos deportivos aos que terá acceso á cidadanía.

Entre as novidades deste regulamento destacan as novas normas de uso das instalacións, establecendo normas de carácter xeral e básicas e outras específicas para os vestiarios de persoas adultas e normas de uso para os vestiarios para as crianzas, que serán de carácter mixto, para nenos de ata 7 anos e nos que só se permitirá a entrada dun/ha acompañante por menor. Esta nova normativa establece tamén as normas básicas de uso da nova zona spa, na que será obrigatorio respectar o espazo de outras persoas usuarias, manter condutas

correctas e respectar os protocolos e tempos de uso recomendados nos diferentes circuitos.

Tamén establece as normas básicas e imprescindibles para garantir o bo uso da nova sala de fitness, regulando o tempo de uso dos aparellos da zona cardiovascular en horas puntas, a limitación do uso da sala e dos seus materiais cando existan reservas previas ou cando sexan empregados durante algún curso. Regula así meso as condutas non permitidas tales como a inxesta de alimentos sólidos ou a entrada con mochilas ou bolsas.

Outras cuestión que contempla o novo regulamento é a normativa relativa á reserva de actividades ou servizos que requiran dun espazo físico específico, as normas relativas a relación de cursos e das actividades dirixidas que se poidan levar a cabo nos diferentes espazos deportivos cos que conta a instalación municipal así as normas de uso para colectivos (ampas, clubs deportivos) e establece tamén o réxime disciplinario, establecendo infraccións de carácter leve, grave ou moi grave que poden levar aparelladas a perda do dereito ao uso da instalación e multas económicas.

As Pontes súmase á rede solidaria do Fondo de Cooperación

Elena López, concelleira de Turismo nas Pontes participou na reunión anual da rede solidaria do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Neste encontro, realizouse un balance das actividades levadas a cabo durante o ano 2020 na área de fortalecemento e acción institucional para captar novos socios así como na área Sensibilización e Comunicación, na que se traballou para formar, informar e sensibilizar sobre temas de solidariedade, dereitos humanos e obxectivos de desenvolvemento sostible aos concellos socios. Tamén se fixo un repaso aos proxectos de cooperación apoiados no ano 2020 entre os que destacan o proxecto de emerxencia contra os



impactos do coronavirus nos municipios mozambicanos ou o financiamento de equipamento informático. Elena López, durante a súa quenda de palabra, expuxo a experiencia da participación do Concello das Pontes

no foro en liña Localizando a Axenda 2030 no que se analizou o papel dos municipios para facilitar a implementación dos ODS no eido local a través da participación dos diferentes actores do territorio.

Guau, que rebaixas!

adamo
Fibra · Móbil · Fixo

REBAIXAS

50%

ATÉ O VERÁN

En TODOS os
paquetes de fibra



Fibra 1.000 Mb



Móbil 23 GB

22€/mes
durante 6 meses

IVE e cota de liña incl. (despois 44€/mes)



Chama
gratis ao
900 651 679



Reunión do alcalde e a concelleira con membros de Asime

O Concello estuda con Asime novos proxectos industriais para a vila

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, xunto coa concelleira responsable de Industria, Ana Pena, mantiveron un encontro con Enrique Mallón e Rebeca Acebrón secretaria xeral e vicepresidenta da Asociación de Industrias del Metal y Tecnologías Asociadas de Galicia co obxectivo de establecer un marco de colaboración que permita a atracción de novos proxectos cara o municipio. González Formoso, apuntou que “atopámonos nun momento crucial para o futuro do nosa vila, é un momento no que é preciso aproveitar todos os recursos dispoñibles para promover a industrialización, tanto do municipio como da nosa comarca. Contar coa colaboración dunha entidade coa envergadura de Asime, ofrecéndose a poñer á nosa disposición de todas as ferramentas e recursos dos que dispón, ten unha gran importancia para atraer actividade industrial cara As Pontes”. Pola súa banda, desde ASIME, Enrique Mallón subliñou que “nos últimos anos asistimos a un progresivo debilitamento do noso tecido indus-

trial. Agora é o momento de colaborar entre todos para atallar esta situación, facendo valer o enorme potencial desta zona e conseguindo que recaian fondos europeos, especialmente aqueles ligados á transición xusta. Desde Asime estamos poñendo en marcha varios proxectos tractores e presentaremos un volume relevante de proxectos nos próximos meses que perseguirán a transformación do sector do metal galego. Temos unha industria forte cun enorme know-how temos que traballar para facela atractiva a investimentos e facilitar esas posibilidades”

A través desta colaboración, Asime establecerá canles de comunicación coas 600 empresas asociadas coas que conta en toda Galicia para amosar as potencialidades do municipio, colaborará co Concello na posta en marcha de plans de formación orientados a xeración de emprego, ofrecendo tamén a posibilidade de avaliar a repercusión de calquera proxecto industrial que se instalase nun futuro no municipio.

Apoio a un novo asentamento empresarial

O Concello das Pontes amosa a súa satisfacción polo asentamento do grupo IP Ingeniería no municipio, xa que, en palabras da Concelleira de Industria, Ana Pena “reforza o potencial das Pontes como un dos principais asentamentos industriais do sector metalúrxico en Galicia. Á instalación deste novo centro de produción internacional súmanse a decena de empresas locais que se fixeron un oco no sector e que sosteñen preto de 300 postos de traballo”.

Así mesmo, Ana Pena, fai fincapé en que “este asentamento evidencia os innumerables recursos cos que conta o noso municipio; a proximidade ao porto, a rede de infraestruturas de comunicación, os recursos naturais dispoñibles, os recursos humanos cualificados, unha importante cultura industrial, etc, e que converten a As Pontes nun lugar idóneo para o desenvolvemento e asentamento de distintas actividades industriais”.

Transportistas e auxiliares volven facer visible o futuro de Endesa

A situación nas Pontes derivada do peche da central anunciada por Endesa e que parecía que quedara diluída no tempo volveu a poñerse no disparadoiro. Foron os primeiros en volver ás protestas os empregados das empresas auxiliares que comezaron cun peche nas instalacións da fábrica, peche indefinido e que se mantén coa presenza constante de media ducia deles de forma constante. A covid foi a causante de que tivesen que reducir estas concentracións polo risco sanitario.

Foron eles tamén os que durante una noite sorprendéron cun corte de estradas durante a madrugada, corte no que quemaron pneumáticos como medio de protesta.

Sumárase tamén a esta situación o colectivo do transporte que comezaron a mobilizarse bloqueando os accesos á central cos seus camións. Este bloqueo, tamén indefinido, foi crescendo de intensidade nas xornadas seguintes ata chegar a bloquear o acceso á central dos turnos que tiñan que traballar.

No faltou neste tempo tamén una manifestación polas rúas da localidade á que se sumaron de novo traballadores, veciños e representantes do empresariado.



Vista do corte dende a planta 9 da central

Os colectivos seguen esixindo medidas que garantan o emprego a todos os afectados polo peche da central de Endesa.

Así mesmo, a mesa de seguimento reunírase de novo este venres, día 12, para valorar a viabilidade económica do proxecto de biocombustibles, despois de que os informes técnicos de Idae, Inega e Concello conclúsen que é viable técnica e medioambientalmente, malia as declaracións unilaterais de Endesa de que non era así.

Mentres, os grupos con representación no Parlamento galego —PPdeG, BNG e PSdeG— aprobaron no pleno deste martes unha iniciativa que reitera o acordo alcanzado o

pasado día 16 de febreiro no Congreso dos Deputados para que se garanta o emprego na central térmica das Pontes e reivindicar unha transición xusta para a comarca de Ferrol, promovendo proxectos de futuro.

Xa antes, o Congreso dos Deputados aprobou unha iniciativa do BNG en defensa dos postos de traballo das empresas, directa e auxiliares, de Enel-Endesa nas Pontes. A demanda abrangue tamén garantir o desenvolvemento de novos proxectos industriais para a comarca de Ferrolterra enmarcados no proceso de transición xusta a través dun calendario de accións a realizar e con financiación definida.

As Pontes continúa co programa cultural

O Concello das Pontes continúa esta semana co seu programa cultural. O xoves 11 haberá teatro para nenos a cargo de Apiario ás 18.00 horas na Casa Dopeso, o sábado 13 proxecciónase a película *Somos Criminales* ás 17.00 e ás 19.00 horas no Alovi.

Xa o día 20 e ás 18.00 horas, e tamén no Alovi, será a hora de Educa Teatro Producións e o seu espectáculo *O mundo máxico de Pinocho*, e na Casa Dopeso poderase desfrutar da película *Lúa Vermella* ás 17.00 e as 19.00 horas. E o venres 26 a compañía de teatro Chévere representará *Curva España* ás 20.00 no Alovi.

O día 27 de marzo haberá un concerto de Malevaje ás 19.00 horas, o día 31 tamén ás 19.00 horas Gallaecia All Stars presentará o seu espectáculo *Mellor e mellor*, e xa o 10 de abril será a actuación de María José Llergo. Todas estas actuacións será no Alovi.

O CIM recibiu 1.429 consultas o ano pasado

O Centro de Información á Muller (CIM) recibiu, ao longo do ano 2020, un total de 1.429 consultas de información e atendeu a 226 persoas, tanto presencial como telefónicamente.

Un total de 103 consultas corresponderon á área xurídica e 1.279 á área psicolóxica e dirección do CIM. No caso da área xurídica, a maior parte das consultas estiveron vencelladas co dereito de familia (réxime económico matrimonial, divorcios, unións extramatrimoniais) e o dereito civil (herdanzas e sucesións, vivenda, alugueiro ou incapacitacións).

As consultas relacionadas cos permisos de residencia, a calificación da discapacidade ou as condicións laborais tamén ocuparon un lugar destacado xunto coas consultas relacionadas coa violencia de xénero e a prestación de xustiza de balde. Polo que respecta á área psicolóxica, a atención prestada centrouse en terapias e seguimento psicolóxico, tanto individuais como en grupo, terapias coa parella así

como na atención a mulleres vítimas de violencia de xénero e en ofrecer información sobre os recursos existentes no municipio en relación coa teleasistencia, cos programas de axuda para a conciliación familiar, etc.

O traballo da área de atención psicolóxica do CIM estivo encamiñado a realizar un diagnóstico da situación persoal das usuarias e facer un seguimento personalizado para, desde diferentes ámbitos, ofrecer solucións aos problemas polos que acudiron ao CIM, ofrecéndolles unha intervención integral.

O servizo, no que actualmente traballan unha psicóloga e unha avogada, ten como obxectivo prioritario a promoción da igualdade e a loita contra a violencia de xénero e así, xunto coa atención directa, desde o CIM puxéronse en marcha diferentes actividades informativas e formativas de cara á sensibilización da veciñanza no principio de igualdade e a prevención da violencia de xénero en todos os ámbitos.

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA - SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba

Tlf 982 523 649 - 982 523 601
619 41 53 56 - 650 61 12 60

ALÉN



PLAN DE **IMPULSO** DA **€**CONOMÍA DA PROVINCIA DE LUGO

➔ **10 medidas de apoio** directo aos sectores produtivos máis afectados pola crise da Covid-19: hostalería, turismo e comercio

- 1 Bonos de apoio á hostalería e ó comercio local
- 2 Coñece a túa provincia
- 3 Saborea a túa provincia
- 4 Fomento das viaxes en catamarán pola Ribeira Sacra
- 5 Ampliación do programa Lugo Termal
- 6 Axudas directas a colectivos para a promoción do territorio
- 7 Colaboración directa co tecido asociativo da provincia
- 8 Dixitalización de autónomos e PEMES
- 9 Mellora da inserción laboral
- 10 Formación para mozos desempregados

7M€ - 8% DO ORZAMENTO PROVINCIAL



DEPUTACIÓN
DE LUGO

EN
LUGO
SI



AGENDA
2030

O Concello investirá 400.000 euros en estradas das parroquias

O Concello de Friol anunciou a disposición de 400.000 euros para a mellora de estradas en diferentes parroquias do termo municipal.

Debido á gran extensión do municipio e á gran cantidade de pistas e estradas que unen as trinta e dúas parroquias, o Concello de Friol comprométese “a seguir investindo na mellora das mesmas, xa que debido ás adversas condicións meteorolóxicas que ocorren con frecuencia, o tráfico diario e o paso do tempo afectan ao estado das estradas”.

Segundo explicou o alcalde, José Á. Santos, con estas obras “dun importante valor para a zona rural do Concello”, pretende mellorar as condicións tanto nos accesos aos núcleos de poboación como ás explotacións agrogandeiras, “e facilitarlle a vida aos veciños que debido á súa actividade gandeira teñen que utilizar estes accesos constantemente, o Concello está a facer importantes esforzos para levar a cabo as melloras necesarias en todas as parroquias”.

Nesta ocasión, o concello de Friol realiza un investimento a cargo do Plan Único de 350.000 euros para optimizar as infraestruturas que máis o precisan. A esta cantidade hai que engadir uns 50.000€ que son os custes de redacción dos dous proxectos e a dirección de obra de ambos, financiados tamén desde o Concello con fondos propios. A lista de accesos incluídos no primeiro proxecto no que se pretende actuar son: na parroquia de Xiá a Souteiro, dende Carballo por Casanova e ata O Alto, desde Carballo ata os núcleos de Bernadal e Freiría, na parroquia de Ousá, preténdese ac-



Operarios traballando nas obras das vías rurais de Friol

tuar nos accesos o Portonovo, tamén na parroquia de Prado na entrada da Devesa e no parroquia de Villavite nas entradas de Castrodá e Cerracín. O segundo proxecto inclúe actuar na parroquia de Condes nos accesos a Xulacasa, en O Pacio accesos e A Grella, a estrada que limita co Concello de Guntín, así como os accesos que comunican O Burgo e Pico co Centro Social da mesma parroquia.

80.000 EN OBRAS. O Concello de Friol, continua inxectando fondos co obxectivo de seguir investindo no plan municipal de rexeneración do pavimento dos viais municipais. Así, lévanse a cabo os traballos necesarios para realizar dúas obras no Concello de Friol, que suman case 80.000 € entre as dúas, e que se financiarán con cargo ao sobranse do Plan Único, e serán dous proxectos catalogados como contratos menores.

A primeira proxecto en executar será o acondicionamento do pavimento para posteriormente proceder co aglomerado en quente da estrada de acceso á Cooperativa Aira, asentada na Finca As Coutadas.

O segundo proxecto, trátase do acondicionamento de varios tramos de estradas, entre os que se atopan o acceso ás Casas da Noite, en Friol, a pista que vai desde Montecelos, na parroquia de Narla, ata a parroquia de Lea, e por último o acceso á Casa de Costa na parroquia de Bra. Son dous proxectos de gran importancia para a poboación de Friol, pois trátase de realizar melloras e mantementos de camiños municipais que benefician ás parroquias de Friol, Narla, Lea e Bra, e en xeral a unha gran parte da veciñanza, porque ata a cooperativa, por exemplo, achéganse todos os días persoas de todo o municipio, ademais dos traballadores que teñen que asistir ao seu posto de traballo na mesma, e incluso diferentes clientes de distintos municipios.

Actualmente, debido ás condicións normais do tráfico, o paso de maquinaria agrícola ou para traballos forestais, as condicións atmosféricas e o paso de tempo, as estradas obxecto do proxecto fóronse deteriorado considerablemente, resultando complicado o paso en algunhas zonas.

Friol, no Amazon Rural



O Concello de Friol será o primeiro da provincia en pasar a formar parte do proxecto coñecido como Amazon Rural. O proxecto ten a súa meta na unión entre a plataforma compraenriol.com, que o Concello impulsou ao comezo de esta pandemia sanitaria, e o portal de vendas ruralsell.com. Os locais comerciais de Friol xa dispoñen dunha plataforma dixital centralizada para os seus negocios. Agora trátase de abrir un mercado dixital no que poderán ampliar as súas expectativas, e unha gran axuda para facer fronte á difícil situación que atravesan en estes momentos.

Dende o equipo de Goberno resaltan a importancia do proxecto, porque como di o alcalde José Ángel Santos “non estar nas plataformas dixitais equivale a non estar presente para moitos posibles clientes”.

O presidente da asociación Envaco, José González, asegura que “este mercado dixital funciona igual que

Amazon, é unha única tenda formada por diferentes tendas”.

O funcionamento da web é moi sinxelo e animan a todos os comercios locais a adherirse a esta iniciativa para aproveitala ao máximo. “Sobre todo en esta situación na que os mercados físicos teñen as súas restricións debido á covid-19”. Cada autónomo, empresa, comercio adherido ao proxecto terá unha tenda virtual individual, un espazo de hosting con correo, un subdominio ou dominio do negocio, unha integración de TPV de pago online, asesoramento inicial, curso formativo con primeiros pasos de uso, micro-tenda na web de comercio Global Ruralsell, descontos e accesos a axudas para a reactivación e dixitalización, apoio á creación de StartUps e emprendedores. Esta iniciativa lévase a cabo en aras de un comercio rural unido que poida facer fronte ás grandes plataformas de venda online existentes.

Licitan a primeira fase da obra da estrada a Palas

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitou a primeira fase das obras de mellora da estrada autonómica LU-231, entre Friol e Palas de Rei, que suporán un investimento de 3 millóns de euros.

A Plataforma de Contratos Públicos da Xunta publicou a licitación da primeira fase das actuacións por importe de 2,6 millóns de euros. Tamén licita o contrato de asistencia técnica á dirección para o control e vixilancia, incluído a coordinación da seguridade e saúde da obra, cun orzamento de 189.400 euros. O investimento elévase ata os preto de 3 millóns tendo en conta as expropiacións das fincas.

As empresas interesadas teñen de prazo ata o vindeiro 5 de abril para presentar as súas ofertas. Esta primeira intervención executarase dende o comezo da vía na travesía de Friol ata o acceso a Castrelo en

Palas de Rei. Suman 9,4 quilómetros -practicamente a metade la lonxitude total- que discorren polo concello de Friol salvo os últimos 500 metros. A actuación conta cun prazo de execución de 12 meses.

O proxecto inclúe a ampliación da plataforma e outras melloras como a corrección do trazado nalgúns puntos, suavizando as curvas de menor radio. A sección da estrada ten actualmente un ancho aproximado de 5 metros, polo que os carrís son estreitos e non contan con beiravías. Esta sección ampliarase ata os 8 metros, con dous carrís de 3,5 m de ancho cada un e beiravías de 0,5 m, salvo na zona con máis edificacións.

A Consellería ten en marcha o proceso expropiatorio, e neste momento estase realizando o traballo de campo para proximamente citar aos propietarios e levar a cabo o levantamento das actas.

PROXECTOS DE MOBLES MODULARES



Adaptados as necesidades e dimensións de cada dormitorio, tanto xuvenís coma de matrimonio



Tamén Vestidores e incluso Espazos de teletraballo

ASESÓRATE CON NÓS!

PLAmoble

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

friol

Reclaman o amaño da vía entre Friol e Narla



Membros do PP e o alcalde de Friol, na vía obxecto de protesta

“O pésimo estado no que se atopan moitas das estradas que dependen da Deputación é motivo de numerosas queixas veciñais en toda a provincia de Lugo”, aseguran dende o Partido Popular que explica que unha das vías que se atopa en moi mal estado é a que enlaza Friol con Narla (LU-P 2106), no Concello de Friol. O portavoz provincial do PP, Javier Castiñeira, visitou esta estrada, acompañado polo alcalde, José Ángel Santos, e recolleu as queixas dos veciños, “que din que se senten marxinados pola Deputación”. O portavoz popular sinala: “Está claro que Tomé equivocouse co seu delegado de Vías e Obras, porque, ademais de non facer ben o seu traballo, o delegado ten moi pouca delicadeza cos alcaldes da provincia: acúsaos de maniobreiros por defender aos seus veciños e inventa películas e conspiracións patéticas para xustificar a súa incompetencia, como pasou en Carballo”. Castiñeira sinala: “O delegado de Vías e Obras do señor Tomé, que é o mesmo señor Tomé, ademais é sectario no trato cos lucenses, e preocúpanos especialmente o

trato discriminatorio cos concellos pequenos. É o mesmo delegado de Tomé que no pleno afirmou que non habería máis ampliacións de estradas no rural, porque, segundo dixo, cada vez hai menos xente; é o mesmo que aseveraba que, se valeron antes, valerán agora; é o delegado que decide que estradas se arranxan baixo criterios políticos, de amizade ou simpatía”. Os populares din que “mentres nuns concellos a Deputación aglomera en quente quilómetros e quilómetros de estradas provinciais e empresta día si e día tamén a maquinaria do parque móbil, hai outros concellos máis humildes totalmente abandonados, que non ven as máquinas de cores azul e gules dende hai anos e nos que apenas se fan traballos de mantemento”. Castiñeira explica: “visitamos a estrada que vai de Friol a Narla, unha vía da que os veciños din que circular por ela é unha odisea, debido ás numerosas fochancas que ten e ao perigo que teñen as cunetas. Comprobamos o mal estado desta estrada provincial co alcalde José Ángel Santos e varios veciños,”.

outeiro de rei

Acordo do Pleno para revisar os bens inmatriculados da Igrexa

O Concello de Outeiro de Rei acordou que revisará os bens inmatriculados que a Igrexa posúe no termo municipal e, se hai erros, “buscará unha solución en colaboración coa institución relixiosa, dándose de prazo ata final de ano”. Esta medida adoptouse en votación plenaria por iniciativa do BNG, que apoiou de forma unánime toda a corporación. Unha vez rematado o pleno, nacionalistas e goberno local polemizaron sobre o seu alcance. Así, o portavoz do BNG, Xosé Ferreiro, asegurou que o Pleno aprobou reclamar á Igrexa os 46 bens inma-

triculados coa lei que impulsou no seu día o Goberno de José María Aznar. Afirmou que se trata de aparcadoiros, campos da festa e camiños dos que a Igrexa “se apropiou indebidamente”. Pola súa banda, o goberno local recalcoou que a proposta nacionalista saíu adiante ao aceptarse unha emenda do PP na que se recollía que o Concello pedirá ao Rexistro todas as inscricións e no caso de que exista algún erro buscará a mellor solución en colaboración coa Igrexa. Insistiron en que non van reclamar 46 bens porque lembraron que

teñen desde 2020 un convenio coa Igrexa para delimitar de forma correcta os lugares de culto, entre outras vías de colaboración. O BNG solicitou formalmente, e por escrito, a copia das actas das reunións celebradas entre membros do Concello e a Igrexa Católica realizadas para recuperar bens esta rexistrara de forma indebida. Ademais, piden que todos os grupos estiveran representados nesa comisión “para que dese xeito puideran facer aportacións e isto redundara en conseguir avances positivos para a xente de Outeiro”, explican.

O BNG denuncia o estado no que está a senda a Pena de Rodas

“Unha vez máis volven a producirse protestas de persoas do Concello de Outeiro de Rei debido ao estado no que deixan os camiños as empresas madeireiras despois de rematar os seus traballos”, di o BNG. Neste caso trátase da ruta de sendeirismo de Penas de Rodas, onde os autocargadores e procesadoras destas empresas usan os sendeiros de terra no canto da estrada porque lles é máis cómodo, facendo que estes queden totalmente intransitables. Dende o BNG manifestan que “xa vai sendo hora de que dende o Concello se poña orde e obrigue a este tipo de empresa a facer o seu traballo con responsabilidade, usando as estadas máis axeitadas e, sobre todo, deixan-



Estado actual desta senda ata Penas de Rodas

do os camiños, cunetas e demais propiedades municipais como estaba antes de comezar os traballos”. O BNG vai solicitar urxentemente que se proceda á reparación desta ruta, xa que ten unha catalogación estatal que sería moi grave que se

perdesse debido ao estado no que está. “Urxe moito a súa reparación, non só para que volva a estar operativa esta ruta, senón tamén para que non se vaia producir unha denuncia e lle saquen a catalogación” rematou Xosé Ferreiro.

PROMEDISA
SUMINISTROS MÉDICOS

AYUDAS TÉCNICAS • ORTOPEEDIA

- AYUDAS PARA LA VIDA DIARIA
- DESCANSO
- ASEO DIARIO
- MOVILIDAD
- GRÚAS
- EMERGENCIAS
- DIAGNÓSTICO

COMPRA ONLINE

www.promedisa.com

AVENIDA DE LA CORUÑA, 104 BAJO - LUGO T. 982 245 715
AVDA. TERRA CHÁ, 50 BAJO - CASTRO RIBERAS DE LEA T. 982 310 374

tienda@promedisa.com

@PromedisaLugo

Promedisa Ortopedia

Sanidade multa a Rábade e Aqualia polo estado da auga

A Consellería de Sanidade decidiu finalmente sancionar á Concello de Rábade con 33.055 polo estado da auga durante o mes de xuño do ano pasado. A mesma cantidade foi imposta tamén á empresa concesionaria do servizo de auga, Aqualia.

Esta multa vén de ser a consecuencia da denuncia interposta por un grupo de veciños de Rábade no ano 2019. Tras varias denuncias e protestas finalmente conseguiron a atención do contencioso administrativo de Lugo que fallou ao seu favor e condeou á Consellería de Sanidade a incoar un expediente sancionar contra o Concello de Rábade e Aqualia.

Segundo explicaron os veciños en varias ocasións, a auga da traída ten serios problemas de turbidez derivados das crecidas do Miño. As probas presentadas polos veciños levaron ao xuzgado a esta sentenxa que obriga a abrir un expediente sancionador no prazo dun mes contra o Concello de Rábade por unha infracción en materia de saúde pública. A maxistrada critica a actitude da Consellería de Sanidade durante o incidente de xuño, que archivou a denuncia veciñal e deixou pasar o incidente cun requerimento ao alcalde para que solucionase o problema. Naqueles dous días, os veciños realizaran análises da auga e descubriron partículas fecais, resultados que foron presentados como problema ante o xulgado. Advertiron que o Concello non deu aviso da situación de turbidez aos veciños incumprindo os protocolos.

Pola súa banda, o alcalde de Rábade, Francisco Fernández Montes, recoñeceu as limitacións dos sistema de abastecemento pero indicou que a calidade da auga está garantizada porque se fixeron melloras nos depósitos de acumulación de auga e do sistema de filtración. Afirmo que nos últimos doce meses só houbo un problema de turbidez da auga.

Achaca tamén a situación a que o servizo de traída de auga é moi antigo e hai momentos puntuais nos que non é suficiente.

“Unha vez na illa atopamos moitas máis razóns para que fose o noso escenario”

Pepe Coira fala do seu traballo en Hierro, a exitosa serie de Movistar+ que creou xunto ao seu irmán Jorge

O pasado mes Movistar+ estreou a segunda tempada da serie Hierro, obra de Pepe e Jorge Coira, dous irmáns nados en Rábade que levaban anos fraguando a produción deste drama. Malia o éxito colleitado coa súa primeira tempada, coa que obtiveron dous premios Ondas, dous Premios Feroz e catro Premios Mestre Mateo, entre moitos máis, os irmáns decidiron que esta sería a despedida. Pepe, guionista, comezou a súa andaina no mundo da ficción “porque non vía outra cousa mellor á que dedicarse que non fose o cine”. Iniciouse como crítico, traballou para a Xunta e foi director do Centro Galego de Artes da Imaxe. Está detrás de moitos dos guións da TVG e exerce coma docente.



Como está sendo a acollida da segunda tempada de Hierro?

Parece que ben, en xeral os comentarios son positivos. Eu todo o que escoito é de xente á que lle está gustando. Unha segunda tempada podería ser decepcionante porque xéranse expectativas, pero parece que esta funcionando. Estamos contentos co desenrolo da historia, sempre pode haber cousas que se poderían mellorar, pero en termos xerais estamos contentos.

Xa anunciastes que non habería máis tempadas da serie.

Esa foi unha decisión tomada coa cadea e coas produtoras, parecería difícil atopar unha terceira historia que puidese ocorrer nun lugar tan pequeno e normalmente tan tranquilo como El Hierro. Non tería sentido que estivesen sucedendo cada pouco asasinatos. Víamos difícil continuar cunha historia que enlazase eses dous protagonistas que son Candela e Díaz. Parecíanos forzar as cousas nunha serie que quere ser natural, fariase artificial e preferimos pasar e deixalo nun bo sitio.

Foi difícil traballar coa pandemia?

Si, presentou dificultade. Pillounos o confinamento gravando e interrompeuse a rodaxe durante tres meses. Para min como guionista foi bo porque deume algo máis de tempo para acabar de escribir. Foi complicado poder retomar a gravación, había unha loxística complicada. Xogou ao noso favor estar nun lugar tan especial como El Hierro que é moi controlable e podíase facer unha burbulla para a rodaxe, grazas ao que puidemos rodar todo o que queríamos. É moi de agradecer o esforzo que fai a xente por seguir facendo cousas e que o mundo non se pare.

Por que a illa de El Hierro?

Necesitabamos atopar un lugar que parece o derradeiro lugar, unha fin do mundo, un lugar ao que envían a unha xuíza á que queren enviar lonxe. É un sitio polo que non se pasa camiño a outros lugares, senón que chegas alí e se queres continuar tes que dar volta. Tiña ese carácter, era o antigo meridiano cero, é o punto máis occidental e o xulgado de Valverde é o que queda máis lonxe de Madrid. Todas esas eran as razóns

que nos levaban a El Hierro ignorando moito sobre a illa. Unha vez alí atopamos moitas máis razóns para que fose o noso escenario. As nosas premisas eran equivocadas, nós pensabamos que a relación co mar sería estreita, coma en Galicia, pero é diferente, a súa vida facíase de costas ao mar, o traballo tradicional foi a agricultura e a gandería, non a pesca. Pensabamos que a xente usaría as súas propias embarcacións para moverse e dixéronnos que nada de iso.

Como foi a experiencia con Movistar+?

Unha plataforma como Movistar+ busca un tipo de series que normalmente a televisión en aberto evita. Nos levabamos moitos anos intentando producir series en España e non o conseguíamos ata que Movistar+ cambiou o terreo de xogo e comezou a producir series diferentes. Outra diferenza é que pretenden poñer moi no centro os aspectos máis creativos da ficción. A televisión tal como a concibiamos tradicionalmente rompeu todas as súas costuras é hoxe en día o que fan as cadeas ten outro papel, a ficción

na televisión en aberto é a estrea de algo que logo vai poder continuar sendo vista doutras maneiras.

Como estás a vivir o éxito da serie?

Por un lado é unha recompensa moi agradable, pero eu tómomolo con certa distancia. Cando un traballo que fas resulta indiferente o aceptas con certa distancia e non te afondas por iso, segues traballando. Pois no caso contrario tamén. Non sei quen dicía que o éxito e o fracaso son dous farxantes, algo diso hai... Dito isto, por suposto que para nós foi unha alegría e nos da máis oportunidades profesionalmente. É moi bonito cando alguén a quen valoras conecta.


Como é o día a día co teu irmán?

É moi cómodo traballar con él, nos coñecemos moi ben e temos toda a confianza. As discusións son discusións que non teñen consecuencias, resulta un traballo dende a máxima complicitade que é o que máis apetece. É moi fácil e complementámonos. As nosas diferencias axúdannos, eu ao mellor nunha cousa tiro para un lado e él para outro, pero sempre atopamos algo novo no medio.

Tedes novos proxectos xuntos?

Jorge agora está preparando unha longametraxe na que eu non interveño. Estamos con proxectos de televisión e coa nosa produtora Ollo Vivo, que montamos con Gaspar Broullón, ca cal estamos rematando un proxecto ao que lle temos moito cariño e tardamos anos en sacar adiante, un documental sobre Xosé Manuel Beiras que se chamará Beiras: Vivir Dúas Veces. Contamos con que nos vindeiros meses este rematado, é un traballo que nos apetece moito facer. Tamén arrincaremos axiña a produción unha nova tempada de Cos pes na terra, un programa que eu fago para TVG e que a min me ilusiona moito.

Carne Ecológica con Certificación Craega



LA TOMEA

CARNICERÍA

Carne de ternera eco



SUPERMERCADO **DIA** EN RÁBADA

Avda. A Coruña, 43 - 27370 Rábade. T: 982 390 355

O PSOE fará un informe do estado das vías locais



Veciños plantaron árbores para protestar polas fochancas dunha vía

O partido socialista de Cospeito, no que actúa de voceira Rosa Morán, está a realizar un estudo das diferentes estradas e vías rurais así como rúas dos núcleos de poboación co obxecto de facer un informe do seu estado. O obxectivo é facerlle chegar ao alcalde as carencias que ten o Concello nesta materia para que poda actuar. “Temos un importante grao de deterioro en todas as vías e é necesario actuar o antes posible en moitas delas”, di. Os socialistas presentarán esta iniciativa no Pleno de final de mes.

Así mesmo, volverán pedir que o

Concello cree axudas para os colectivos máis afectados pola pandemia e o confinamento, en especial no sector da hostalaría. “Todos os concellos o están a facer e nós xa o pedimos catro veces sin que ata o de agora se fixera nada, igual como agora é Feijóo quen o pide aos concellos obteremos algún resultado”, di Morán. Lembra que continúan sen recibir documentación municipal “desde antes do último Pleno”. Asegura a concelleira socialista que no que levan de ano e mesmo decembro do ano pasado non lle foron entregadas nin as actas nin outros documentos.

Licitan a ampliación do parque empresarial de Muimenta

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda sacou a licitación as obras de ampliación do polígono empresarial de Muimenta, no concello lucense de Cospeito. O contrato sae por un importe de 1.332.400,55 euros, máis IVE, e o prazo establecido para a execución dos traballos é de oito meses, segundo consta nos pregos.

O Consello de Administración da empresa pública Xestur acordou na súa reunión da semana pasada aprobar a licitación destas obras, que inclúen concretamente a separata do proxecto de urbanización, electrificación, alumeado público e rega da ampliación do parque de Muimenta fase A-1.

O contrato, licitado mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, permitirá desenvolver a primeira das tres fases

nas que se dividirá a ampliación do devandito polígono co obxectivo de sumar un total de 145.269 metros cadrados máis a esta área empresarial e 56 novas parcelas. A chamada Fase A-1 licitada hoxe terá un total de 25.121 metros cadrados dos cales 12.979 metros cadrados se reservarán a usos industrial e comercial. As parcelas previstas neste ámbito son un total de 15, cun tamaño de entre 700 e 1.525 metros cadrados. Cómpre lembrar que o parque empresarial de Muimenta, en funcionamento desde o ano 1999, foi promovido por Xestur. Ten unha superficie bruta de 37.000 metros cadrados, dos que 27.458 son de uso industrial. Esta superficie repártese en 22 parcelas (todas elas vendidas, de aí a necesidade da ampliación) que van dos 480 aos 2.709 metros cadrados.

Aprazada a Moexmu

A XXXVII edición da Moexmu, cuas datas previstas de celebración eran os días 9, 10 e 11 e abril, vén de ser aprazada pola organización da mesma debido á situación sanitaria.

Os responsables do evento mantiveron varias reunións nos últimos días, como co novo presidente da Africor Lugo, Manuel Sandamil, con representantes das Administracións que colaboran coa organización da feira veterana da comarca Chairega (Concello de Cospeito, Deputación Provincial de Lugo e Xunta de Galicia), con patrocinadores do concurso de gando (Progando, Clun – Cooperativas Lácteas Unidas, Hermanos Falcón, etc), así como coa directiva da Asociación Can de Palleiro e membros das diferentes comisións organizadoras.

Decidiuse o aprazamento da XXXVII Mostra Exposición de Muimenta Moexmu, así como de todas as actividades que leva parellas (concurso, exposición e poxa de gando selecto, que era o único que se celebraba na provincia dende fai unha década; ademais do concurso de Can de Palleiro, que era puntuable para o campionato galego). Non descartan poder realizar a Moexmu ao longo do ano.

Inviste en Friol

CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

O Concello reurbanizará a contorna do castelo de Parga



Praza de Santo Estevo

O Concello de Guitiriz encargou a realización dun proxecto co obxectivo de reurbanizar e poñer en valor a contorna do castelo da Pobra de Parga, un ben patrimonial que ademais se atopa no itinerario do Camiño de Santiago.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, reuniuse onte coa Directora Xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas, para coñecer as posibles liñas de financiación para este proxecto, que se executará en distintas fases e que en total suporá un investimento de preto de 400.000 euros, e tamén outras que permitan desenvolver o Plan Xeral de Guitiriz.

A actuación na contorna do castelo da Pobra de Parga inclúe a

renovación do pavimento da Costa da Cruz e da rúa da Pobra por outro de formigón desactivado, máis acorde coa contorna rural que atravesa; a construción do firme no fondo da praza do Santo Estevo e no camiño do castelo; e a mellora integral da praza, renovando o pavimento en mal estado, redefinindo os seus límites e facendo unha inserción adecuada de tapas de arquetas e outros elementos das redes de servizo.

Ademais, tamén está previsto o soterramento das redes de telefonía e electricidade e a instalación de árbores e mobiliario urbano como bancos, novos indicadores e un novo sistema de iluminación pública.

Pablo Bouza gaña o Díaz Castro

O poeta nacido en Fene sente unha conexión especial coa Terra Chá

No pasado mes de febreiro o xurado do V Premio Xosé María Díaz Castro de Poesía de Guitiriz, concedeu o galardón por unanimidade a Pablo Bouza Suárez, pola súa obra *Coma o ruído que fan as portas das igrexias ao pecharse*. O tribunal, composto por Ánxela Gracián (como vogal), Miguel Anxo Fernán Vello (en calidade de presidente), Armando Requeixo (vogal) e Marisol Morandeira (secretaria, con voz e sen voto), estimou a diáfana construción poética dun conxunto que se eleva desde a transparencia da voz, a forza das imaxes e a sonoridade da arquitectura dos períodos e das estrofas.

O poeta, nacido en Fene e licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación, séntese moi afortunado por haber obtido dito premio, e conta que cree ter “unha conexión espiritual coa chaira que parece que me da sorte”. Bouza gañou en cinco ocasións o Certame de Poesía de Vilalba, nos anos 2003, 2004, 2009, 2010 e 2013, e considera a vila a súa “praza poética”. Agora, despois de seis anos sen publicar, volverá ter nas súas mans un novo poemario que será editado por Espiral Maior. “Para poder publicar hoxe en día o máis viable é presentarse a certames cos que conseguir ese premio. Estes concursos vanlle dando firmeza á túa obra e permiten que se poida visibilizar. O de Guitiriz aínda é moi novo e hai que recoñecer que todos



os premiados sempre son poetas de relevancia”. Esta obra sumarase aos seis libros que xa ten publicados, e o premio aos 13 galardóns que obtivo polo momento polas súas estrofas.

Na súa nova creación, *Coma o ruído que fan as portas das igrexias ao pecharse*, os lectores divisarán a liña de escritura característica de Bouza “nas miñas obras hai un fio común que é a memoria, para min é algo que nos fai imperecedeiros. Sempre escribo referencias ao fogar, establezo diálogos coa memoria persoal e colectiva, ademais de tratar os grandes temas da historia universal: o amor, a morte, a fragilidade da vida...”. Ademais de manter un dos recursos que máis caracteriza a súa poesía, a metáfora, o galardado trata de transmitir imaxes aos lectores dende as súas verbas “non só sonoras ou orgánicas, senón de dor e desasosego, unha poesía transparente,

sen medo”. O propio título da obra pretende provocar esa reacción no lector, “que a xente atope o que lle transmiten a cada un as igrexias, soledade, amor... Hai un poema no que explico o que significou para min nun momento dado”.

Ademais de ter familia numerosa, Pablo Bouza exerce de xefe do servizo de Cultura e Educación no Concello de Culleredo, pero non compaxina con horarios a súa vida laboral e familiar e a súa paixón. “Son un poeta moi pouco racional, son moi inspirado e os poemas chéganme como lanzas. Recoilo os versos e logo se convierten en poemas e despois en libros. Non programo, nin compaxino, vou escribindo e cando sento que teño un libro rematado preséntoo nalgún certame. Trato de atopar a poesía nas cousas da vida cotiá, os libros van xurdindo e chegan como eles queren”.

Continúan as presentacións de Lareira de Soños

Os Vilares Lareira de Soños e a Nova Poesía Guitirica NPG continuarán este mes coas presentacións das novidades literarias a través do Facebook.

Continuarán coa novela *Abril*, de Luz Darriba (Editorial Belagua) terá a súa presentación o 13; *Bambán no vento* (Fundación Eomaia) de Hortensia Bautista e do colectivo poético *Versos de area* de Ponteareas e a artista Aurora Quinteiro, o 20; e *Non estamos preparados para medrar* (Editora Urutau) da poeta da Costa da Morte Teresa Ríos Noya será a última cita prevista.



PAVILLÓN. O pavillón xa ten o nome de Jonathan Carro Paz, tal e como se acordou por parte dos grupos en Pleno e tras modificar a normativa para as distincións. Jonathan Carro formou parte das Escolas Deportivas Municipais, das que mesmo foi profesor, e foi premiado polo Concello na Gala do Deporte do 2012. Deixou un moi bo recordo entre a veciñanza, motivo polo cal se decidiu homenaxearlo tralo seu falecemento.

O PP pide á Xunta apoio para a mellora do abastecemento

O voceiro do Grupo Municipal do PP de Guitiriz, Xosé María Teixido, solicita apoio técnico e económico á Xunta para impulsar o proxecto de mellora do sistema de abastecemento de auga de Guitiriz. Así llo trasladou ao delegado territorial da Xunta, Javier Arias, nunha reunión telemática na que tamén se interesou por coñecer a situación epidemiolóxica. O popular solicita que Augas de Galicia, dentro das súas competencias, colabore técnica e economicamente para desenvolver obras de mellora no abastecemento de auga de Guitiriz tendo en conta que “o abastecemento, o saneamento e a depuración son de competencia municipal”. O popular xa ten manifestado noutras ocasións o seu interese por que se “garanta o abastecemento de auga a Guitiriz, tanto en cantidade como en calidade”. E, agora, volve incidir na importancia deste proxecto para os guitiricenses porque “é fun-

damental contar con infraestruturas que funcionen correctamente e, especialmente, en relación a un tema tan importante como é o da auga”. De feito, o popular destaca a necesidade de actuar no sistema de abastecemento porque o existente conta con 30 anos de antigüidade. Teixido explica que “nos últimos veráns os veciños tivemos problemas co abastecemento de auga derivados da súa turbidez -que incluso provocaron avarías nos electrodomésticos- e da súa escaseza no verán cando aumenta o seu consumo. Este ano mantívose o número de veciños debido ás restricións establecidas para frear a pandemia e, polo tanto, tamén se mantivo o nivel habitual de consumo de auga”, apunta. Con todo, o popular defende a procura dunha solución definitiva a este tipo de incidencias a través dunha mellora dos sistemas da estación de tratamento de auga.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



O Concello dará axudas a afectados pola covid que aínda non recibiron ningunha

O Concello de Guitiriz lanzará nos próximos meses a segunda liña de axudas ao tecido empresarial do municipio, que neste caso irá dirixida a aqueles autónomos ou microempresas que aínda non recibisen ningunha subvención para paliar as consecuencias derivadas da declaración do Estado de Alarma.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, convocou aos portavoces dos grupos municipais do PP e do BNG para chegar a un consenso neste e outros asuntos de actualidade, tal e como se comprometera a facer na última sesión plenaria.

Chegouse á conclusión de que, para non solaparse coa segunda liña de axudas que ven de emitir a Xunta de Galicia, o Concello debía centrarse en chegar a aqueles autónomos e

microempresas do municipio que aínda non fosen beneficiarios dalgunha subvención das administracións públicas para paliar os efectos da covid-19.

DEPUTACIÓN. No encontro tamén se lles trasladou aos grupos municipais da corporación a resposta da Deputación de Lugo ao escrito remitido polo Concello en relación ao proxecto de construción da residencia de maiores na denominada Casa da Bótica, no que se solicitaba ao ente provincial que reafirmase o seu compromiso de levar ata o final o proxecto, que se aportase información directa dos feitos ocorridos desde o inicio dos traballos, que se comunicase inmediatamente ao Concello das decisión a tomar e que

se puxese á súa disposición o expediente da execución da obra.

Na resposta do deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera, reafirmase o compromiso da Deputación para facer realidade o Centro de Atención a Persoas Maiores; explícase que as obras de derrubamento “son produto dunha decisión técnica debido, presuntamente, ás condicións meteorolóxicas adversas para garantir a seguridade”; comprométese a informar puntualmente ao Concello das decisións adoptadas e explican que non procede poñer o expediente a disposición da corporación ao non contemplar a normativa tal trámite pero lembran que os deputados poderán acceder a este na forma que determina o Regulamento Orgánico.

Xa hai gañadores do concurso de Entroido

O xurado do concurso de Entroido, convocado polo Concello de Guitiriz e a asociación Xermolos emitiu o seu fallo en función dos vídeos e fotos presentados.

Tras proceder á valoración dos disfraces e mecos presentados ao concurso, as persoas do xurado estimaron que o nivel medio dos traballos presentados é bo e que se cumpriu o obxectivo básico desta convocatoria que, como figuraba nas súas bases, era vivir o Entroido dende a casa, debido a situación de pandemia que estamos a vivir. Unha vez valorados todos os traballos o xurado decidiu os disfraces e mecos merecedores de premio.

O disfraz mellor elaborado foi para Os Ciencitolos; o máis orixinal para Vítimas ou culpables; o máis humorístico para Cocorrío e a súa mamá; o máis musical para Xa se foi, e o mellor meco outorgouse a Meco-Barcinas... tómallo outra!!!.

Cada unha das categorías anteriormente citadas, son os gañadores do tradicional goxo de Antroido.



Sinalización contra a violencia de xénero

O Concello de Guitiriz instala sinalización contra a violencia machista nas súas estradas. *Guitiriz non tolera as agresións sexistas*, así o indican os paneis recentemente colocados ao bordo das vías municipais.

Con esta nova campaña contra

a violencia de xénero o Concello pretende sensibilizar e concienciar á poboación para loitar contra esta lacra. Esta é unha das accións levadas a cabo polo goberno local dentro da súa programación para conmemorar o 8 de marzo.

Elixidos os premios do certame Vilariñas 2021



Marga Pazos de Lousame, Jeferson Costa Leite de Brasil e Quique Roxíos son os gañadores da V edición do certame de micro-poesía Vilariñas. O xurado, composto polos membros da Nova Poesía Guitirica NPG, resolveu despois dunha difícil análise pola calidade dos poemas presentados.

Foron casi 90 as Vilariñas presentadas de diversos lugares, como Asturias, Portugal, Brasil e tamén do Estado nun certame que se está a facer referencial na poesía galega e que complementa ao Premio Díaz Castro, tamén de Guitiriz.

O agasallo é unha peza deseñada pola artista muxián Viki Rivadulla que simboliza a unha muller galega co paxaro da inspiración na cabeza.

O primeiro premio foi para Mar Pazos, unha moza de Lousame residente en Vigo, o segundo corresponde a Jeferson Costa Leite de Alegrete, no sur de Brasil, e o terceiro ao coñecido poeta de Boal en Asturias Quique Roxíos.

Se a situación sanitaria o permite, o acto de entrega será o 13 de xuño en Guitiriz conxuntamente co Premio Díaz Castro de poesía.

O PP culpa a Tomé de non actuar no derrube da Casa da Botica

O portavoz provincial do PP, Javier Castiñeira, despois de ver o expediente da Casa da Botica de Guitiriz, di que “é moi grave que o goberno provincial, sinaladamente o presidente, coñecendo a necesidade, comunicada polos técnicos en marzo de 2020, de apea o edificio non fixera que, realmente, o apeo se levara a cabo; como consecuencia o edificio acabou no chan”.

Os populares consideran que o presidente da Deputación, o socialista José Tomé, ten unha grave responsabilidade neste asunto, que pode chegar a ter derivacións máis aló do campo político, dado que o edificio estaba protexido e tiña algúns elementos catalogados. No PP indican que pedirán á Consellería de Cultura que estude o incum-

primento da obriga da Deputación de conservar a fachada do edificio e consideran que a Inspección de Traballo debe valorar se houbo risco para os operarios derivado de non apuntalar o inmovible.

Na acta de replanteo e inicio de obra da Casa da Botica de Guitiriz, do 9 de marzo de 2020, segundo explica Castiñeira despois de ver o expediente deste proxecto, “xa se constata pola dirección facultativa, á vista do mal estado da estrutura do edificio, a necesidade de instalar apeos e reforzos antes do inicio e calquera traballo”.

Para os populares, está claro que o presidente, José Tomé, coñecía esta indicación dos técnicos, porque “serviu para que o goberno ampliara o prazo de execución da obra”.

A Lareira
Taberna Galega
Restaurante

Rúa do Sol, 4
27800 Vilalba, Lugo
Tel.: 982 512 842

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Terra Chá

Xacobeo 2021 Período de matrícula: 1-22 de marzo

Aulas de 4º, 5º, 6º de infantil

- Transporte escolar dende Vilalba
- Comedor xestión directa (non catering)
- Coidadora para as necesidades do alumnado

Contacto: 651 010 011
Correo: ceip.terra.cha@edu.xunta.gal

ESPERAMOSTE!

Investirán 159.000 euros na mellora de estradas en 5 parroquias

O Concello de Castro de Rei destinará os cartos do Plan Único a un proxecto de rexeneración do pavimento dos accesos a varios núcleos de poboación en cinco parroquias, concretamente nas de Outeiro, Bazar, Duarría, Loentia e Ludrio. O proxecto está nestes intreos en fase de licitación.

O orzamento da obra é de 159.000 euros, dos que o ente provincial achega algo máis de 120.000 euros e o Concello case 38.000.

As vías obxecto da obra están moi deterioradas debido á súa antigüidade e uso axudados polas inclemencias meteorolóxicas.

Os traballos, que contan cun prazo de execución dun mes, servirán para acometer a limpeza das cunetas e o aumento da anchura dalgunha das pistas. En todas elas mellorarase o firme con tripla rega asfáltica.

As vías obxecto do proxecto son a que vai do Cristo da Cainzada



Francisco Balado, alcalde de Castro

ata Riba do Miño, entre Outeiro e Bazar, cunha lonxitude de 1.890 metros; a pista de Veiga do Pumar a Guntín, de 1.085 metros, e o acceso a Veiga do Pumar, de case tres quilómetros, ambos en Bazar; o acceso a Tormentosa, en Duarría; as vías que van a Bouzaboa, cun trazo de 380 metros, e ás vivendas de colonización, de 1,3 quilómetros, en Loentia; e o acceso a Sumedo, de 870 metros, en Ludrio.

O DOG recolle a distinción de ARI para Castro de Rei

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicou no Diario Oficial de Galicia a declaración da primeira Área de Rehabilitación Integral (ARI) no municipio de Castro de Rei, que abarca unha superficie de 13 hectáreas da capitalidade e o seu entorno.

Esta distinción implica que os veciños e veciñas poderán optar ás achegas da Xunta para obras en espazos declarados ARI, que está previsto que se convoquen este mes e mobilizarán máis de 3,5 millóns de euros.

Os propietarios dun inmoble que desexen rehabilitalo poderán acceder a incentivos de ata 24.000 euros por vivenda. Así mesmo, o Concello tamén poderá recibir axudas para actuacións de urbanización e reurbanización de espazos públicos, así como para o financiamento da oficina municipal de rehabilitación.

En concreto, na área de Castro de Rei están incluídos 88 inmobles, e estímase que máis de medio cento de vivendas son susceptibles dalgún tipo de rehabilitación ou renovación.



Unha vista do centro histórico de Castro de Rei

Ademais, existen 21 inmobles doutra tipoloxía.

A ARI de Castro de Rei abrangue o ámbito do conxunto histórico, o solo urbano contiguo, o solo de núcleo rural da parte adxacente do núcleo rural de Portomuiño ao Norte, o solo de núcleo rural de Samesugueiras ao Sur, así como o solo urbano inmediato polo sueste ata o cruzamento coa estrada a Prevesos. Esta delimitación forma un conxunto con similares

características tipolóxicas, socioeconómicas e de unidade vinculado co conxunto histórico artístico, xerme do núcleo de Castro de Rei.

Xa son trece os municipios lucenses que contan con algunha área de rehabilitación como Chantada, Lourenzán, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Quiroga, Sarria, Sober, Ribadeo, Vilalba, Viveiro, Lugo, e a dos núcleos do Buriz e Os Vilares en Guitiriz.

Proban en Rozas a eficacia dos drons na loita contra incendios

O Centro de Investigación Aeroportada de Rozas (CIAR) do polo aeroespacial de Galicia foi escenario dun ensaio de voo do sistema Fulmar para demostrar as súas posibilidades á Dirección Xeral de Defensa do Monte para a loita contra incendios forestais.

O obxectivo é empregar estes vehículos para mellorar e modernizar o operativo e a súa eficacia en ámbitos como os tempos de reacción ou a organización do dispositivo. Os drons ofrecen claras vantaxes no relativo á optimización dos procesos de toma de decisións no escenario dos lumes de última xeración (de maior virulencia e que afectan á interface urbano-forestal), dentro dunha



estratexia xeral de mellora global da eficacia do servizo. Estes vehículos non tripulados xa se están a utilizar en tarefas de vixilancia, disuasión e como apoio á extinción de lumes.

Máis de 500 alumnos do Campus Terra farán prácticas na Granxa Gayoso Castro

Ao longo de todo este segundo cuadrimestre do curso académico, máis de 500 alumnos e alumnas do Campus Terra realizarán prácticas na Granxa Experimental de Leite que a Deputación de Lugo puxo en marcha na súa finca Gayoso Castro, en Castro de Rei, converténdose no primeiro centro público de Galicia que aglutina formación e investigación universitarias sobre o sector lácteo.

Na Granxa Experimental de Leite realizarán prácticas de catro materias diferentes do Grao en Veterinaria. Estarán organizados en grupos pequenos para que a experiencia sexa o máis personalizada posible e se poidan gardar as distancias como me-

didia de prevención da covid-19. As materias, en concreto, son as de Enfermedades parasitarias, Cría e saúde animal, Nutrición e alimentación e Reprodución e Obstetricia. En cada unha delas analizan temas de parasitoxía e simulan escenas de desparasitación, tamén estudan a alimentación dos animais e, entre outras cuestións, fan un seguimento dos embarazos coas súas correspondentes ecografías, análises e observacións.

No mes de decembro o alumnado xa tivo a ocasión de empezar a utilizar as instalacións, logo de que a institución provincial inaugurara este centro punteiro para o sector gandeiro.

O Agader cede ao Concello dous predios en Bazar

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) cedeu ao Concello a titularidade de dous predios na zona de concentración parcelaria da parroquia de Bazar, non aptos para os fins do Banco de Terras.

Trátase concretamente da finca 345-2 que ten unha superficie de 2.161 metros cadrados inmediatea á igrexa e cemiterio parroquial de Bazar. Esta finca xa fora solicitada para facilitar a ampliación do cemiterio parroquial. Igualmente cedeu a titularidade da finca 265-2, de 2.490 metros cadrados situada detrás do teleclub Ignacio Rey-Stolle, na que se celebran comidas veciñais e se utiliza como aparcamento de vehículos.

Dende o Concello valoraron moi positivamente esta cesión, que permitirá aos veciños a ampliación do cemiterio parroquial, "unha necesidade que tiñan dende hai tempo".

O gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baixo
27800 Vilalba (Lugo)
Telf. 982510590

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCENTO EN VACINAS E MICROCHIPS

CHAIREGOS
SERVIÇOS VETERINARIOS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24 HORAS

O museo do Castro de Viladonga cumpre 50 anos

O secretario xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, inaugurou a exposición *Itinerario do Camiño Real do Norte. Do Castro de Viladonga a Lugo*, a nova mostra coa que a Xunta de Galicia divulga o patrimonio cultural e natural do tramo do Camiño de Santiago que une o Castro de Viladonga e Lugo, coñecido como Vía Rexia, no marco do Xacobeo 2021-2022 e coincidindo co 50 aniversario do inicio das escavacións no Castro.

Como explicou o representante da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a exposición é posible grazas ao labor do Museo do Castro de Viladonga cunha escolma bibliográfica e investigación histórica, así como un intenso traballo de campo que permitiu poñer en valor un trazado histórico “cun valor cultural e natural innegable e amplamente documentado”, indicou. A través dun percorrido de nove paneis informativos e pezas audiovisuais, afóndase neste tramo do Camiño do Norte “nun momento especialmente importante como o que estamos a vivir, en pleno Ano Santo, no que é preciso que entre todos nos esforcemos en divulgar e promover o rico patrimonio cultural que ofrece



A exposición inaugurada este mes en Viladonga

o Camiño de Santiago”, expresou. A nova exposición aberta ao público combina paneis informativos con materiais audiovisuais que fan un percorrido literario con poemas de Rosalía de Castro e Eduardo Pondal. A mostra inclúe, entre outros asuntos, a rede de camiños rurais de Galicia desde a Prehistoria ata a actualidade, o papel da Vía Rexia como unha variante do Camiño do Norte a Santiago, así como ao redor dos vestixios do castro de Viladonga. Ludrio, Duancos, Mondriz ou os Lagos de Teixeira teñen tamén cabida na exposición, onde, ademais, se afonda nas orixes his-

tóricas da entrada a Lugo a través da ponte da Chanca. Itinerario do Camiño Real do Norte. Do Castro de Viladonga a Lugo pode visitarse ata novembro no Museo do Castro de Viladonga de luns a domingo de 10,00 a 20,00 horas. Durante o acto, o secretario xeral de Cultura puxo de manifesto, ademais, a importancia deste 2021, ano no que se conmemoran 50 anos de escavacións no Castro, para o que a Xunta está a ultimar unha programación que permitirá coñecer en profundidade os traballos e investigación realizada durante este tempo.

Bota a andar unha escola de formación de carniceiros

A Confederación de Empresarios de Lugo botou a andar a Fundación Agroalimentaria Galega, unha entidade que nace para xerar sinerxías e promover accións que contribúan a impulsar un sector fundamental para a economía provincial, o agroalimentario, aínda que o seu ámbito de actuación non se circunscribe a Lugo se non que abarcará a toda a Comunidade Autónoma. Este proxecto contempla tamén a posta en marcha dunha escola de carniceiros en Castro de Rei.

Coa firma da escritura constitúese tamén o seu padroado fundacional, que inicialmente estará integrado por Carlos Cebrián Escobar, en representación da empresa Suministros Megaro Foods S.L., que exercerá como presidente; Jaime López, secretario xeral da CEL, que exercerá como director xerente da Fundación e Eduardo Valín, de Embutidos Montepicato S.L., que desempeñará funcións de tesoureiro.

A escola foi incluída no Rexistro de Centros e Entidades de Formación



Carlos Cebrián, fundador da escola de carniceiros

para o Emprego de Galicia e está acreditada para impartir os certificados de profesionalidade de Carnicería e elaboración de produtos cárnicos e Sacrificio, preparación de canal e despece de animais, cada un deles con 15 persoas alumnas.

Para dar esta formación conta cunha aula de case 100 metros cadrados, un obradoiro de carnicería e elaboracións cárnicas 173

metros cadrados e as necesarias cámaras frigoríficas para a conservación da carne. O principal impulsor do proxecto destinou a elo parte das instalacións da súa empresa no polígono de Castro. Entre outras finalidades, a fundación pretende contribuír a que as empresas do sector poidan rematar ciclos produtivos en Galicia e incrementar así o valor do PIB comunitario.





Goiriz, Vilalba Fin de semana 1 Dorm 1 Baño Se vende fin de semana, que tiene una habitación, un baño, cocina-comedor y una finca de 1.500 metros.	45.000€
Terra Chá, Vilalba Casa / Chalet adosado 4 Dorm 2 Baños 246m ² Se vende vivienda unifamiliar frente al hotel Villamartin, dispone de cocina, baño, sala y una habitación en planta baja y tres habitaciones más y un baño en planta alta, un desván y un garaje. Por detrás tiene un terreno de unos 200 metros en los que se ubican dos alpendres.	130.000€
Avenida da Terra Cha 23, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 215 m ² Se vende casa en mal estado de conservación en la esquina de la avenida Terra Llana y la calle de Guitiriz de Vilalba (Lugo). Se puede edificar bajo, cuatro plantas y ático.	130.000€
Avenida de Galicia 27, Vilalba Edificio de uso mixto 580 m ² Se vende en Vilalba (Lugo), edificio muy céntrico, que da a dos calles, formado por un bajo de unos 85 metros, dos pisos acondicionados de 117 metros cada uno y un duplex acondicionado de 230 metros, incluidas las terrazas.	255.000€
Mato Vizoso 6, Vilalba Edificio residencial 183m ² En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende casa unifamiliar formada por planta baja, dos plantas y bajo cubierta, en la que hay tres dormitorios, un baño y un aseo, sala y cocina. A su vez, en la planta baja tiene dos dependencias amplias que se les puede dar distintos usos. La vivienda se encuentra en las proximidades de la torre de Vilalba.	100.000€
Calle Lameirón, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 650 m ² Las alturas edificables son bajo, 3 plantas y ático y el frente del solar son 12 metros.	90.000€
San Simón s/n, Vilalba Casa rural 4 Dorm 1 Baño 170m ² En la localidad de San Simón, municipio de Vilalba (Lugo), se vende propiedad formada por una casa en la que hay 4 dormitorios, sala, un baño, cocina y diversas dependencias. Dispone de fosa séptica. La casa tiene plaza en el piso y en el tejado y esta endovada dentro de una finca de 8 hectáreas, de las cuales dos están plantadas con eucaliptos de seis años y el resto se encuentra a prado. La casa está a 14 kilómetros del centro de Vilalba.	120.000€
De Muras 2, Vilalba Piso 3 Dorm 1 Baño 80m ² En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de tres habitaciones y sala, un baño, cocina amueblada, dos terrazas amplias. Dispone de ascensor y trastero.	95.000€
Plaza Coronel Pena, Vilalba Casa / Chalet independiente 10 Dorm 2 Baños 369 m ² Casa antigua blasonada, de piedra, con balconada, en el casco histórico de Vilalba (al lado de la plaza de Santa María y del Parador de Turismo), de 369,10 metros construidos, con fachada a la C/ Concepción Arenal y jardín contiguo a la misma de 74 metros (cerrado con verja), que da a la Plaza del Coronel Pena. La parte destinada a vivienda de la casa ha sido reformada recientemente. Consta de dos salones, uno de ellos con chimenea, ocho habitaciones, 2 cuartos de baño, cocina, desván y amplio sótano. La casa se encuentra en el camino de Santiago, reuniendo las condiciones para montar algún negocio de hostelería y restauración.	250.000€
Calle da Roxeira 4, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 117 m ² Se vende solar en el centro de Vilalba (Lugo), edificable bajo más dos plantas.	35.000€
Lanzós 5, Vilalba Nave 600m ² Se vende Vilalba (Lugo), salida hacia Lanzos, una granja en la que existen tres naves de unos 200 metros cada una, más una casa de planta baja y piso, que se encuentra en construcción.	90.000€

Inmobiliaria JRoca C/de los Pepes 1 - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720



Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Roca Abogados Carril de Catezol, 1 - 1ªA, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720
www.rocaabogados.info

Xermade destinará 57.000 euros do Agader a obras en vías rurais

A Xunta de Goberno Local de Xermade aprobou a solicitude de varias liñas de axudas convocadas pola Xunta de Galicia. Unha delas é o Fondo de Compensación Ambiental, liña de concorrencia non competitiva, que asigna directamente ao Concello 59.893,19 euros, cos cales se van financiar as diferentes actuacións.

En materia de custos de funcionamento dos servizos municipais dedicados á protección do ambiente e do espazo natural congratase un técnico de medio ambiente e urbanismo, por importe de 14.142,26 euros; e un operario de protección e mantemento de espazos naturais, por importe de 10.372,45 euros.

Ademais, mercarase equipamento, como un vehículo destinado a actuacións de protección do ambiente e do espazo natural, por importe de 31.238,19 euros, IVE e imposto de matriculación incluídos; así como a compra desuxeita-colectores para o servizo de recollida de residuos, por importe de 4.137,28 euros.

Tamén se solicitou o financiamento dunha brigada de protección do ambiente e do espazo natural, conxun-



Concello de Xermade

tamente co Concello de Guitiriz, con cargo á liña de concorrencia competitiva. Os gastos subvencionables son a contratación de persoal (brigada de cinco membros) durante tres meses, por importe de 24.112,10 euros, dos cales se solicita á Xunta de Galicia o 80%.

Por outra banda, A Xunta de Goberno Local acordou presentar o proxecto de obras de Mellora de camiños municipais en Sanche, Piñeiro e O

Tarrello para o seu financiamento con cargo ao Plan de Mellora de Camiños 2021-2022 de Agader, sendo a cantidade asignada a Xermade 57.451,00 euros, correspondentes ao importe do proxecto, excluído o IVE.

Trátase de tres tramos en Sanche, de 1,4 quilómetros en total, 2 en Piñeiro de 1,3 quilómetros e casi un en Tarrello. As vías repararanse con rego con gravilla, tal e como están construídos.

Ceden ao Concello a titularidade da estrada de Cabreiros a Touza

O Concello da Xunta autorizou o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Xermade dun treito antigo da estrada LU-P-2209 que comunica Cabreiros e Touza.

O Concello de Xermade solicitou á Deputación Provincial de Lugo a cesión do treito antigo desta vía provincial, de 140 metros de lonxitude. Este treito da LU-P-2209 comeza á altura do punto quilométrico 16+560, na marxe esquerda da estrada autonómica LU-861, que une Vilalba e Igrexa-feita, e remata no paso inferior da autoestrada AG-64, Ferrol-Vilalba.

A deputación dá a súa conformidade á transferencia da titularidade deste antigo treito de vía provincial.

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por

proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado polo Executivo autonómico, o Concello de Xermade terá a competencia para actuar nesta vía e asume a súa xestión e conservación.

O cambio de titularidade será efectivo desde o día seguinte da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia.

A entrega dos bens formalízase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación no Diario Oficial de Galicia mediante a sinatura da correspondente acta de entrega entre concello e deputación.

A partir da formalización de dita entrega, corresponderanlle ao Concello de Xermade todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía.

EN BREVE

SOTAVENTO. O parque eólico experimental de Sotavento combinará este ano no seu programa de actividades dúas alternativas máis ás actividades nas instalacións. Así, ofrece a realización de actividades en liña en directo e a das actividades nas instalacións do centro educativo. As primeiras van dirixidas a alumnos de 4º de Secundaria e Bacharelato e as outras a alumnos de Infantil e Primaria.

EMPREGO. O Concello de Xermade vén de instalar na entrada da casa consistorial un Punto de Información Multimedia do Servizo Público de Emprego de Galicia. Nel, os usuarios poderán renovar ou reactivar a súa demanda de emprego nas datas indicadas no seu Darde, así como acceder ás ofertas de emprego en difusión ou ás páxinas web dos diferentes servizos públicos de emprego autonómicos e estatal.

ENTROIDO. O Entroido na Casa premiou en adultos na categoría de unidade de convivencia a Berta Gómez, Nuria Bellas e José Luis Pena. Na de individuais, o primeiro premio foi para Lela Castelo e en segundo lugar quedou Cristina Amarelo e terceira Nerea Pernas. Noa Iglesia foi a vencedora nas propostas infantís, seguida de Noa Hormeño e Raúl Pérez.



A vía na que se actuará este ano, entre Cabreiros e Momán

Farán este ano a obra da vía entre Cabreiros e Momán

A Xunta vai levar a cabo este ano obras de mellora do firme na estrada LU-170, entre Cabreiros e Momán cun investimento de preto de 450.000 euros. O proxecto está redactado e en fase de supervisión técnica para a súa execución neste mesmo ano 2021. Actuarase nun treito de 5,5 quilómetros aproximadamente, do punto quilométrico 23+260 ao 28+716, centrándose as intervencións no treito comprendido entre o núcleo de Xermade e Cabreiros.

Os traballos inclúen o estendido dun aglomerado en todo o ancho

da plataforma, así como a execución de cunetas de seguridade en determinados puntos.

A Xunta solicitou 6 millóns de euros de Fondos Europeos de Reconstrución para acondicionar case 10 quilómetros da estrada LU-170, entre Cabreiros e Momán. O Goberno galego remitiu o pasado 25 de xaneiro ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana unha proposta de actuacións obxecto de ser financiadas cos citados fondos europeos, entre elas, a mellora desta estrada autonómica ao longo de 9,7 quilómetros.

Unha aplicación móbil e unha web recollen datos dos roteiros

O Concello de Xermade vén de por en marcha unha páxina web e unha aplicación para móbiles cos roteiros do termo municipal, aplicacións que serven de axuda ao servizo de información turística municipal. Esta proxecto foi desenvolvido en virtude dun convenio coa Axencia de Turismo de Galicia.

A aplicación vai acompañada dunha plataforma web específica que permite de forma cómoda desde un PC a consulta previa de toda a información asociada aos roteiros de sendeirismo. Así, desenvolveron unha aplicación informática denominada Camiños de Xermade (dispoñible para sistemas operativos de telefonía móbil IOS e Android) e unha web na dirección <http://xermade.elcaminoentumano.com/>.

A información estrutúrase en dous grupos, por unha banda a dos roteiros e pola outra a dos recursos turísticos asociados.

Dentro da primeira hai información xeral sobre os camiños, que inclúe descrición dos mesmos, características xerais tales como lonxitude e tempo estimado de percorrido, así como unha completa galería fotográfica de cada un e os seus recursos

turísticos asociados.

Ademais, ofrecen información detallada sobre os roteiros. Neste apartado pódese consultar o tipo de pavimento de cada tramo, a pendente clasificada (como elemento indicativo da súa dificultade), o perfil do roteiro, a accesibilidade (clasificada tamén por tramos en función se é accesible a minusválidos, se se pode percorrer en todo terreo, etc. a efectos de mantemento e auxilio en roteiro), os puntos e zonas de especial dificultade (cruces perigosos, zonas esvaradías, escaleiras, zonas inundables, cruces de leitos), etc.

Os roteiros que aparecen na aplicación son o Camiño Real da Carba, o do Batán de Folgoso, o dos Pasos da Pontenova e o do río Trimaz.

Tamén contén datos, información e fotografías dos recursos turísticos destacados do municipio xeolocalizados sobre a cartografía dispoñible cunha unha completa galería fotográfica do elemento sinalizado.

Contén toda a información adicional que o visitante pode necesitar como servizos de aloxamento, restauración ou sanitarios así como elementos patrimoniais, naturais, lúdicos ou singulares.

a pastoriza

Comezan obras viais en Corvelle e as da traída de auga a Paraxe

O Concello da Pastoriza vén de poñer en marcha as obras do camiño que dá acceso ao depósito de auga de Corvelle, no barrio da Rebolada. Ten destinados a este fin un total de 23.000 euros e o obxectivo dos traballos é ofrecer facilidades non só aos veciños da zona, senón tamén ao control do depósito.

Tamén deron comezo as obras da traída de auga no lugar de Paraxe coas que se pretende solventar as numerosas incidencias que se estaban dando no servizo de abastecemento e poder ofrecer un servizo de mellora. Estes traballos teñen un orzamento de 33.000 euros.

Así mesmo, o Concello continuará co labor de colocación de suxeitacontedores nas distintas parroquias do termo municipal, especialmente no límite coas estradas. Segundo indicou o voceiro socialista, Constantino Fernández Leira, levan colocados máis dun cento.

Por outra banda comezaron co proceso de cambio de luminarias ao sistema de lámpadas LED para o aforro enerxético e mellorar a capacidade lumínica. Estes cambios estanse a



As obras do camiño de acceso ao depósito de Corvelle

facen nas distintas parroquias e está subvencionado con fondos do Idae.

OUTROS TRABALLOS. Por outra banda, procedeuse a realizar diferentes traballos con cargo aos operarios municipais. Así, amañouse o peche da Igrexa en Lagoa e nesa mesma parroquia procedeuse á limpeza das cabinas de transporte.

Tamén fixeron traballos de drenaxe no canal na parroquia de Álvare, así como labores de limpeza na igrexa de Loboso, nas beiras do camiño na igrexa de Lagoa, no depósito de

Toucido, na parroquia de Úbeda, e a roza na praia fluvial de Baltar e a súa carballeira.

No tocante a traballos finalizados, rematou a obra da estrada que une os barrios de Rea da Cruz con Lousadal, na parroquia de Álvare, unha obra financiada pola Deputación.

Tamén se acometeu a limpeza e roza o campo da festa de Fonmiñá, parque ao lado da estrada nacional en Fonmiñá, fonte de Penacorveira, en Pousada, fonte da igrexa de Pousada, canal no camiño da Igrexa en Lagoa, arredores da igrexa en Lagoa.

Piden unha axuda para rematar a Ruta Maeloc

O Concello da Pastoriza solicitou unha subvención do Plan de Compensación Ambiental para proceder ao acondicionamento da ruta Maeloc. Os cartos irán para proceder á sinalización desta ruta, así como ao seu acondicionamento e colocación de mobiliario.

O obradoiro de emprego foi o encargado de preparar esta ruta, ubicada na parroquia de Bretoña que é de dificultade media e ten arredor dos 12 quilómetros. O principio está no paseo fluvial en Bretoña, xusto ao lado da carballeira onde se celebraban as festas de Lugnasad e transcorre un quilómetro



O alcalde, nun punto da ruta

e medio polo paseo fluvial del Bretoña e despois ascende cara ao alto de Campodoso, ata o lugar de Pena Gallada.

pol

A residencia abre unha mostra propia sobre igualdade

A rede de Centros de Atención a Miores da Deputación de Lugo inaugurou unha exposición propia con fotografías dos usuarios e usuarias baixo o título *Igualdade nas tarefas e profesións*. O obxectivo é amosar o cambio de roles: as mulleres desenvolvendo tarefas asignadas socialmente aos homes e viceversa.

Esta iniciativa enmárcase nun conxunto de actividades que organiza a institución nas residencias provinciais con motivo do 8M, Día Internacional da Muller, baixo o lema Compañeiras de Vida, co obxectivo de poñer en valor o traballo feito polas mulleres ao longo da súa vida, tanto no ámbito dos cuidados como na súa actividade profesional. O centro traballa en accións concretas como relatorios, cine, conversas e debates adapta-



Unha das participantes

dos á realidade da residencia. Por outra banda, a Xunta de Goberno da Deputación aprobou a adxudicación do contrato para a prestación do servizo de mantemento integral das instalacións térmicas e o control e prevención da lexionelosis no centro.

Pavimentan 5 kms de vías rurais

Aproveitando que a chuvia deu un descanso, o Concello da Pastoriza iniciou a reparación dalgunhas vías moi deterioradas, un proxecto que aínda non está rematado e que nos vindeiros días, se o tempo axuda, se complementará co asfaltado doutras vías.

A tenente de alcalde, Elva Carrera, explicou que dende primeiros de ano procedeuse á pavimentación de accesos aos núcleos de Vilar en Pousada, Mazón en Gueimonde, e Seselle, Castiñeira e Francos en Bretoña. Este proxecto pertence ao Plan Único 2020 da Deputa-

ción provincial e afecta a un total de 5.752 quilómetros.

Para as obras destinouse un orzamento de execución material de 103.400,51 máis 21.714,11 de IVE.

“Con esta obra preténdese levar a cabo a mellora de viais moi deteriorados dado que soportan o peso de maquinaria moi pesada que xunto as inclemencias meteorolóxicas e o paso do tempo dificultan a circulación”, explica a concelleira nacionalista.

As obras consisten na corrección de deformacións e roturas me-

diantes riego asfáltico, así como a limpeza de cunetas e drenaxes que faciliten a circulación das augas de escorrentía. Estas obras realizadas pola empresa Construcciones San Jurjo están xa en fase de finalización.

Elva Carrera explicou que nestes momentos teñen en marcha novos proxectos cara o ano 2021, como poden ser o Plan Único 2021 e o Agader 2021/2022 e en todos eles se priorizan as reparacións daquelas vías máis deterioradas que dan acceso a núcleos de poboación.

MESÓN
MARTÍNEZ

C/ Celso Emilio Ferreiro, 55 Baixo. 15320 As Pontes (A Coruña)
Tel.: 981 452 363 - Móvil 649 458 522
mesonmartinez@hotmail.com

Asesoría Enerxética
Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIÓNS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

A loita polo cole de Baamonde

Os pais, apoiados dende varios colectivos, chegaron ata Santiago en caravana protestando pola medida de Educación que non permite a matrícula no centro

As familias de Baamonde, apoiadas por algunhas de Guitiriz e da contorna, chegaron ata as portas do Parlamento en Santiago para protestar pola decisión de pechar o colexio de Baamonde, reunificándoo co de Begonte, para poñer no seu lugar un conservatorio cando poderían coexistir ambas propostas no mesmo centro.

Votábase onte no Parlamento a iniciativa socialista para impedir que a Xunta desafectase o centro dado que o número actual de alumnos se sitúa seis veces por enriba do criterio establecido para pechar un centro educativo en Galicia.

O portavoz de Educación do Grupo Socialista, Luis Álvarez, foi o encargado de defender esta moción que cualificou de "inadmisíbel" que o PP apoie a decisión do alcalde de Begonte de pechar o Ceip de Baamonde e desprazar a tódolos alumnos ao outro centro do Concello para implantar, segundo el asegura, un Conservatorio Profesional de Música. Álvarez presentou unha proposición non de Lei contra este "despropósito" no Pleno do Parlamento.

O portavoz socialista advertiu que a decisión "non ten o mínimo soporte racional, organizativo nin económico", e explicou que o Concello, cun orzamento de 2,77 millóns, quere

albergar un conservatorio que en Viveiro custa 1,84 millóns de euros. Apuntou que se trata dun "caso único en Galicia, España e a parte coñecida do mundo civilizado" onde un alcalde queira pechar un centro educativo "cando o que se defende é o contrario".

O PP xa anunciou o seu voto a favor do plan educativo de Begonte. O portavoz de Educación do Grupo Popular, Ovidio Rodeiro, asegurou que a unión dos centros de ensino "resultará beneficiosa para o alumnado, xa que poderá crearse un aula para cada nivel educativo mellorando o funcionamento do centro, compatibilizando a racionalización da oferta educativa e o uso eficiente dos recursos coa calidade do ensino".

COLEXIO DE BEGONTE. Mentres no colexio de Begonte, o Virxe do Corpiño, comezaron obras por importe de 600.000 euros para a mellora das instalacións vinculadas á eficiencia enerxética. Xa deron comezo no colexio as obras de mellora coas que se permitirá acondicionar a zona de entrada ao centro así como a zona dos alumnos de 5º e 6º de Infantil. Ademais instalarán no chan da aula tarima de madeira donada por Finsa. Por unha banda desenvolveranse os traballos de mellora da seguridade

no acceso ao edificio do colexio, de modo que realizando o recrecido da xardineira existente no pórtico de acceso, elimínase o posible risco de caída en altura existente actualmente desde o soportal de entrada. Do mesmo xeito, instalárase nun dos laterais da escaleira de acceso e ancorado a fachada, un dobre pasamanos, que permita que tanto os alumnos de infantil como os alumnos de primaria, poidan asirse ao mesmo e facilítelles e déalles unha maior seguridade á hora do acceso.

Doutra banda desenvolveranse os traballos destinados á dotación dun aseo á aula de 5º e 6º de educación infantil, que permita un mellor coitado dos nenos e unha maior vixilancia, permitindo non ter que saír da aula cun dos alumnos e poder vixiar ao resto de forma simultánea; para iso abrírase un oco entre aseo e aula, ao que se dotará cunha porta corredeira; do mesmo xeito dotárase o aseo de elementos sanitarios baby específicos para o uso por alumnos de curtas idades. Tamén se realizará o acondicionamento interior da aula, eliminando un antigo mesado en desuso e colocando no seu lugar un amplo moble para o gardado de xoguetes e equipamento necesario para a aula. A maiores equipárase o mesmo cun lavabo na propia aula.

Recollen dende o 17 os plásticos de silos

O Concello de Begonte acometerá a partir do 17 marzo a recollida de plásticos de silos. Ao non ser domiciliaria, os veciños terán que depositar estes verquidos nos puntos de recollida habituais. Terán que estar antes desa mesma data.

Os puntos de recollida serán en Roza Alta no monte de Felmil, para as parroquias de Damil e Felmil; campo da festa de Trobo para Gaibor, Illán e Trobo; explanada da ponte da autovía na pista de Carral; campo xunto da igrexa de Virís para Donalbay, Begonte, Cerdeiras e Virís, campo xunto ao centro social Emprestamo para Uriz, Baldomar e Carral; estacionamento campo de fútbol de Pacios para Baamonde e Pacios; Santalla de Pena-Curetela no cruce de Toimil coa estrada da Deputación para San Vicente de Pena e Santalla de Pena; e Alto da Cruz na parroquia de Bóveda para Bóveda e O Castro.

Os interesados deberán chamar ós teléfonos do Concello. Os plásticos deberán ir limpos de terra (non se aceptarán nin cordóns nin garrafas).

O Concello quita á asociación veciñal de Baamonde o acceso ao local social

A asociación de veciños Montenegro de Baamonde, que liderou xunto coa anpa, as protestas contra o peche do colexio da localidade, vén de quedar sen local social, tal e como aseguran dende o centro "como represalia pola defensa do colexio e outras".

Segundo explican levan reuníndose no local social dende hai catro anos e estes días non puideron acceder ao mesmo xa que o Concello cambiou o peche "sen avisar".

Defenden ademais que teñen unha concesión por dez anos do local social e que foron eles os que o arranxaron polo que estudan demandar ao alcalde por esta decisión xa que dentro do local hai mobiliario e ordenadores que pertencen á asociación.

Pola súa banda, dende o Concello díxéronlles que o papel que firmaron "era para unha subvención das obras e que decidiron cambiar o sistema".

Polo tanto os veciños aseguran que o alcalde, José Ulla, ten un "comportamento mezquino" e que está permitindo que "desmantelen o pobo".

Segundo din, agora, o Concello obrígalles a ir buscar a chave á casa consistorial cada vez que alguén queira facer uso das instalacións, sexa para utilizar o material que teñen alí gardado, sexa para facer unha xuntanza, sexa para xogar unha partida á brisca. A asociación, ademais, está recollendo firmas tamén contra o peche da sucursal bancaria e do único caixeiro automático que hai na localidade.



Unha imaxe da concentración dos pais en Guitiriz antes de saír a Santiago

Bosque propio e aula ao aire libre

Nun espazo de 2.600 m2 dentro do patio do colexio Virxe do Corpiño de Begonte, nenos, nenas, mestres, mestrás, papás e mams construíron un bosque propio utilizando para elo arbustos e árbores autóctonas creando un ecosistema no que xogar e experimentar coa natureza.

O minibosque (formado por castaños, carballos, freixos e bidueiros, entre outros) xera un espazo para a experimentación natural e un ágora ao aire libre onde desenvolver assembleas, xogo ou dar clases.

Segundo explican dende o colexio, o espazo está pensado para crear un patio máis dinámico e diversificado, xerando novos recunchos onde desenvolver outro tipo de actividades, fomentando outro tipo de movemento e incentivando o contacto coa natureza.

O lugar conta cunha zona específica con máis de 25 especies de plantas aromáticas (tomioño, romeu, la-



vanda...) que se poden tocar e ulir. Ademais, polo medio do bosque están a facer un paseo de texturas (área, pedras, follas...).

Tamén instalou unha nova aula ao aire libre co obxectivo de minimizar os riscos de contaxios por covid-19 e, ao mesmo tempo, "aproveitar a contorna natural que conforma o patio da escola". A aula ten forma de anfiteatro e destinarase a nenos de todas as idades.

O venres pecha o prazo para solicitar as axudas do Concello á hostalaría

O Concello de Begonte pecha o venres, 13 de marzo, o prazo para solicitar as axudas do Plan de Apoio á hostalaría local co obxectivo de paliar ou minimizar na medida do posible as consecuencias derivadas da grave crise económica que sofre na actualidade este sector como consecuencia do peche obrigado provocado pola covid-19.

A obxecto da axuda será a entrega de mil euros a cada local. Para elo o Concello habilitou unha partida de 20.000 euros de fondos propios que podería ampliarse no futuro si se estima necesario.

O único requisito para acceder a esta axuda é estar dado de alta e desenvolver a actividade no termo municipal de Begonte.

Estas axudas serán compatibles con outras que se podan solicitar doutros organismos.

As solicitudes, presentáranse preferiblemente por vía electrónica a través da Sede Electrónica do Concello de Begonte, utilizando o trámite destacado denominado Axudas Plan de apoio á hostalaría e restauración por peche covid-19, tamén poderán presentarse no rexistro xeral do Concello utilizando o Anexo I e II.

O Concello distribúe o Fondo de Compensación en oito proxectos

O Pleno extraordinario do Concello de Muras aprobou malia os votos en contra do Partido Popular o reparto dos cartos que lle corresponden do Fondo de Compensación Ambiental 2021. Trátase dun total de 504.766,03 euros, que se destinará a un total de oito proxectos e á contratación de persoal.

A maior partida, de 113.615,90 euros, irá para a construción dunha rede de colectores de saneamento para separar as augas fecais das pluviais no núcleo da Igrexa e instalar unha nova Edar.

Ademais, á mellora da eficiencia enerxética na casa do concello destínanse 90.333,37 euros, mentres que para a renovación da iluminación pública, con led, no paseo da Veiga irán 7.415,50 euros.

O goberno murés investirá tamén 65.113,90 euros en substituír o sistema de calefacción do colexio, onde se instalará unha caldeira de biomasa, e 36.183,84 en habilitar dous puntos de recarga de vehículos eléctricos. Ademais, ampliaranse, con 87.205,24 euros, as redes de abastecemento da Xestosa e O Viveiro e



O Plan foi aprobado polo Pleno cos votos en contra do Partido Popular

mellorarse a traída municipal. Continuarán os investimentos coa posta en valor de zonas verdes, ás que se destinarán 53.287,30 euros, e a protección do medio ambiente, con outros 26.505,24. Neste último proxecto inclúese a compra de contedores ou dun apiario con fins educativos e divulgativos, así como o encargo dun estudo sobre a pegada de carbono no municipio.

Ademais, con estes cartos o Concello continuará a manter cinco postos de traballo, orientados a tarefas de limpeza e desbroce de camiños. Trá-

tase de dous peóns forestais e dous operarios, ademais dun técnico de medio ambiente.

PP A voceira do PP, Eugenia Requeijo, critica que “o goberno local aprrobe dirixir a maioría do Fondo de Compensación Ambiental ao núcleo de Muras e non ao resto das parroquias” e tamén que “propoña proxectos non prioritarios neste momento coa situación sanitaria que estamos vivindo debido á covid-19 e as consecuencias económicas e sociais que ten para os veciños”.

Contratan unha educadora familiar e social ata setembro

Dende o mes de febreiro ata setembro, o Concello contará co reforzo dunha educadora social e familiar para apoiar o traballo que está a desenvolver a traballadora social. Esta nova técnica ocuparase da orientación formativa e laboral, mediación familiar e social así como da información e orientación sobre recursos sociais (cursos gratuítos, actividades de ocio e eventos culturais). Abriu o prazo para que as persoas que o desexen presenten as súas demandas.

Organizan un curso de informática para maiores

O Concello de Muras organiza un curso básico de informática dirixido a persoas empadroadas e que sexan maiores de 55 anos.

O curso consistirá en sesións nas que se darán aos participantes unhas nocións sinxelas para que poidan realizar trámites informáticos básicos, como pode ser a solicitude de citas previas en diversos organismos públicos ou mesmo facer solicitudes entregando documentación a través da sede electrónica

As clases serán presenciais, pero impartiranse cumprindo con todas as medidas de seguridade e con grupos reducidos de dúas persoas. Impartirase dous días á semana, en horario de mañá con horarios que se darán a coñecer unha vez que se deseñen os grupos.

A inscrición pode formalizarse chamando ao Concello no número 982 500 001, ou a través da dirección de correo electrónico cristina.martinez@muras.gal.

O día 15 pecha o prazo para as axudas da luz

O día 15 de marzo, luns, pecha o prazo para solicitar as axudas para o consumo eléctrico, postas en marcha un ano máis como explicou o alcalde, Manuel Requeijo, co obxectivo de “garantir a calidade de vida e de benestar de todos os veciños do concello de Muras, especialmente a suficiencia económica da terceira idade, xa que constitúe o sector maioritario da nosa poboación”.

Todos os interesados en solicitar esta axuda terán que presentar as facturas correspondentes a todo o ano pasado. Unha vez revisados e cotexados todos os casos, o abono faise nun único pago.

O goberno local de Muras incorporou este ano unha nova liña de axudas, destinada aos autónomos, pequenas empresas ou explotacións agropecuarias radicadas no municipio, para subvencionarlles tamén o pago da factura da luz, cunha contía fixa de ata 1.500 euros. Esta liña incorpórase como unha medida que intenta paliar a incidencia na economía local da crise provocada pola pandemia da covid-19.

Ademais, manterase a liña de sempre dirixida a subvencionar os



gastos domésticos con unha subvención de ata 600 euros para cada familia. O que si cambia é que para chegar á máxima cuantía elévase o tope e este cobrarse en fogares con restas inferiores a 15.000 euros, cando antes eran para os de menos de 11.000 euros.

Poden optar a estas axudas cada un dos representantes das unidades familiares que consten no censo de empadramento do Concello. Para este procedemento tense en conta o padrón de habitantes e vivendas que conste no Rexistro do Concello o día da súa aprobación no Pleno da corporación municipal.

As solicitudes e documentación presentáranse preferentemente por vía telemática a través da sede electrónica municipal.

Convocan un curso de equitación aberto a todos

A asociación Amigos dos Cabalos Atila de Muras ten previsto celebrar un curso de iniciación á equitación nas instalacións de Hípica Prado Ventura, situada na localidade pontesa de Aparral.

A actividade, que conta coa colaboración do Concello de Muras, estará dirixida a maiores de oito anos.

Os interesados en participar nestas clases poden anotarse, antes do 13 deste mes, nos teléfonos 667 609 990 ou 982 500 001.

O prazo de solicitudes estará aberto ata o 19 de marzo e unha vez que se saiba o número de inscritos, procederase a dar máis información sobre os grupos, o custo ou o horario das clases.

Muras xa ten gañadores do concurso de disfraces

O Concello de Muras xa fixo pública a listaxe de gañadores do concurso de disfraces que este ano tiñan unha categoría especial dedicada ao selo Starlight. Na categoría xeral o gañador foi Aramzoupudos entre os pequenos, Tendo xestas non fan falta plumas en adulto e Ferrero Rocher en grupo. Nesta categorías só

participaban persoas empadroadas en Muras. Na categoría Starlight o gañador é Muras no espazo en infantil, Si choras porque no poder ver e Muras, as farolas non che deixarían ver as estrelas en adulto e O cazador de estrelas en grupal. O concello entregará os premios avisando individualmente para ir recollelos.

ATABERNA

T: 982 510 061
 facebook/ataberna.vilalba
 info@atabernavilalba.com
 www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA
 OLVIDATE DE TODO Y SABOREA BACIONES CARTA
 REVUELTOS DE BARRIL ALCO PÍCAR
 HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERANO ENSALADAS SABOREAR TORTILLAS
 PASTAS RAXO PATATAS
 ALCO PARA COMPARTIR TAPAS

Aprobarán unha axuda de 1.200 euros aos locais hostaleiros



O Concello avanzou que se dará unha axuda directa de 1.200 euros a cada un dos bares e restaurantes do termo municipal como axuda para paliar os danos causados polo último peche obrigado pola pandemia da covid.

O ente municipal aínda está en proceso de redacción das bases para a concesión destas axudas e o prazo non está aberto pero se abrirá no momento no que se rematen e se publiquen as futuras bases. O obxectivo é chegar a todos os locais hostaleiros e seguindo a liña de moitos outros concellos.

O Concello presenta o plan de investimentos para este ano

A Xunta de Goberno Local do Concello de Riotorto deu luz verde á aprobación de varios proxectos de acondicionamento e mellora de accesos a núcleos rurais municipais e de ampliación de redes de saneamento.

Así, establécense melloras para os camiños cunha capa de aglomerado en quente de 5 cm que afectará a varios accesos como o barrio de Lorigados desde Ermida (Espasande de Abaixo) cun orzamento de 32.400 euros; a Vilaseca (3 tramos) e Ferreiravella (acceso principal) cun orzamento de 51.643 euros; ao cementerio, explanada e acceso en Santa Marta (Torre do Moro) cun orzamento de 51.361 euros; entre Vilar de Meilán, Ramal e Espasande de Arriba, cun orzamento de 74.358 euros, e o barrio de San Pedro e Ramal desde Mundín, cun gasto de

47.694 euros.

Ademais tamén se fará a mesma mellora nas vías que van desde estrada Deputación a Pouxaneiro por debaixo das cuadras de Simón e Cachapelo; no lugar de Granxas (Ferreiravella), que vai a casa de Daniel desde a estrada provincial, e en Villarín a vía que dá acceso a Sat Mundin. Estas 3 pistas teñen un orzamento de 50.000 euros.

Tamén aglomerarase a estrada que vai desde Abelleira (Santalla) a Lamas (Vilaseca) cun orzamento de 43.500 euros; a estrada desde curva Teixeira a barrio de Aldea (Espasande de Abaixo) cuio proxecto ascende a cantidade de 45.000 euros, e a estrada desde Espasande de Arriba a Bretoña pola Ladaiña cun importe de execución de 172.000 euros.

Pero ademais destes aglomerados



o Concello anunciou outras obras a realizar este ano como a ampliación da rede de saneamento no lugar de Lamas (Vilaseca), na que se van a investir 35.700 euros, ou a mellora da rede de saneamento municipal en Mundín e Hortobello, cun orzamento de 49.900 euros

Estas obras serán financiadas en parte con cargo o Plan Único da Deputación, outras con cargo o Fondo de Compensación, outras a través de diversos convenios e axudas solicitadas coa Xunta de Galicia e a través de fondos propios municipais.

Estas obras, demandadas polos veciños, despois de diversas reunións veciñais, “consideramos que mellorarán a calidade de vida dos cidadáns e fixarán poboación no rural, xa que son servizos básicos”, di o alcalde, Clemente Iglesias.

“Esiximos a Deputación provincial que cumpra as súas promesas de sacar a licitación a obra do Polígono Industrial e o acondicionamento inmediato da estrada LU-P-4404 que vai desde o Casco Urbano a Aldurfe pasando polo Teixeira e Espasande de Arriba”, engaden.

A Deputación inviste 9.345 euros co plan Ilumin@

O Grupo Socialista de Riotorto avanza que o Plan Ilumin@, posto en marcha pola Deputación de Lugo, investirá en Riotorto 9.345 euros para mellorar a eficiencia enerxética.

Concretamente, a través deste proxecto, instalaranse 52 luminarias LED de 30w, distribuídas en catro núcleos que son os de Ferrería, Chacin, Val e Souto do Val. Ademais con cargo a este investimento tamén se realizarán melloras nos cadros eléctricos destes núcleos.

José García sinalou que con estas novas luminarias “melloraremos a

calidade do noso alumeadado, e tamén aforraremos na factura, xa que estas novas dotacións contribúen reducir a facturación eléctrica das nosas instalacións municipais”. Por iso, agradeceu o compromiso da Deputación que preside o socialista José Tomé Roca, xa que unha vez máis amosa o seu compromiso co noso Concello”. Hai que lembrar que o Plan Ilumin@ está dotado con 723.000€, dos que o 80% son fondos europeos que a Deputación conseguiu a través do Idae, un organismo dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica.

Entregan en Órrea os títulos de concentración parcelaria

O Concello de Riotorto convocou aos veciños afectados á entrega de títulos de Concentración Parcelaria da zona de Órrea-Galagos, que rematou recentemente. Esta acción terá lugar os días 23 e 23 de marzo na escola e Órrea. Debido á situación sanitaria a entrega será por quendas comezando ás 10.00 horas da mañá pola letra A e B como inicial do primeiro apelido. Na primeira xornada entregaranse ata finalizar, sobre

as 19.00 horas a F.

Os veciños afectados deberán acudir co seu DNI, ao mesmo tempo que aqueles que queiran recoller os títulos en nome de persoas falecidas, que deberán adxuntar a documentación correspondente á sucesión.

Así mesmo, as persoas que non poidan acudir e envíen un autorizado, este deberá vir coa conseguinte autorización e o DNI do propietario.

O persoal opositor dos centros de día continúa a súa folga

Persoal do centro de día realizou unha concentración ante este organismo como protesta polas condicións impostas pola Xunta para as oposicións.

Esta acción reivindicativa, que se mantén con carácter indefinido, dende fai unha semana todos os xoves neste mesmo horario, pretende por de relevancia que Administración autonómica cambiou os baremos, xa que agora para acceder ás prazas en propiedade plantexan que o exame sexa a parte que máis se terá en conta (60%), moi por diante dos méritos (35%) e da formación (5%).

“Queremos denunciar a situación laboral irregular que vivimos dende hai 13 anos por culpa dunha Xunta que agora quere prescindir da nosa experiencia convocando unha nova OPE libre”, explican. Os manifestantes propoñen que se convoque, por exemplo, un exame restrinxido ou un concurso de méritos restrinxido. A protesta de hoxe é continuación da realizada o pasado xoves: ese día houbo un paro de 24 horas, con mantemento de servizos mínimos. No centro de día de Abadín hai un persoal de doce persoas, das que tres son fixas e nove levan anos contratadas pero sen a oposición.



O PSOE quiere impulsar a concentración parcelaria

O PSOE de Abadín presentou unha moción ante o Pleno do Concello no que insta ao Concello a que se involucre e impulse a concentración parcelaria. Segundo indica o partido, o Concello necesita realizar políticas de ordenación e desenvolvemento no medio rural que doten de servizos e expectativas laborais á poboación. “Para iso é necesario realizar investimentos que potencien as súas infraestruturas como base para o seu desenvolvemento, actuando na mellora dos seus camiños, abastecementos, saneamentos e dotacións comunais”, din. Aseguran que é importante para Abadín ter un sector primario competitivo, xerador de riqueza para que faga de motor económico polo

que consideran que os procesos de concentración parcelaria son un arma importante para este fin. Consideran por tanto que deben impulsar ante a Consellería de Medio Rural unha adecuada ordenación da propiedade, mediante actuacións que levan a cabo o desenvolvemento de concentracións parcelarias nas parroquias. Piden ao Concello por tanto que impulse esta reorganización da propiedade empezando por reunións veciñais para coñecer o sentir popular, impartindo charlas informativas e que se inste á Xunta a que promova concentracións parcelarias nas zonas de actuación do Concello e impulse as de Moncelos e Galgao, xa que esta última está paralizada.

Licitan o contrato para dotar á residencia de maiores local

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, informou de que a Xunta de Goberno provincial aprobou a licitación do contrato para a dotación de equipamento ao centro de atención a maiores de Meira cun orzamento de preto de 300.000 euros.

O contrato divídese en cinco lotes -mobiliario xeral; equipos médicos, xogos e material pedagóxico e axudas; lavandería; pequenos electrodomésticos e material de limpeza; e cortinaxe-, entre os que cabe destacar a mellora das 30 camas destinadas aos residentes, que terán 105cm. de ancho. Esta licitación establece unha posible ampliación na compra de material para o aumento das prazas para residentes das 30 iniciais a 38.

“Seguimos dando pasos importantes para cumprir cos compromisos desta Deputación cos concellos e cos veciños e veciñas da provincia



Vista do exterior da nova residencia de maiores de Meira

en materia de residencias. Co este contrato damos un paso importante de cara a cumprir coa nosa previsión de abrir o Centro de Atención a Maiores de Meira no primeiro semestre do ano, de cara ao verán”, afirmou o presidente. En relación ás residencias, o Presidente destacou a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde do Traballo para acometer as obras

de acondicionamento necesarias para abrir o centro de maiores de Pedrafita do Cebreiro nesta primavera. A apertura destes dous centros, xunto á previsión de apertura de Navia de Suarna a finais de ano permitirá aumentar a rede provincial de residencias das 5 actuais -Trabada, Ribadeo, Pol, A Fonsagrada e Castroverde-, ata 8.

A oficina de Turismo cambia de ubicación



A vella oficina de Turismo de Meira

A oficina de turismo de Meira abrirá o luns 15 de marzo nas novas instalacións, segundo anunciaron dende este centro informativo do Concello. Deste modo, a oficina deixará de ocupar o edificio central da praza do Convento para pasar á planta baixa da casa consistorial, con entrada dende a praza principal. No mes de decembro intentaron facer o cambio ás novas instalacións pero non puido ser posible

por problemas técnicos. Na oficina traballa unha única persoa que ten durante todo o ano (agás nos meses de xullo e agosto) horario de mañá de luns a venres (9.00 a 15.00 horas) os sábados de 10 a 14.00 e de 16.30 a 19.00 horas. Os domingos tamén ten horario especial de 10.00 a 14.00 horas. No verán amplían á tarde o horario de atención ao público durante a semana.

abadín

Envían os primeiros 60 kilos de grelos da web de venda on line

A plataforma Expogrelo.com, posta en marcha polo Concello de Abadín, xa enviou os seus primeiros pedidos de grelos con garantía de orixe e procedente da venda on line.

Deste xeito, faise historia neste Concello ao centralizar a venda deste produto desde o Concello, que se encarga da distribución tras o financiamento e posta en marcha desta páxina.

Así, os primeiros 60 quilogramos de grelos macharon aos seus lugares de destino, repartidos na península, nunhas caixas deseñadas especificamente para o seu transporte.

Aínda que chegará a distintas partes, este produto de Indicación Xeográfica Protexida (IXP) tivo a maior demanda en lugares de proximidade como Outeiro de Rei, Burela, Cervo, Lugo ou mesmo Cedeira, aínda que tamén ten demanda dende Bilbao ou mesmo Málaga.

A posta en marcha desta iniciativa estivo condicionada pola suspensión da Feira do Grelo, que todos os anos centraliza en Abadín a



Primeiro envío de grelos dende Abadín

venda deste produto de grande fama. A situación sanitaria foi o condicionante para que se eliminase a feira e buscaron esta opción para darlle saída á produción de tempada.

Un total de 14 produtores do municipio déronse de alta inicialmente na plataforma, na que se espera que se vaian incorporando máis, posto que aínda que a iniciativa xurdiu a raíz da pandemia, o Concello quere mantela no tempo e ir incorporando novas ofertas e servizos. As madas de grelos véndense polo

momento a 2 euros e os ingresos van directamente aos produtores aínda que a web centraliza a produción. Ademais, a aplicación permite elixir ao greleiro ao que lle quere comprar os grelos e na propia web xa se indica se este dispón ou non de existencias.

A loxística está centralizada polo momento no campo da feira de Gontán, dende onde o Concello reúne os envíos para facilitar esta tarefa, para o que contratou unha empresa de transportes para o reparto.

Os populares reclaman ao Concello máis axudas pola covid

O Grupo Municipal do Partido Popular de Meira critica “a inoperancia do alcalde” e o equipo de goberno local porque “non foron capaces de sacar unha nova convocatoria de axudas directas á hostalería e outros comercios afectados” polas medidas recollidas na Orde do DOG do 26 de xaneiro para conter a pandemia da covid-19 “no momento no que máis o precisan”.

Ademais de axudas directas para os locais afectados polos peches; os populares tamén propoñen axudas directas para os negocios que non poidan facer fronte ao alugueiro do seu local, rebaixar ou suprimir as taxas municipais da auga, lixo e saneamento e o IBI. Así mesmo, consideran necesarias medidas de dina-

mización económica. Os populares tamén piden que o goberno redacte unha ordenanza da ocupación de vía pública que permita contar con normas claras sobre a colocación de terrazas nas rúas e prazas que “aporten a seguridade xurídica”.

Carlos Veiga destaca que “ante a indiferenza do goberno local co sector hostaleiro, o Goberno da Xunta si que amosou a súa responsabilidade e o seu compromiso cos afectados pola crise da covid”. A través do seu primeiro plan de rescate ao sector hostaleiro, achegou máis de 33.000 euros en axudas que beneficiaron a un total de 11 establecementos de Meira e agora ten aberto o prazo para solicitar as axudas do segundo plan de rescate ao sector.

Recuperan a feira quincenal

Despois do levantamento de determinadas medidas de limitación de entrada e saída de persoas nos distintos ámbitos territoriais e da permanencia en espazos de uso público e de uso privado, o Concello de Meira decidiu que se reanudara o día 7 de marzo de 2021 a feira mercado quincenal que se celebra nesta vila.

O ente municipal lembra que todas as persoas deberán respectar as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención da covid-19.

“Este deber de cautela e protección será igualmente esixible aos titulares de calquera actividade”, conclúen.

TERRA CHÁ



As novas balizas antinéboa

A A-8 terá un sistema de balizas antinéboa

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, anunciou que o Ministerio do Interior vai investir 873.127 euros na instalación das novas balizas detectoras para mellorar a seguridade viaria na A-8 ao seu paso polo alto do Fiuco entre os puntos quilométricos 545,400 e 549,680.

Isabel Rodríguez informou de que a Dirección Xeral de Tráfico xa ten formalizado o contrato coa empresa adjudicataria e destacou que se trata dun novo chanzo no plan para reducir os cortes da autovía provocados polas néboas e para garantir a seguridade viaria neste treito da A-8. Lembrou que a iniciativa da Dirección Xeral de Tráfico de instalación das novas balizas é complementaria do innovador proxecto no que traballa o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para a selección do sistema antinéboa.

Con esta actuación, que conta cun prazo de execución de seis meses, preténdese que as condicións de seguridade que ofrecerán as novas balizas permitan diminuír a 30 metros a distancia de visibilidade na que é necesario cortar o tráfico pola autovía, actualmente é de 40 metros, o que suporá poder manter máis tempo en servizo a A-8 gañando en efectividade un 75%.

As balizas actívanse ao paso dos vehículos, de xeito que ao ser detectado un vehículo acéndese unha luz vermella que segue a súa traza, avisando así da súa presenza aos que poidan circular por detrás para evitar posibles alcances, e outra luz de cor ámbar delimita o trazado da autovía, o que lles serve de guía aos condutores no momento que a néboa comece a causar dificultades na visibilidade.

Aprobado o uso dos remanentes do Plan Único nos concellos de Rábade e Muras

A Xunta de Goberno aprobou tamén a solicitude dos concellos de Chantada, Rábade e Muras para a aplicación de remanentes do Plan Único 2020 por un importe conxunto de máis de 110.000€ a novas obras.

En Rábade dedícanse 35.400€ para a pavimentación da rúa Fernando Arias e, no caso de Muras, destínanse 13.300€ para o financiamento da mellora dos accesos en Valiña e Aborbó e a mellora da eficiencia enerxética na casa consistorial.

En Chantada destinaranse 62.000€ da Deputación á rexeneración das beirarrúas de Carlos Otero Díaz e Concepción Arenal, ao reforzo estrutural da planta primeira da casa escola de Nogueira, ao cerramento da casa escola de Santiago de Arriba e á rehabilitación da de Santa Uxía.

A Chaira deixa atrás a covid

O gromo de Guitiriz está en fase de recesión aínda que seguen en alerta media

Tras superar a terceira vaga da covid, a Terra Chá respira tranquila ao manter a maior parte dos seus concellos limpos de covid.

A illa que representa o contrario é Guitiriz, que xa está camiño de superar a gromo que se detectou o mes pasado e que tivo ao Concello durante unhas semanas nunha situación de alerta máxima.

Agora os casos activos son xa moi poucos, apenas superan a docena e a baixada é continuada. De feito, están xa en alerta media e así seguirán un pouco máis ata que a incidencia baixe máis. A evolución é boa e queda pouco para que se poña ao nivel do resto.

De feito, a maior parte dos concellos levan limpos de covid desde hai quince días. É así en Pol, Abadín, Cospeito, Friol, Castro de Rei, Muras, A Pastoriza, Begonte, Outeiro de Rei e Rábade mentres que Meira só leva sete días sen casos. Si rexistraron algún estes días Vilalba e Xermade, que estivo moitas semanas limpo e que agora ten algún caso que non foi a máis. Vilalba supera así tamén varios meses de tensión.

De feito, a comarca, ao igual que o resto de Galicia superou esta terceira vaga de forma moito máis rápida que o resto. Agora mesmo e tras os altísimos datos de finais de xaneiro, a provincia continúa



O proceso de vacinación continúa en Galicia

en proceso de baixada, por riba do 200 casos e arredor dos 20 ingresados. Guitiriz está en alerta media, ao igual que a veciña As Pontes, Lourenzán e Chantada, e no máximo quedan Paradela e A Pobra de Brollón. O resto está sen casos ou mesmo cunha incidencia moi baixa. Para os de máxima alerta está pechada a hostalaría e se prohíbe a relación con non convivintes, ademais de permanecer o peche perimetral.

No caso da alerta media a hostalaría pode abrir as terrazas pero ao 50% da capacidade e as reunións están permitidas para 4 convivintes. Os veciños poden saír dos seus concellos pero a outros co mesmo

nivel de alerta.

No resto, a maior parte da provincia e de Galicia, a hostalaría abre o interior pero con restricións de aforo.

Tamén volve timidamente a cultura, con moitas limitacións de aforo, o deporte e os centros comerciais volven abrir. O bo tempo anima máis a saír e queda por saber o que se fará finalmente coa ponte de San Xosé e coa Semana Santa, porque as autoridades queren manter o peche por comunidades autónomas para evitar unha nova vaga.

Mentres, a vacinación continúa a bo ritmo, agora co colectivo de maiores de 50.

Concellos do Xistral alegan contra a nova lei de especies protexidas

Os alcaldes dos concellos da Serra do Xistral presentaron unha serie de alegacións contra o proxecto de modificación do Real Decreto de listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial e do catálogo español de especies ameazadas.

O documento, que encabeza O Valadouro, foi subscrito tamén polos alcaldes dos concellos de Abadín, Alfoz, Cervo, Muras, Oural, Viveiro, Xermade e Xove.

Nun principio o colectivo asegura que a publicación dunha norma xenérica para regular a situación do lobo en toda España, non é efectiva, nin xusta, nin apropiada, dado que, "non son uniformes as zonas (hábitats) onde coexiste o lobo con outras especies e coa poboación da contorna, e desta forma, faise ne-

cesario contar con estudos pormenorizados que reflectan a realidade existente e determinen as accións necesarias en cada caso específico". Engaden tamén que a Serra do Xistral e un ente natural único "cuxa conservación depende en gran medida da gandería extensiva, en especial do gando equino". Esta coexistencia entre o cabalo e o lobo prodúcese en contados lugares do planeta (Galicia, Norte de Portugal, Mongolia e poucos outros) e cando se chega ao desequilibrio, feito contrastado, por exceso poboacional do lobo, "pasamos de 237 avisos de ataque en 2013 a case 1000 en 2020, sen contar os non denunciados por diversas cuestións". Consideran por tanto que abócase á actividade gandeira ao abandono ante o risco de ataques aos seus animais,

fundamentais para a conservación de toda a contorna.

"O manexo ancestral que fixeron os poboadores desta serra caracterízase pola tradición de manter unha gandería extensiva en estado salvaxe ou semi-salvaxe conformada por mandas de cabalos e rabaños de vacas, os cales pastaron en liberdade e preservado a peculiar vexetación deste hábitat, son os cabalos e vacas que pastan no Xistral, o seu manexo secular, os seus curros e as súas rapas unha das maiores manifestacións culturais, etnográficas e turísticas da nosa comarca", explican

Por todo o exposto, solicitan un apazamento na toma de decisións relativas ao lobo ibérico e a apertura de diálogo con todos os sectores afectados.

A Deputación destina 2,6 millóns de euros á roza de estradas

A Deputación de Lugo destina 2,6 millóns de euros á roza da rede viaria provincial entre este ano e o 2022, traballos que se farán entre os meses de xuño e xullo. O contrato divídese en 24 zonas para axilizar os traballos, ao poder acometelos así en distintas estradas ao mesmo tempo.

Os traballos consistirán na roza e limpeza xeral da maleza en ambas marxes das vías, de maneira que queden despexadas as bermas e cunetas, taludes, zonas situadas baixo as barreiras metálicas e a contorna das sinais e peches. Tamén a poda do arborado para deixar un gálibo vertical libre de 5 metros en todo o ancho da vía.

Cada licitador non se poderá presentar a prestar servizo en máis de tres zonas nin ser adjudicatario de máis dun lote, salvo que algún deles quedase deserto.

Xosé Manuel Felpeto prepara a presentación da súa primeira novela

Xosé Manuel Felpeto, un home nacido, criado e amante de Cabreiros, ten preparada xa a súa primeira novela, *O pau de ferro*, que verá a luz o día 27 deste mes cando se presente. Felpeto é unha persoa moi coñecida na vila que o viu nacer xa hai uns cantos anos, leva máis de 20 presidindo a asociación de veciños e é culpable dunha gran parte da actividade cultural da contorna.

Amante das letras, ten moita tradición na escritura, á que se achegou dende sempre, e decidiu apostar pola novela. A idea levaba tempo rondando pola súa cabeza e finalmente decidiu rematar o proxecto e dar o salto final buscando un editor. "Fixen sempre colaboracións con outras xentes, sempre corporativamente pero o que era editar eu só supoñía un paso grande e agora xa está dado", relata.

Prexubilado de Endesa, Felpeto empregou os dous últimos anos neste proxecto, *O pau de ferro*, unha novela de pequenas cousas e grandes lembranzas.

Nela, seguimos a pegada na vida de Brais, dende o seu nacemento, nunhas condicións duras, ata os 25 anos, cando xa ten a súa vida encauzada.

Brais é un rapaz do rural, un rapaz que pon de relevo esas pequenas cousas da vida de todos, todas esas que están ao redor, "esas pequenas cousas tan necesarias e amadas



A portada do libro *O Pau de Ferro* e o seu autor

sempre preto de nós dende nenos, ás que tanto lles debemos".

Afirma Felpeto que non é autobiográfica pero ao mesmo tempo todos os lectores poderán atopar nela un trozo da súa alma, e moitas das súas lembranzas.

"Aqueles que xa a leron coinciden en sinalar que hai pasaxes nos que se atopaban eles mesmos, porque son vivencias que todos os que nacimos entre os 50 e os 80 podemos ver reflectidas, igual os máis novos están máis desubicados pero a intención non é esa", recalca.

O pau de ferro recolle tamén seis ilustracións de Leandro Lamas. Cando o autor apostou por incorporar esta apoio visual á súa historia "en quen ía pensar máis que en el, ade-

mais de amigo e compañeiro ten unha grandísima calidade artística", explica.

"O que intentei con este libro é que reflectira unha amizade, a comunicación entre xeracións, a sapiencia dos nosos maiores e lembrar detalles como a escola unitaria, as mestras de antes, esas pequenas cousas que son a vida mesma", conclúe.

Polo de pronto, *O pau de ferro* chegará ás librerías a finais de mes con moito retraso debido ao confinamento. Tiña como data de presentación prevista o mes de abril do pasado ano pero decidiron deixar pasar o tempo á espera de que mellorara a situación sanitaria. O autor xa fixo pública a portada e para o interior... pouco tempo de espera queda.

Adamo advirte un disparo das videochamadas entre maiores

A soidade que sofren moitas persoas maiores é unha das consecuencias máis evidentes dos confinamentos, as restricións de movemento e as limitacións de socialización que trouxo o coronavirus. Aínda que menos dixitalizadas que outros sectores da poboación, iso non impide que aquelas recorran cada vez máis á tecnoloxía para paliar esa falta de contacto. Exemplo desta realidade é que as videochamadas con familiares e amigos dispáranse máis dun 20% entre os maiores de 65 anos desde a irrupción da covid-19.

MAIORES E CORONAVIRUS. Así se desprende da enquisa realizada por Adamo xunto coa consultora Análise e Investigación sobre os cambios nos hábitos dixitais antes e despois da pandemia en cidadáns que superan esa idade. En concreto, o 38,8% dos enquisados manifesta que usa agora as chamadas que unen voz e imaxe para estar en contacto coa familia e os amigos. Esa cifra supón un incremento de máis de 21 puntos en relación ao 17,5% que videochamaba antes da pandemia. Dos enquisados, o 48,2% das mulleres sèrvese de videoconferencias, mentres que,

no caso dos homes, a porcentaxe é do 31,9%.

Nese sentido, 4 de cada 5 persoas nese rango de idade aseguran sentirse máis acompañadas grazas ás videoconferencias: algo máis, o 28%; bastante máis, o 40,5%; moito máis, o 10,8%. Esa capacidade para proporcionar proximidade fai que, das actividades habituais que este grupo de poboación leva a cabo na internet, esta sexa a que máis creza.

CITAS MÉDICAS E COMERCIO. Outra das consecuencias deste escenario sen precedentes ten que ver coas citas médicas en remoto: antes da crise pandémica só optaba por esta vía o 6,3%; despois, o 14,8%. É dicir, que o seu número duplicase amplamente.

O comercio electrónico elévase igualmente entre as persoas en idade de xubilación (do 19,3 ao 24,8% dos enquisados). Aínda que, neste campo, o aspecto máis rechamante é que o 57,8% esgrime como razón para adquirir produtos por Internet o poder evitar saír de casa. Ademais, a proporción de maiores de 65 anos que adquiren en liña os artigos de alimentación dóbrase desde a aparición do coronavirus (do 8,3 ao 16%).

Denuncian o proceso selectivo do subdirector do Agader

O BNG presentou unha batería de iniciativas no Parlamento galego para esixir á Xunta que declare deserta a praza de subdirector para as relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural de Agader adjudicada ao ex deputado do PP, Moisés Blanco Paradelo, e reinicie o proceso selectivo establecendo criterios que garantan a cualificación técnica da persoa seleccionada, así como as condicións de igualdade, mérito e capacidade para o acceso ao posto. Así o reclama a formación nacionalista da man da súa portavoz de Montes, María Albert, logo do proceso selectivo iniciado na Agader curiosamente o 23 de decembro e rematado este pasado 12 de febreiro coa resolución na que se publican as puntuacións finais e se designa a Moisés Blanco como o candidato seleccionado.


O BNG denuncia que na relación de requisitos e baremación dos mesmos non só non se exige a habitual bagaxe de méritos profesionais e unha relación laboral e formativa acreditada en relación ao posto convocado, senón que mesmo se

valoran titulacións diferentes ás requiridas na convocatoria; asistencia a cursos sen esixir que estean nin homologados nin vinculados ao sector; e, no apartado de experiencia, incorpórase a valoración a "docencia", rechamante, tendo en conta que o ex parlamentario é mestre de Música. Ademais de desaparecer o requisito de coñecemento da lingua galega, que semella tería que ser preceptivo a un cargo destas características, tamén resulta curioso o feito de que se reclamara un informe (favorábel) á Dirección xeral de Función Pública para que o posto puidese ser cuberto por unha persoa que non tivese a condición de funcionara pública, pese que a priori non semella xustificado o carácter de excepcionalidade desta circunstancia para este posto. Segundo recrimina Albert, "todas estas cuestións e moitas outras facían prever que se trataba dun posto que estaba preadjudicado para colocar a unha persoa en concreto e agora, vendo a resolución, por desgraza non con asombro, confirmase que era un posto con nome e apelidos desde a convocatoria da vacante".

Aberta a matrícula na Uned sénior ata o 15 de marzo

Tamén está aberto ata o 15 de marzo o segundo prazo de matrícula para materias do segundo semestre da Uned sénior da Coruña. Este novo prazo de inscrición é tamén para aqueles estudantes que queiran ampliar matrícula.

O programa formativo Uned Sénior, dirixido a persoas maiores de 55 anos que, con independencia da súa formación académica, estean interesadas en enriquecer os seus coñecementos sen realizar exames.



A UNED DE LUGO, CON ECUADOR. A directora da Uned de Lugo, Ana Belén Traseira, e a reitora Martha Bucaram, da Universidade Agrícola de Ecuador, mantiveron unha xuntanza de traballo onde se estudaron posibles sinerxias a levar a cabo entre ambas institucións universitarias como poden ser seminarios, congresos, voluntariado ou proxectos de investigación conxuntos.

LA CASILLA HOSTAL RESTAURANTE

Preparamos comidas para llevar por encargo

BODAS - COMUNIONES - BANQUETES

zona para Boda Civil

GUITIRIZ 982 37 01 888

www.lacasilla.es

DEPUTACIÓN



A Deputación presenta o Plan de Impulso da Economía

A Deputación presentou un Plan de Impulso da Economía da Provincia dotado con 7M€, o que supón o 8% dos orzamentos da institución provincial. “Seguiremos contribuíndo a paliar o impacto da pandemia con 10 medidas de apoio, promoción e incentivo do consumo nos sectores económicos máis afectados polas restricións sanitarias, sobre todo a hostalería, o turismo e o comercio local”, subliñou José Tomé.

BONOS. Inxección económica de máis de medio millón de euros (510.000€) nos negocios hostaleiros e comerciais de todos os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes co reparto duns 17.000 bonos, cun importe de 30€ cada un deles, para consumir ou para mercar nos establecementos.

COÑECE A TÚA PROVINCIA. A Deputación poñerá en marcha un novo programa, denominado Coñece a túa provincia, dotado con 200.000€ e destinado a fomentar o turismo de proximidade entre os veciños e veciñas da propia provincia de Lugo, o que contribuirá á recuperación sostible do sector turístico e da hostalería. Este programa está dirixido a entidades sen ánimo de lucro de toda a provincia, e ofrece viaxes en pequenos grupos.

SABOREA A TÚA PROVINCIA. Co obxectivo de promover e incentivar o consumo dos produtos de calidade, a Deputación lanzará o programa Saborea a túa provincia, que consiste en xornadas gastronómicas e lúdicas por toda a provincia, unha cada fin de semana, na que cociñeiros e cociñeiras lucenses colaborarán con establecementos locais para ofrecer pratos con produtos típicos de cada zona. Ademais, haberá actividades para todos os públicos. Tamén ofrecerá, as fins de semana,

actividades de turismo activo e deportivo, e actividades fluviais.

CATAMARÁN POLA RIBEIRA SACRA Entre outras actuacións de promoción da Ribeira Sacra no ano no que aspira a ser declarada Patrimonio da Humanidade, a Deputación fomentará as rutas fluviais en catamarán sorteando viaxes, o que potenciará aínda máis o efecto multiplicador que este servizo turístico público terá sobre a economía da zona.

A todo isto sumarase o impacto do paso pola provincia da Volta Ciclista a España 2021, que terá como final de etapa Monforte o día 3 de setembro.

LUGO TERMAL. Como medida para aumentar o beneficio directo do programa Lugo Termal nos balnearios da provincia –en Lugo, Pambre e Pantón–, a Deputación amplía os beneficiarios deste bonos, de modo que poidan participar maiores de 50 anos, e cun acompañante que non teña necesariamente esta idade. Lugo Termal ofrece descontos aos veciños e veciñas para facilitarlles o acceso a estes establecementos e recibir terapias mineiromedinais.

PROMOCIÓN DO TERRITORIO. A Deputación inxectará 100.000€ nos colectivos que impulsan o desenvolvemento do territorio con proxectos vinculados ao medio ambiente e ao rural. Como exemplo do tipo de iniciativas aos que vai dirixida esta medida, o Presidente puxo o plan de recuperación, conservación e aproveitamento económico dos soutos da Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses, finalista nos premios Copa de España Creativa 2020, que recoñecen os proxectos máis innovadores e creativos para favorecer o desenvolvemento do territorio.

TECIDO ASOCIATIVO. No marco da colaboración directa e permanente

que a Deputación mantén co tecido asociativo, este ano destinará máis de 1M€ para asociacións do eido social, económico, turístico e audiovisual.

DIXITALIZACIÓN. A Deputación destina 1,7M€ para mellorar a competitividade e a rendibilidade do tecido empresarial a través das novas tecnoloxías cun programa gracias ao que, polo menos, 770 autónomos e PEMES da provincia diversificarán e modernizarán a organización da súa empresa, tamén tecnoloxicamente.

EMPREGABILIDADE. A Deputación dispón 370.000€ para a formación de máis de 250 persoas desempregadas de longa duración, en sectores con gran potencial de emprego na provincia, como son: a atención sociosanitaria a dependentes, e a renovación xeracional no sector vitivinícola, isto último tendo en conta que a Ribeira Sacra aspira a ser declarada este ano Patrimonio da Humanidade, o que pode dar tamén un impulso ao coñecemento dos viños desta denominación.

FORMACIÓN DE DESEMPREGADOS. Dentro do seu compromiso para ofrecer oportunidades á mocidade que no encontra emprego para que poida facer o seu proxecto de vida na provincia, a Deputación dedica 2,3M€ para promover un programa de fomento do emprego dirixido a 600 mozos, a través do cal poderán traballar en empresas, en especial, en entidades do Terceiro Sector.

PLAN ÚNICO. A este novo decálogo de 10 medidas, súmase a liña Covid do Plan Único, grazas á que os concellos poden dispoñer de fondos para medidas sociais e económicas contra a covid, e, máis en concreto, para apoiar ao sector servizos, a hostalería, o comercio e o turismo.

Reclama á Xunta máis financiamento ao SAF

A Deputación de Lugo reclamará á Xunta de Galicia que incremente a financiación para o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) logo de levar dez anos destinando os mesmos recursos. Así o acordou o Pleno provincial coa aprobación dunha moción socialista que contou co apoio do BNG e abstención do PP, que pretende reforzar un dos piares do estado de Benestar na provincia.

O responsable provincial da área de Promoción Económica e Social lembrou que este servizo ten por obxecto prever e atender situacións de necesidade prestando apoio de carácter doméstico, social, educativo, rehabilitador ou técnico e acusou ao Goberno autonómico de “mala praxe” por traspasar a responsabilidade aos Concellos sen axudarlles coa financiación.

“Basta xa de cargar ós concellos e ós veciños con responsabilidades e custos que non lles corresponden”,

denunciou Rivera, que lamentou que a Xunta de Galicia mantexa conxelado, dende fai dez anos, o financiamento do SAF. O Deputado socialista reprochou que o Goberno autonómico, cun orzamento de 11.563M€ destine 9,70 euros por hora para este servizo que ten un custe real de entre 18 e 22€, sendo os concellos e as persoas os que asumen ese desfase. Defendeu o responsable de Promoción Económica e Social que, cun presuposto de só 92,5M€, a Deputación de Lugo dedica ao SAF case 12€/hora nos orzamentos 2021.

Pablo Rivera explicou que as competencias en materia de Servizos Sociais están atribuídas á Xunta, e que o seu traspaso ás entidades locais, segundo recolle a Lei, “deberá ir acompañada da transferencia dos medios económicos, materiais e persoais que resulten necesarios para o seu adecuado exercicio”.



Instalación de luminarias en Baltar, Begonte

Comeza a instalación de luminarias do Plan ilumin@

A Deputación xa comezou a substituír as luminarias existentes por outras de tecnoloxía LED de baixo consumo nos 38 concellos da provincia adheridos ao plan de aforro enerxético ILUMIN@. En concreto, os traballos xa están moi avanzados nos municipios de Baralla, Cospeito, Lán cara, Begonte e Castro de Rei e no resto están a piques de comezar, logo de rematar esta semana todas as accións da primeira fase de supervisión de instalacións municipais. En Cospeito o Ilumin@ está mellorando o alumeadado público no núcleo de Xustas. Renóvanse 58 puntos de luz cun investimento de preto de 19.000€. Neste caso, o aforro enerxético será do 72% con respecto á

actual instalación. No concello de Begonte, ademais, estase actuando nas instalacións exteriores da Carretera de Saavedra e Baltar-Damil. Neste municipio renóvanse 30 puntos de luz cun investimento de máis de 14.000€ e un aforro previsto de case o 80% do consumo eléctrico das instalacións, segundo os informes técnicos. Doutra banda, en Castro de Rei, múdanse 32 puntos de luz do alumeadado das rúas Emilio Sinde Nieto, Manuel Becerra e Prevesos. Neste caso, invístense preto de 20.400€, significando un aforro do 84% na factura desta instalación. Todas as actuacións rematarán, como máximo, en xuño deste ano.

AGRO

Cruce de acusacións no debate do Plan Forestal de Galicia

O Parlamento galego aprobou a revisión do Plan Forestal, ao que o PP califica como “un instrumento básico de planificación forestal que busca a eficiencia a través da ordenación e a xestión sustentable dos espazos e recursos forestais”. Malia esta defensa non faltaron as voces en contra que seguiron sucedéndose.

Elena Candia defendeu que o novo Plan Forestal é “un documento flexible e vivo, que nace co compromiso serio da súa posta en marcha e aplicación”. Así, lembrou que na súa elaboración participaron 26 entidades e incorpora case o 90 por cento das directrices propostas, así como o 75 por cento do ditame da Comisión de Estudo sobre a política forestal e os incendios forestais celebrada a pasa-

da lexislatura.

O portavoz de Política Forestal do Grupo Socialista, Martín Seco, reclamoulle ao goberno galego que retire o Plan Forestal para presentar un novo documento “serio e rigoroso”. Respondeu así á proposta de transacción única presentada polo PP no Pleno do Parlamento para suspender as novas plantacións de eucaliptos onde non se tiveran plantado ata o momento, que cualificou de “ocorrência” e “chalanceo”.

Seco reclamou a retirada do documento para volver ao consenso do ano 2018, “que prevía unha planificación forestal imprescindible para dous terzos do territorio e que foi incumplido polo goberno galego”. Advertiu que “o noso rural non está

para ocorrencias”, como cualificou á proposta de suspensión “en cinco minutos, sen explicación técnica nin encaixe no desenrolo do plan”.

Os socialistas galegos presentaron unha serie de propostas de Resolución, ademais da contraproposta de transacción conxunta para a retirada do plan, para garantir que cumpran coa legalidade, adaptando o texto ao novo marco xurídico vixente en Galicia en virtude da nova Lei de Ordenación do Territorio de Galicia.

O BNG, pola súa banda, censurou á Xunta o seu anuncio dunha moratoria ás novas plantacións de eucaliptos que finalmente non incorporou ao Plan nin transaccionou co resto de forzas políticas durante a tramitación e votación final do texto.

ELISARDO BARCALA



Demandan á Xunta as medidas para levar a cabo a moratoria do eucalipto

Tras do anuncio da Xunta de Galicia dunha moratoria para a plantación de eucaliptos a plataforma Por un Monte Galego con Futuro alégrase de que por fin o Goberno Galego “recoñeza o grave problema económico e ambiental que ten Galiza polo monocultivo do eucalipto”.

A plataforma denuncia que a moratoria non terá valor ningún se non se establecen a través dun regulamento de medidas específicas para aplicala de maneira efectiva impedindo novas plantacións de eucalipto mediante un reforzamento das medidas de control e vixilancia.

O Plan Forestal Galego de 1992 establecía como limiar que no ano 2032 as plantacións de eucalipto ocuparían 245.000 hectáreas. Segundo os últimos datos do Inventario Forestal de Especies Produtivas -realizado cada década polo Ministerio-, en 2018 eran xa 300.500 hectáreas de monocultivo de eucalipto e outras 121.700 hectáreas nas que a especie se atopaba presente dalgún modo. É dicir, case o dobre das previstas para 2032. A falta de realizarse o novo inventario forestal encargado polo Goberno galego xa hai voces autorizadas alertando que esta especie exótica invasora pode ocupar xa preto das 600.000 hectáreas en Galicia. A plataforma sinala que o anuncio da moratoria prodúcese escasas horas despois de aprobar un novo Plan Forestal “que responde unicamente a intereses produtivistas e privados”.

Procesionaria dos piñeiros

APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

Hoxe imos falar de un insecto, neste caso unha bolboreta que cuxas larvas presentan un risco pra as nosas mascotas, ese animal é a Procesionaria. A procesionaria (tamén chamada en Galicia carroceiro e arrieiro) é unha bolboreta cuxas larvas son parasitarias das coníferas e aínda que pode atacar abetos, cedros, a súa presa ideal son os piñeiros.

Son unha vista habitual na Terra Chá nos piñeirais, as eirugas forman uns niños para protexerse das inclemencias do tempo, se nos fixamos son esas bolas brancas que vemos nas copas dos piñeiros.

As eirugas están neses niños de setembro a marzo, formando unha bola de seda engarzada coas pugas dos piñeiros, os invernos suaves que estamos a ter redución moito a mortalidade larval e agora mesmo só as chuvieiras de moita intensidade son capaces de destruílos.

Entre febreiro e abril as eirugas aliméntanse das pugas dos piñeiros (é un insecto defoliador) pero que case nunca producen danos graves as árbores).

Tras alimentarse durante uns 30 días, entre febreiro e abril, é dicir, ao final do inverno, as eirugas nesta última fase larvaria descenden ao chan,

en características filas indias (de aí o seu nome común de “procesionarias”). Fano así de maneira que se protexen mutuamente a cabeza, que é o alimento de moitos paxaros, desta forma quedan protexidas unhas por outras. Esta busca as zonas máis asolladas e cálidas, cando se trata de zonas frías e tépedas, ou busca lugares máis sombreados no caso de zonas de temperaturas cálidas. A temperatura óptima do emprazamento do enterramento é duns 20 °C.

Este é o momento no que poden resultar perigosas para as nosas mascotas, estas larvas están cubertas duns “pelos” urticantes que poden soltar cando se ven ameazadas.

A reacción inflamatoria causada polos pelos prolóngase por mor da capacidade que teñen os pelos urticantes de permanecer cravados na zona da mucosa oral. A localización, o tipo de contacto e a precocidade do tratamento están moi relacionados co prognóstico e as consecuencias. O sitio máis frecuente onde se produce o contacto soe ser no fuciño causando inflamación dos beizos, lingua e enxivas. As a primeira lesión que observamos ten forma de erosión e convertese moi rápido en úlceras e necrose dos tecidos. Os pelos urticantes transportados polo aire poden ter contacto coa zona ocular e nasal ocasionando inflamación das pálpebras, úlceras corneais e rinite. O primeiro que vemos na nosa mascota se entra en contacto é que o animal ponse moi nervioso, toca a boca coas patas, fai intentos de

tragar e babease traga as eirugas, observaremos vómitos. Isto evoluciona dun xeito moi rápido a unha inflamación que en casos graves pode impedir que se peche a bocanun e que a lingua e debaixo de ela adquira unha cor azul (por incapacidade de manter o rego sanguíneo) Se persiste a clínica progresa cara a unha afectación de todo o corpo en forma de insuficiencia respiratoria, febre, convulsións, podendo desencadear unha coagulación intravascular disseminada e a morte.

A diagnose precoz é importante para limitar as secuelas e baséase nunha boa anamnese da contorna (considerar época do ano, posibles contactos con procesionaria) para diferencialo dun cadro de alerxia aguda a outros alérxenos. Tamén se debe descartar a picadura de insectos, o contacto ou inxesta de substancias cáusticas e a electrocución por mordedura de cables. De detectar eses síntomas, é fundamental acudir o veterinario o antes posible.

O mellor método de control é a propia natureza. A procesionaria posúe unha gran cantidade de depredadores, como insectos comedores de postas, as formigas vermellas, avespas, pequenos paxaros insectívoros, como o carboeiro, o ferreiriño, cuco, etc.). Tamén o Leirón careto, merlo ou tordo e a bubela, os cales capturan crisálidas enterradas. Por último, os morcegos, que se alimentan nas noites de verán das bolboretas, aínda que teñen serios problemas cos pelos urticantes das eirugas. E ademais, o

corvo e a pega rabilonga. Pero aínda que os insectos e vertebrados son os máis vistosos, no control natural de procesionaria, destaca a eficacia duns fungos do chan, que conseguen dun modo moi importante romper o ciclo biolóxico desta especie. Trátase dos fungos do xénero Cordyceps, cuxas esporas quedan atrapadas entre os pelos das eirugas no seu descenso a terra na primavera. O soterramento destas e a humidade de terra favorecen a xerminación dos fungos sobre a crisálida da procesionaria, alimentándose destes tecidos orgánicos e matando a bolboreta que se desenvolve no seu interior. Tamén existen parasitos de ovo pertencentes á familia dos Himenópteros, que causan baixas importantes que poden chegar ata o 60% do total dos ovos da posta. Todos estes depredadores e parasitos debemos de tentar coidalos e respetalos, para conseguir un control natural das poboacións. É tamén recomendable, sempre que sexa posible, non repoboar con especies de piñeiros sensibles á praga como os piñeiros exóticos (por desgraza a Terra Chá esta ocupada na maioría das plantacións de Piñeiro de Monterrey que é americano). Outro factor que favorece a expansión da bolboreta é a perda da biodiversidade, xa que o aumentar as masas de especies forestais monoespecíficas de piñeiro e eucalipto e as veces misturadas, máis a perda do mosaicismo e a tala das frondosas nas beiras das fincas diminúe a presenza destes depredadores.

DEPORTES

EN BREVE

CONFERENCIA. O Comité Galego de Adeptadores da Real Federación Galega de Fútbol (RFGF) desenvolverá unha nova actividade formativa na que participa o adestrador do Begonte, David Pena, o vindeiro venres 19 de marzo, ás 20.00 horas. Pena desembarcará nas xornadas formativas co seu relatorio *Porteros de base. Estructura de entrenamientos por fases*. Xunto a el estará o salmantino Tomás de Dios co seu relatorio *De la táctica individual al juego simplificado*.



LAGOA DE COSPEITO. O grupo BTT Lagoa de Cospeito celebrará o 11 de setembro a cuarta edición da súa quedada anual, cita que non se puido celebrar o ano pasado debido á pandemia do coronavirus. Quedou mal sabor de boca non poder celebralo xa que as primeiras edicións tiveron unha gran aceptación por parte dos deportistas, que fixeron un percorrido por carballeiras e camiños de varias parroquias do Concello, incluíndo tamen sendeiros pola beira do río Támoga. O trazado aínda está en proceso de definirse e o prazo de inscrición aínda non está aberto pero o obxectivo quere fixar esa data no calendario.

VILALBA FS. Diego Seijas vén de incorporarse como novo reforzo do equipo chairego Vilalba FS para participar na segunda volta da competición. Procedente do Outeiro de Rei FS, Diego é un ala diestro que aporta pegada, intensidade e esforzo dentro do 40x20.

PM FRIOL. Luis Martín, un novo adestrador sevillano, vén de sumarse ás filas do PM Friol en substitución de Sergio, de baixa por motivos persoais. A pesar da súa mocidade, este adestrador conta cunha ampla experiencia tras o seu paso por clubs como AD Nervion, CD Gerena, onde foi membro do staff técnico do equipo de Terceira División, e o San Roque Balompé, club do que procede. Os seus equipos caracterízanse por un fútbol ofensivo e cun bo trato de balón.

Volve o fútbol e o fútbol sala autonómico

Este mes iniciaránse as competicións en todas as categorías agás en Preferente masculina de sala

As competicións de fútbol e fútbol sala reiniciaránse finalmente este mes tras a volta á normalidade, aínda que o farán seguindo unhas características especiais, xa que as competicións terán unha configuración exprés, cunha duración estimada de entre 10 e 16 semanas. En principio arrincarán a finais de marzo. Para fútbol serán as categorías de Preferente Galicia, Primeira División feminina, Liga Galega xuvenil, División de Honra cadete, Liga Galega cadete, Liga Galega infantil e tamén se suma a Liga Galega infantil feminina.

Como normativa este ano, as competicións ofrecerá unha listaxe dos correspondentes ascensos, pero non haberá descensos, sen que iso impida a posibilidade de descensos administrativos a modo de sanción pola comisión de infraccións graves.

Á vista da tardía data de inicio das competicións debido ás medidas adoptadas polas autoridades sanitarias a causa da pandemia, así como en previsión de posibles suspensións temporais por causas de



forza maior, acórdase que o remate da tempada podería ir máis aló do 30 de xuño.

Outra das decisións que se tomaron é que esta tempada 2020/2021 non haberá cobertura de vacantes no suposto de renuncias por non inscrición nas distintas categorías debido á necesidade de acomodar as categorías aos seus formatos anteriores ás circunstancias extraordinarias derivadas da pandemia. Tampouco rexerá ningún límite de xornadas para que se permita o cambio da orde de campos.

Na categoría de Preferente de fútbol decidiron competir o 80% dos

equipos, nas Ligas Galegas de base o 93% e nas Femininas (Primeira División Galega e Liga Galega infantil) inscribíronse o 70% dos equipos. Na provincia volveron apuntarse os mesmos que na anterior ocasión agás o Milagrosa e o Friol femininos infantís, polo que non haberá representación luguesa este ano nesa categoría.

Si estará representada a provincia en Preferente por Foz, Ribadeo, Santaballés, Residencia, Sarriana e Lemos, trala retirada do Escairón. En categoría xuvenil competirán Residencia, Viveiro, Vilalbés B e Calasancio. Todos, agás o Residen-

cia estarán en cadete, onde tamén participará o Milagrosa e o Lugo B. En infantil só tres equipos, Viveiro, Lugo e Residencia. En División de Honra cadete só estará presente o Lugo.

Na categoría feminina sénior de Primeira participarán Antas, Friol B e Lugo.

En fútbol sala, a única categoría na que non haberá competición será a Preferente masculina dada a baixa inscrición de equipos. Polo tanto, os apuntados, Rábade, Meigallos e Guitiriz non xogarán este ano.

No resto das categorías masculinas activadas pola RFGF (Liga Galega xuvenil, División de Honra cadete, Liga Galega cadete, Liga Galega infantil e Liga Galega alevín), a porcentaxe de inscrición de equipos é do 84%.

No caso das femininas, a Preferente si que terá competición ao inscribirse o 78% dos equipos. Nas demais categorías autonómicas (Liga Galega xuvenil, Liga Galega cadete, Liga Galega infantil e Liga Galega alevín) a porcentaxe de equipos inscritos é do 70%.

O Rácing Vilalbés inicia o proceso para renovar a directiva

O Rácing Club Vilalbés comezou xa o proceso de renovación da directiva tralo anuncio o pasado 9 de outubro da dimisión o presidente actual, Francisco Ruiz Rey, e do resto da directiva unha vez que remate a tempada en curso, en xuño.

Para que a transición poda realizarse con tempo necesario abriuse xa o período electoral e deu comezo coa apertura do prazo de presentación de candidaturas nas oficinas do club, situadas no Estado Roca. Esta podería facerse ata o día 14 os luns, mércores e venres entre as 11 e as 13 horas. Para poder ser candidato teñen que ser socios con antigüidade maior dun ano e estar ao corrente cos pagos. As eleccións están previstas para o 19 de marzo nun lugar e horario a determinar. No caso de non presentarse máis dunha candidatura ou de non presentarse ningunha celebrárase unha asemblea extraordinaria o xoves 18 de marzo. Os horarios das eleccións o da asemblea comunicaranse o 15 de marzo.

A IV edición do Trail das Bestas de Muras terá lugar o 11 de xullo

A organización do Trais das Bestas vén de convocar unha nova edición do mesmo para o 11 de xullo, domingo, volvendo á idea orixinal do ano pasado de adiantar a súa celebración so verán e non en novembro como era costume.

A organización fixo esta convocatoria adiantado que se a situación sanitaria empeorara poderían ou cambiálo de dato ou mesmo non celebralo, como o ano pasado.

As inscricións abriranse en abril e, como no podía ser doutro xeito, a proba contará cun protocolo especial para a proba que garantice a seguridade de todos.

A que será a cuarta edición (xa que tiña que ser o ano pasado pero non se celebrou) soe ter un percorrido circular con saída e meta na Área Recreativa da Veiga despois de percorrer un circuito marcado con cinta de balizamento e con sinais de dirección nos cruces a carón da localidade de Muras chegando á



Serra do Xistral no seu punto máis lonxano. A organización establece catro distancias diferentes. A máis dura, de 43 quilómetros; a media maratón, de 27 km, e a curta e a andaina, de 14 km. Todas elas teñen tramos con desnivel.

Tamén se establecen diferentes categorías, sénior masculino ou feminino -dende os 18 ata os 45 anos- e veterano -a partir dos 46 anos tendo en conta a idade que terá o corredor ou corredora a final do ano-. Haberá trofeos para os tres primeiros de ambas categorías.

Catro podios para Friol na Copa Deputación de Atletismo

Estupenda actuación dos integrantes do club Atletismo Friol na 1ª Xornada da Copa Deputación de Atletismo de Lugo e na cal lograron un total de catro podios, no que era a volta do atletismo de competición na cidade de Lugo despois dun ano de ausencia pola pandemia do Covid-19.

Así, na proba dos 800 metros lisos, Cristian Montecelo gañaba con velleza a carreira, marcando na liña de meta un tempo de 2.00 minutos. Xa nas probas disputadas no módulo cuberto do Estadio Gregorio Pérez Rivera, Nerea Montes finalizaba na segunda posición na disciplina dos 60 metros valos, onde marcaba un rexistro de 11.11 segundos, mentras que tamén tomaba parte na carreira dos 60 metros lisos, finalizando na sétima posición cun crono final de 9.18 segundos.

Polo que respecta o seu compañeiro de equipo Alejandro Fernández tamén remataba nas posicións de honra da proba, xa que finalizaba no segundo lugar nos 60 metros lisos cun tempo de 7.69 segundos. Por último, Carla Trillo era segunda no salto de altura cun rexistro de 1.47 metros.

“Superamos as cen fichas, por primeira vez na historia do club”

Diego Pardeiro, Director Deportivo do CD Castro, fala do 40 aniversario

O Club Deportivo Castro cumpriu no pasado ano 2020, 40 anos dende a súa fundación. A situación sanitaria pola covid19 non deixou sitio para moitos festexos, pero malia isto non quixeron pasar por alto o seu aniversario. Diego Pardeiro, Director Deportivo da institución deportiva e máis xogador nas filas do conxunto sénior, conta como puideron conmemorar a sinalada data e como se encontra actualmente o club.

O club acaba de cumprir 40 anos.

Si, no 2020. Nos anos 70 o Castro comezou a xogar na Liga de Inverno e dez anos despois, nos 80 federouse. Para celebrar o 40 aniversario sacamos unhas equipacións novas, tiñamos pesado facer un partido home-naxe na pretempada e varias cousas mais pero a día de hoxe non se poden facer. O patrocinador principal portouse moi ben coma sempre e entraron tres patrocinadores máis.

Como foron os derradeiros anos?

A mellor época recente do club foi no 2016, cando ascendemos a terceira división. Despois pasamos unha época dura, porque descendemos e o club estaba danado. Agora

mesmo o club está nun bo momento, economicamente está saneado e a directiva ten moita ilusión e gañas. Deportivamente tamén melloramos moito dende o ano pasado a este, tanto na base como no primeiro equipo, onde aspiramos a chegar a preferente, que é a categoría na que nos creemos que deberíamos estar.

Como estades a vivir a pandemia?

Malia a emerxencia sanitaria e da difícil situación na que se encontra agora o deporte conseguimos elevar moito o número que licencias. O ano pasado tiñamos sobre 70 e agora mesmo superamos as 100 fichas, a primeira vez na historia do club que se consegue ese número de licencias federativas. Sendo este ano tan complicado, conseguimos formar un grupo benxamín, ademais de manter os equipos nas categorías que xa tiñamos: de alevín a sénior.

Estades adestrando?

Como dicían que íamos xogar empezamos a preparar a pretempada, a base leva adestrando dende setembro e non pararon ata xaneiro cando a Xunta decidiu parar toda a actividade deportiva. Para o mes de

marzo poderemos volver adestrar e incluso a Federación nos comunicou que a base podería competir, non se sabe de que modo, porque a tempada como estaba organizada no se fará, pero algo queren facer e nos encantados. Os sénior tamén estiveron adestrando malia que a Federación tomara a decisión de que non habería competición, nos queríamos competir. Somos 25 formando o banco e, de forma voluntaria, estaban acudindo sobre 20 xogadores aos adestramentos dende diferentes puntos de Lugo dous días á semana. Sen ter previsto competición, non é algo que tódolos clubs poidan dicir. E se tamén poder volver adestrar como a base, tamén o faremos.

Como foi a implantación dos protocolos hixiénico-sanitarios?

No club tivemos só dous casos positivos que viñeron do colexio, pero os contaxios non foron a máis. Dende o primeiro momento comezamos a aplicar o protocolo tal e como se marcou. Miramos a temperatura dos rapaces, desinfección das zonas e materiais, desinfección do calzado... O peor que levan os pequenos e non poder ducharse nas instala-



Membros do club coa nova equipación

cións. Os días de choiva teñen que ir para a casa mollados e con frío, pero todos seguiron os protocolos. Dende os mais pequenos aos mais maiores pórtanse moi ben.

Se se pode, tomaredes a decisión de competir?

Os rapaces levan adestrando seis meses e teñen gañas de competir. O que si que faremos será consultalo antes cos pais, loxicamente teñen que ser os que decidan se os nenos xogan ou non. Estaban moi contentos de que puideran adestrar porque o deporte é fundamental para os pequenos, pero á hora de xogar quizais haberá máis medo. No momento dado que anuncien finalmente se hai competición, falaremos con eles para que decidan o que queren facer.

Cal é o papel do club no eido deportivo de Castro?

Somos o club con mais licencias do Concello, a maioría de nenos que fan deporte o fan no noso club. Tamén

temos pequenos de Cospeito, Pol, A Pastoriza... Ademais do fútbol tamén temos baloncesto e fútbol sala, o fútbol sala feminino está crecendo moito nas derradeiras tempadas. Moitos rapaces, ademais, compaxinan varias disciplinas. Nestes 40 anos sempre tivemos un papel fundamental no deporte de Castro.

É importante a axuda do Concello?

Temos un apoio do Concello absoluto, agora mesmo estanse facendo ás obras para o campo de herba artificial, que o financiaron dende o Concello, a Xunta e a Deputación. É algo que nos fai moita falla porque só temos o campo de herba natural e non nos chega para todas as categorías. Agora estámonos desprazando a Cospeito para poder adestrar. Esperamos que para o verán este rematado, xa que é a data prevista. Ademais temos a subvención da Concellería de Deportes e apoiáronnos cando tivemos que adaptar o estadio aos novos protocolos.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN
Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA
Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES
Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE
Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI
Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSPEITO
Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL
Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa 982 37 10 05

GUITIRIZ
Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA
Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS
Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI
Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL
Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA
Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VIALBA
Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE
Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: www.terrachaxa.com

TELÉFONOS DE INTERESE



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



COLABORACIONES

A voltas co lobo

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Un dos debates que máis paixóns suscita no campo galego é sen dúbida o referido ó lobo. Considerado historicamente como un inimigo de gandeiros, é noticia de actualidade, misturándose voces a prol da súa existencia, avogando por convivir con el, con outras que propoñen un control ou incluso van máis alá, optando por prácticas encamiñadas a reducir considerablemente o seu número no País. Non resulta doado postularse no

litixio en cuestión entre conservacionistas e afectados polos ataques deste animal, a quen o mítico Félix Rodríguez De La Fuente lle atribuíu valores como a nobreza, ademais de resaltar a súa intelixencia. As razóns duns e doutros, de sobra coñecidas e moi ben argumentadas. En primeiro lugar, unha rápida análise das cifras: segundo as informacións facilitadas, estímase que en Galicia existen unhas noventa manadas, o que suporía un número de exemplares de entre seis centos e oito centos. Se establecemos comparacións, en toda Francia, seica non chegarían ó medio millar. Dise que hai presenza de lobos na práctica totalidade do territorio, librándose as zonas máis

urbanizadas e as súas contornas máis próximas.

Se continuamos referíndonos ós datos, estes dinnos que os danos producidos na cabana galega pasaron dos 150 mil euros hai catro anos ata os 230 mil hai só un, resultado das máis de dúas mil tres centas reses –ovellas, vacas, cabalos e cabras- mortas ou inutilizadas pola acción do lobo. E novamente, mirando alén dos Pirineos, mentres as administracións francesas destinaron 32 millóns de euros en axudas, aquí en Galicia sobre seis centos mil. Se son certas estas cantidades, temos por diante un evidente desafío para correxilas. Pero como noutras discusións, agrádecese non porse de perfil.

Cómpre escoitar a todos, defensores por un lado e ... digamos, afectados e cabreados polo outro. Entón, chegamos á segunda parte, na que é obrigatorio preguntarse se o lobo ten que continuar no noso ecosistema. A resposta, en principio, debера ser que si. Como parte do mesmo, ten dereito á súa existencia e levar a cabo medidas que fomenten a súa continuidade é un deber do conxunto da sociedade. A Natureza é sabia e se puxo ó lobo no sistema, este ten que seguir nos nosos montes. Agora ben, queda a segunda parte neste complexo debate. E aí cómpre escoitar ós damnificados, que son as vítimas dos ataques deste animal, os gandeiros, que cada ano suman perdas considerables,

realidade que este castigado sector non se pode permitir o luxo de padecer. O lobo é importante para o ecosistema, pero a gandeiría e as familias que viven dela tamén o son e merecen atención e protección. E coma sempre, temos exemplos reais, con rostro e historia, que dan a todos auténticas leccións de sabedoría. Neste caso, un rapaz de pouco máis de vinte anos, o gandeiro vilalbés Xabier Paz, quen saíu á palestra cunha carta pública na que emprazaba ós xestores das distintas administracións a que calzasen as botas e viñeran á aldea. O primeiro grande paso na procura de solucións estaría dado, escoitando a xente como este mozo. Tomen nota quen corresponda.

Compañeiros de feiras

A CASA DOS MARIOS



Moncho Paz

As feiras foron sempre eventos sociais, lugares de encontro e de intercambio de mercadorías; pero tamén teñen o seu carácter cultural, pois co transcorrer do tempo acolleron actos lúdicos de todo tipo. Na segunda metade do século XX asistimos a un movemento de forte emigración interna, de abandono do rural cara ás grandes vilas e cidades. Unha das consecuencias deste éxodo foi a proliferación das feiras, que chegaron a superar o cento no conxunto da xeografía galega durante aqueles anos. Soamente na bisbarra da Terra Chá destacaban as de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba e Xermade.

Cara a finais da década de 1950, Vilalba comezou a vivir unha grande transformación, sobre todo no eido urbanístico, que mudaría por completo a paisaxe da vila e tamén parte da súa historia e identidade, xa furtada en grande medida polo réxime franquista tras o golpe de Estado de 1936. Había moito traballo, tanto na construción de vivendas sociais como nas obras civís, mais os albaneis estaban mal remunerados e non contaban con ningún tipo de seguro, polo que moitos rapaces quedaban mancados e sen cober-

tura sanitaria, algún incluso mutilado por mor da inseguridade e da precariedade laboral. Iso provocou que moitos deles buscasen outras saídas para gañar o pan e forxar un futuro mellor para as súas familias. Antes de morrer, o meu avó Mario Xosé deulle o seguinte consello aos seus tres fillos: "Traballen duro, merquen o edificio do Crisanto ao pé da Pradia e non se metan en política". E así o fixeron, comezando por incrementar a súa actividade comercial a través da presenza continuada en feiras e mercados, para o que contaron cun grupo de colaboradores de confianza -na súa meirande parte amigos da infancia- aos que ofrecían bos salarios para gratificar adecuadamente o esforzo realizado e manter a motivación. Os máis significativos foron Ramón Maseda "o Tranquilo" e Silvestre Beceiro "o Beti".

O Tranquilo comezou a traballar para a Casa dos Marios cando estes aínda tiñan a tenda na rúa Xardíns. O seu quefacer consistía en ir ás feiras co meu pai e co Beti. Se cadaban dúas na mesma data, tamén os acompañaba o meu tío Cándido. No mesmo furgón facían a carga para ambas as dúas feiras: na primeira quedaban os dous Ramóns -o Chavito e o Tranquilo- mentres Cándido e Silvestre continuaban para a seguinte, para pasar recollelos á volta. Os principais produtos que ofertaban eran xamóns, chourizos, queixos, manteiga, bacallau e viño. Ramón Maseda era fillo da Enri-



queta e neto do Antón da Amalia. Criouse entre os fornos e as feiras, ese oficio de levar e traer, de carrexar e de gañar a vida axudando; de mozo, e xa residindo na rúa do Sol, aprendeu a conducir co Ezequiel do Pardeiro, comezou a traballar con el guiando o camión e sacou o carné de chofer que, por aquel entón, abríralle moitas posibilidades no mundo profesional. Aínda que se coñecía polo alcume "o Tranquilo", en realidade era un home inquedo e aventureiro. Ao igual que outros familiares, decidiu buscar novas oportunidades e marchou a Barcelona, onde se establecera unha numerosa colonia de chairegos. Alí tivo varios empregos, sendo o máis salientable o de repartidor para a empresa Coca-Cola. Despois enrolouse na Mariña Mercante, traballo moi ben

retribuído naquel momento, e xunto con outros galegos -nun crisol de nacionalidades- percorreu as cidades portuarias de todo o mundo; logo de varias travesías recalou de novo na capital catalá, e foi entón cando recibiu a nova de que a Casa dos Marios ampliara o seu volume de negocio e precisaban xente, polo que decidiu regresar a Vilalba. Pola súa banda, Silvestre Beceiro vivía no barrio dos Castros, na rúa que levaba ao vello cemiterio, e a súa familia gañábase a vida mercando e vendendo peixe frito polas feiras da contorna. Afeccionado aos cómic, na súa xuventude percorría o barrio natal e tamén o das Fontiñas cunha morea de revistas de historietas dentro dun cesto, que vendía ou intercambiaba con outros rapaces, entre eles o escritor Agustín Fernández Paz, quen anos máis tarde

recollería esta anécdota no libro de relatos O rastro que deixamos. Traballador, madrugador e cumpridor -así o lembran hoxe todos os que o coñeceron- co tempo pasou a converterse no home de confianza do meu pai. O Beti sempre estaba dispoñible para todo, tanto podía atender aos clientes detrás do mostrador do ultramarinos -con Sagrario Guntín e Antonia Prieto- como axudar na confeitaría ou na fábrica de chocolate. Un día coñeceu na tenda a unha rapaza natural de Carballido que viña mercar doces e quedou namorado dela. Era pequerrecha, leda e fermosa, chamábase Adelina e traballaba en Barcelona, de onde regresaba de cando en vez para visitar á súa familia. E cando ela viña, o Beti collía apresurado un taxi e ía buscala á casa dos seus pais, para convidala a ver películas no Teatro Vilalbés e dar longos paseos xuntos. Casaron aos tres meses de coñecerse e establecéronse en Vilalba, onde nacerían os seus fillos. Porén, o destino xogoulles unha mala pasada e Silvestre Beceiro finou de súpeto cando contaba trinta e catro anos de idade, mentres a súa dona agardaba o nacemento do terceiro fillo. O Beti marchou nunha tarde de setembro de 1973; aínda que eu era un meniño, nunca esquecerei o desgusto do Chavito cando lle deron a mala nova do seu pasamento. As vivencias do meu pai co Silvestre e os seus compañeiros de feiras formaron parte das estampas habituais da miña infancia.

Sobre a Asociación Cultural Rosalía Castro de Barakaldo

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

O pasado 24 de febreiro celebramos o nacemento de Rosalía Castro e viñeron á miña memoria e a miña nostalxia aqueles anos oitenta do século pasado, anos nos que a maior parte dos Centros Galegos e Casas de Galicia de Euskal Herria dedicábanse mais ao folclore e á gastronomía que á cultura e a darlle valor o noso, o noso idioma e as nosas tradicións, cando eramos rapaces e rapazas novos, con un futuro por diante, con bríos e ilusións e intentamos traballar neles para levalos por ese camiño da cultura. Con esa intención, José André López González (André da Ponte, o investigador que recuperou o Apalpador) e mais eu, exercemos de Secretario e Delegado de Cultura respectivamente na Casa de Galicia de Santurtzi durante os anos 1981 e 1982. Conseguiamos facer cousas importantes, xa que por alí pasaron personaxes da talla de Manuel María en dúas ocasións, Felipe Senén e O Mago Antón; creamos un cineclub polo que pasaron Mamasunción, Fendetestas, O carro e o home e o resto dos poucos curtos con que contaba daquela a filmografía galega; recuperamos o Día das Letras Galegas, festas populares como os magostos e os entroidos, integrando a Casa de Galicia na sociedade vasca sen perder as nosas raíces, deixando de ser un gueto e facéndonos respectar. Pero aquilo era un "senvivir" e tivemos que deixalo.

Foi entón, en marzo de 1983, cando nos xuntamos con outra morea de rapazas e rapaces de Barakaldo e de Bilbao, que tiñamos os mesmos anxeos, fundamos a "Asociación Cultural Rosalía Castro" en Barakaldo, na que, empecei e rematei sendo o seu secretario, salvo nun período de dous anos nos que Xosé Antón Chamborro Martínez desempeñou ese cargo. Esta Asociación, ao igual que o "Fato Cultural Daniel Castelao" de Trintxerpe, foron (e o Fato aínda segue sendo) un fito na reivindicación da nosa cultura, do noso idioma e da nosa dignidade en Euskal Herria.

Con ela empezamos a recuperar as festas populares dos magostos e os entroidos, vestindo corozas de palla e con caretas deseñadas e feitas por nós; traendo incluso traxes de cigarróns de Laza e organizando pequenos actos teatrais como o



que gañou un premio no "Desfile de Carnavales" de Bilbao, no que participou tamén o grupo de mimo e pantomima Ancoradouro, de Xosé Vázquez Pintor, que trouxéramos aquel ano para actuar en varios pobos.

A edición de revistas e de libros foi outra das nosas actividades. En 1985, con motivo do centenario do pasamento de Rosalía, sacamos á rúa o número cero da revista "Esmorga", co subtítulo "Rosalía cen anos despois", en galego éuscaro e español, na que colaboraron Avilés de Taramancos, Manuel María, Carballo Calero, Francisco Carballo, Xosé Estévez, María Pilar García Negro, o dramaturgo vasco Antonio María Labaien, o debuxante Xaquín Marín, Antón Rodríguez Castro e Francisco Rodríguez.

Despois, a partir do 1989 seguimos editando a revista "Esmorga", dirixida por Milo Mosteiro, que deixabamos polas tendas e bares galegos para que a repartiran gratuitamente entre os seus clientes. A edición de libros encetou en maio de 1990 co poemario, "Onde o vento leva un soño de carpazas", de José André López González, con un precioso limiar de Manuel María. Despois veu o libro "Saturno" de Manuel María. Un longo poema que o poeta chairego lle enviou a José André para publicar na revista da facultade de periodismo da Universidade do País Vasco (UPV/EHU), pero ao non podela publicar decidimos convertela nun libro bilingüe, traducido ao éuscaro por Edorta Jiménez. Mais tarde saíron os libros de poemas de Andoni Vázquez Tierra: "O fume das cinzas", con unha introdución deste que escribe e prólogo de Manuel María, e o "Inventario esquencido da existencia", con prólogo de Xosé Estévez.

Ademais tiñamos unha exposición e venta permanente de cerámica de Bonxe, Buño e Niñodaguia,

que nós mesmos mercábamnos cando íamos de vacacións, e do libro galego, na nosa sede social da rúa Zuberoa Nº 8-2º dereita de Barakaldo, xa que tanto Edicións Xerais como Galaxia deixábanos os libros en depósito, que logo lles íamos pagando segundo íamos vendendo. Esta exposición trasladábase a diferentes pobos da provincia de Bizkaia (que era o noso ámbito de actuación) en coches dos socios e as portas que recollíamos cando alguén as cambiaba na casa, que montadas en cabaletes nos servían de mesas, levábanolas o compañeiro Lois Varela na súa furgoneta. O traballo era inmenso, pero tamén era un xeito de sacar algún diñeiro para poder facer outras cousas, pois esa venta de libros e cerámica deixábanos uns cartos moi necesarios para poder seguir.

O presuposto da Asociación Cultural consistía nese diñeiro que conseguíamos a base de traballo, as cotas dos socios e algunha que outra subvención da Deputación de Bizkaia ou dalgún concello no que facíamos diferentes actos. Sobre dicir que da Xunta non recibíamos nada. Non tiñamos o poder económico dos Centros Galegos e Casas de Galicia, pero esa carencia suplíamola a base de traballo e a nosa actividade era moito maior. Ese traballo fixo que daquela tamén eles empezaran a imitarnos e recuperar algunha festa como a dos magostos e o Día das Letras Galegas, que agora xa celebran en español sen ningún rubor e que algún Centro converteu en "Feira das Letras", que aínda non sabemos moi ben o que quere dicir. Unha pena que esta Asociación Cultural Rosalía Castro non tivera continuidade, pois hoxe, a maior parte deses Centros e Casas de Galiza seguen, ao igual que Feixoó, enalzando o alleo e desprezándose a si mesmos.

a elección de...



Ainara Pérez Losada
Concelleira de Igualdade de Guitiriz

un libro



El color púrpura de Alice Walker

un disco



Blonde on Blonde de Bob Dylan

unha película



La lista de Schindler de Spielberg

un personaxe histórico




Simone de Beauvoir

un lugar para visitar



Florenzia

unha afección



Pintar

unha comida



Polbo á feira

unha bebida



Auga

Consulta os eventos en:
www.terrachaxa.com

Tahona Currás

"Haz un regalo especial, regala desayuno"




Cestas de desayuno personalizadas

Información y encargos:
620417383

San Roque 3
Novo Cazon 12

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

Nacemento do Miño: O Pedregal de Irimia ou Fonmiñá



Miriam Fernández

Sen dúbida, o río Miño é o torrente de auga máis importante e caudaloso de todo Galicia e un dos máis importantes de España, coñecido agarimosamente polos galegos como o “Pai da nosa Terra”. Ó longo dos seus 318km de canle principal, o río Miño percorre tres das provincias da nosa comunidade (Lugo, Ourense e Pontevedra), actuando nos seus últimos 78 km como fronteira natural e administrativa con Portugal antes de desembocar no Atlántico. No seu camiñar recibe tamén as augas de varios ríos coma o Ladra, o Avia, Tea, Louro, Neira, Arnoia, Mouro e Coira, entre outros, e cun afluente principal, o Sil, aportándolle o dobre de caudal na súa confluencia (Os Peares).

Durante moitos anos o debate sobre o nacemento do Miño estivo marcado por diferentes hipóteses e en base a dúas localizacións situadas en dous concellos veciños, Meira e a Pastoriza, as cales defendían respectivamente como orixe independente os lugares do Pedregal de Irimia e a Lagoa de Fonmiñá. Co obxectivo de aclarar estas dúbidas, xeólogos e expertos en hidrografía instalaron medidores en distintos puntos da Serra de Meira e na Lagoa para comprobar a profundidade das fontes, concluíndo que a Serra e o Val de Meira están situados sobre unha gran balsa de auga que



Arriba, a lagoa de Fonmiñá e o Pedregal de Irimia e, abaixo, a estatua de Breogán

aflora a pouca profundidade en distintos puntos, establecendo o Pedregal como a fonte inicial e máis elevada.

Por tanto o correcto é afirmar que o río Miño nace no Pedregal de Irimia, Concello de Meira, a uns 695 metros de altitude e ós pés do Pico do Forno de Martín, baixo

O río Miño nace no Pedregal de Irimia, a uns 695 metros de altitude e ós pés do pico do Forno

unha colada de pedras de tipo periglacial depositadas de forma natural fai miles de anos por linguas de xeo, as cales se distribúen de forma descendente ó longo duns 700 metros cunha característica forma de embude. No remate desta formación xeolóxica saen á vista as primeiras augas do Miño, as que pouco a pouco irán sumán-

doselle outras fontes como as do Porto da Pena, a do Rego de Feás, a de Regolongo, Fonte da Pena, Valiña, Paredes, Fonmiñá, etc.

Como se cabía esperar, esta imaxe singular na que as rochas e a auga son as protagonistas, deu orixe a diferentes lendas, como a que atribúe a presenza de tantas pedras a unha Gorgona que petrificou homes, á meiga Irimia que as colocou alí para impedir que os monxes de Meira puidesen beber daquelas augas (xa que a querían expulsar do lugar por non pagarlles a renda), ou a que conta que foi obra do mesmo díaño que se chegou ata o lugar cos seus secuaces, cargados de pedras para tirarlles ós monxes, máis os rezos deses fixéronos fuxir deixando o cargamento atrás. Outra historia famosa fala sobre un matrimonio mal levado e o conxuro da dona contra o seu home no que uns paxaros enormes comezaron a guindarle pedras, baténdolle cunha delas na cabeza e tirándoo ó chan. Do sangue que saíu da cabeza do bo do home xurdiría o río Miño.



Aínda que o propio nacemento do Miño teña orixe en Meira, pódese dicir que a Lagoa de Fonmiñá na Pastoriza é a fonte máis coñecida e importante daquelas que se suman ó caudal do Miño pouco despois de nacer. Esta alberca é unha afloración de augas profundas de 350 m², de orixe cárstico e nela emerxe a auga subterránea en distintos puntos, perceptible por medio de burbullas que soben cara a superficie da auga coñecidos coma “os ollos do Miño”, característica que seguramente creou a idea de que o río se orixinaba aquí. Arredor da lagoa creouse unha fermosa área recreativa aproveitando a importancia paisaxística que a inclúe na Reserva da Biosfera, con pasarelas de madeira e roteiros de sendeirismo que nos permiten contemplar a riqueza natural da zona e os arredores. En 1969 Magín Picallo e Manuel Mallo crearon o conxunto escultórico dedicado ó deus Breogán e que se instalou nas inmediacións.

As lendas tampouco son alleas a este enclave, pois existen relatos



sobre un pobo asolagado do que aínda resoan as campás e sobre unha parella de bois cun carro e o dono que se somerxeron nas augas para nunca máis saír a flote. Deixando os debates a parte, tanto o Pedregal de Irimia como a Lagoa de Fonmiñá son dous enclaves importantes da xeografía lucense que forman parte esencial da historia da nosa Terra e do noso “Pai Miño”, así coma de todo o patrimonio natural, material e inmaterial que arredor se orixinou ó longo dos séculos.



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

Cursos y Certificados

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05